

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día trinta de setembro de dous mil dezaseis, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Manuel Doval Soto, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Antonio Montero Fernández, don Juan Anta Rodríguez, don Miguel Antonio Cid Álvarez, dona Consuelo Vispo Seara e dona M.<sup>a</sup> Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don Miguel Bautista Carballo, dona Elvira Lama Fernández, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Vicente Gómez García, don Adolfo González Nóvoa e don Francisco José Fraga Civeira, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

Non asiste a deputada dona Ana María Villarino Pardo, do Grupo Popular.

O deputado de Democracia Ourensana, don Gonzalo Pérez Jácome, estivo ausente na votación dos puntos sexto, sétimo, oitavo e noveno da orde do día.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense: <http://videoacta.depourense.es>

### **1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 30 DE XUÑO DE 2016.-**

A Presidencia preguntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 29 de xullo de 2016, que foi distribuído coa convocatoria da sesión.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG,** di que quere formular unha cuestión de orde sobre un asunto do que xa se ten falado máis veces, e di que o tratamento que se está a dar ás mocións que presentan os grupos da oposición non é o

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

axeitado, e considera urxente abordar unha modificación do Regulamento Orgánico para que isto fose doutro xeito; di que ao longo da sesión de hoxe teremos exemplos dabondo do que está a dicir, polo que pide que conste en acta a petición do Grupo do BNG para que se abra un debate para a modificación do Regulamento Orgánico co fin de que as mocións dos grupos da oposición teñan un tratamento diferente, para que non suceda o que vai suceder neste Pleno, no que quedarán totalmente desvirtuadas por emendas do grupo maioritario.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto primeiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto primeiro](#)

Non se formulan máis intervencións, someténdose a votación o borrador da acta do 29 de xullo de 2016, que é aprobada por unanimidade.

**2º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, DO INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E DOS CONSORCIOS ADSCRITOS Á DEPUTACIÓN, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2015.-**

A Sra. Interventora dá conta do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG,** di que a conta xeral non deixa de ser a expresión numérica pechada da execución do orzamento e, por tanto, do proxecto político do Sr. Presidente; e dado o desacordo do BNG cos orzamentos e xeito en que se están a xestionar as cousas nesta casa, votarán en contra da conta xeral, por coherencia.

**Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana,** anuncia a abstención do seu grupo, porque aínda que ten razón o portavoz do BNG en canto a que a conta é a expresión numérica ou o resumo cuantitativo da execucións dos orzamentos, non deixa de ser un documento técnico ao que, como tal, non teñen nada que obxectar.

**Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista,** anuncia o voto en contra do seu grupo, compartindo os argumentos expostos polo portavoz do BNG (comenta ademais que tamén comparten o sinalado por este mesmo portavoz na cuestión de orde

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

exposta ao inicio da sesión, porque o Grupo Popular ten maioría suficiente para facer o que lle pete coas mocións da oposición, pode aprobalas ou rexeitalas, pero o que non obedece a ningunha canle democrática é que as distorsionen mediante emendas, polo que manifesta que é necesario reformar o Regulamento Orgánico nese senso, xa que coa situación actual non ten sentido a presenza dos once deputados da oposición aquí, que representan a bastantes miles de persoas da provincia). Con respecto á conta xeral, votarán en contra por coherencia co voto contrario aso orzamentos, engadindo que é certo que a conta xeral é un documento técnico, pero xa é difícil saber a qué orzamento corresponde ese documento técnico, dadas as múltiples modificacións que sofren os orzamentos ao longo do exercicio.

**Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, di que a conta xeral conta con todos os informes favorables e non se formulou ningunha alegación durante a súa exposición pública; engade que, como semella que está de moda dicir que non a todo, o resultado orzamentario de 2015 foi de 18,3 millóns de euros, o remanente de tesourería foi histórico, con 26,7 millóns de euros, os fondos líquidos cos que se rematou o exercicio superaban os 32 millóns de euros, o período medio de pagos conseguimos baixalo a doce días, e pregúntase que estará por encima de nós neste dato, e o endebedamento estaba no 35 %, dato que se está a mellorar actualmente. Polo exposto, non logra entender cómo é que os grupos da oposición votan en contra, pero supón que o guión político é ese.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto segundo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto segundo](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (13), a abstención de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar as contas xerais correspondentes ao exercicio 2015 de acordo co establecido no artigo 212.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, co seguinte detalle:

**Primeiro.- Conta Xeral da Deputación Provincial de Ourense** do exercicio 2015, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 18.333.902,90 €

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

- Remanente de tesourería para gastos xerais: 26.726.742,37 €
- Balance de situación: 2.699.579,62 €
- Resultado económico patrimonial: -191.062.558,33

Segundo: **Conta Xeral do Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico** do exercicio 2015, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 453.161,76 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 585.411,18 €
- Balance de situación: 17.457.015,50 €
- Resultado económico patrimonial: 742.548,01

Terceiro.- **Conta Xeral do Consorcio para o servizo contra incendios e de salvamento da comarca de Verín** do exercicio 2015, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 7.566,24 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 214.108,69 €
- Balance de situación: 3.137.505,27 €
- Resultado económico patrimonial: 5.963,24 €

Cuarto.- **Conta Xeral do Consorcio contra incendios e de salvamento das comarcas do Carballiño e do Ribeiro** do exercicio 2015, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 8.639,88 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 49.131,58 €
- Balance de situación: 2.160.183,62 €
- Resultado económico patrimonial: -53.333,20 €

Quinto.- **Conta Xeral do Consorcio contra incendios e de salvamento da Limia** do exercicio 2015, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 26.957,17 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 50.074,51 €
- Balance de situación: 1.169.478,60 €
- Resultado económico patrimonial: 431.922,20 €

Sexto.- **Conta Xeral do Consorcio contra incendios e de salvamento de Valdeorras** do exercicio 2015, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 101.048,98 €

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

- Remanente de tesourería para gastos xerais: 171.366,49 €
- Balance de situación: 596.474,77 €
- Resultado económico patrimonial: 58.500,38 €

Sétimo.- **Conta Xeral da agrupación de consorcios de incendios Verín – A Limia** do exercicio 2015, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: 1.787,07 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: 21.817,60 €
- Balance de situación: 24.300,83 €
- Resultado económico patrimonial: 1.787,07 €

Oitavo.- **Conta Xeral do Consorcio de augas de Valdeorras** do exercicio 2015, da que se obteñen os seguintes datos:

- Resultado orzamentario axustado: -127.079,72 €
- Remanente de tesourería para gastos xerais: -180.366,08 €
- Balance de situación: 1.719.699,04 €
- Resultado económico patrimonial: -258.605,32 €

**Segundo.-** Proceder á rendición da conta xeral correspondente ao exercicio 2015 ao Consello de Contas de Galicia, cumprindo co preceptuado no artigo 212.5 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo

### **3º.- APROBACIÓN INICIAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DA DEPUTACIÓN PARA O EXERCICIO 2017.-**

O Sr. presidente anuncia que se presentaron dúas emendas ao ditame da comisión informativa.

O Sr. secretario, en primeiro lugar, dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial. Seguidamente dá lectura ás emendas ao dito ditame de 28 e 29 de setembro de 2016.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG**, di que resulta insólito que a Deputación se obstine en traer a aprobación unha RPT rexeitada por todas e cada unha das partes sindicais presentes na mesa xeral desta deputación, porque todos os

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016**

sindicatos están en contra da RPT, e o que fai o goberno provincial é enrocarse nas súas posicións e tirar cara adiante, non sendo conscientes, ou si, de que esta RPT pode ser impugnada e polo tanto quedar se efecto, co efecto negativo que iso pode ter no orzamento xeral que ven a aprobación. Di que a proposta de RPT para o 2017 non é unha simple modificación de andar por casa, e supón un cambio profundo na relación de postos da deputación, o que obriga a abrir un proceso de negociación, como así o di a extensa xurisprudencia existente ao respecto, e non é normal que cos cambios que se introducen (agora mitigados coa desaparición das fichas) se someta á deliberación da mesa de negociación un proxecto de RPT con tan pouco tempo de marxe (foi presentado o 1 de setembro aos sindicatos). Di que o goberno provincial pretendía que a través dunha mera aparencia de negociación, a parte sindical validara o seu proxecto, cousa que non aconteceu en ningunha das tres reunións mantidas desde entón, e só recuaron nunha cuestión, que supuña o cambio máis importante na RPT, a raíz da ameaza da CIG, a retirada das fichas. Pero iso non limpa o feito de que non houbera negociacións no restante, de aí que os sindicatos propuxeran abrir un período de negociación ao que o goberno provincial se negou. Di que todos os sindicatos votaron en contra e os representantes da Deputación pretenderon arranxar o asunto, convocando unha nova reunión por urxencia para onte xoves, reunión á que novamente os sindicatos lles dixeron que non tragaban coa súa proposta. Engade que, aínda que nun senso estrito non ten a ver coa RPT, tamén lle gustaría abordar unha cuestión como o concurso recente (feito en época electoral para máis INRI) para a convocatoria de 126 prazas nesta Deputación, e di que estamos diante dun novo proceso de enxeñería laboral nesta deputación, pois ao que vostedes lle chaman concurso é nin máis nin menos que un proceso de promoción interna encuberta, pero se lle chama concurso, porque así non estamos suxeitos á restrición do 25% que a lei marca para este tipo de procesos, xa que de ser promoción interna só poderían saír 31 prazas, e con iso non se podería dar satisfacción ao importante número de estómagos agradecidos que hai dentro do entramado de persoal desta deputación. Di que dende o BNG rexeitan este proceso por dous motivos: por razón da oportunidade, pois esta é a fórmula que o goberno provincial elixe desde hai tempo para premiar aos traballadores/as máis fieis á causa, e segundo por unha cuestión estritamente xurídica, e pregúntase qué vai pasar coas 126 prazas que quedan vacantes, e di que lle gustaría que dera resposta a esta cuestión. Continúa dicindo que este

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

remedo de concurso é unha mentira revestida de legalidade, pensada para premiar a algúns traballadores/as cun posto de traballo mellor remunerado, e realmente o que se valora non é a capacidade senón o grao de fidelidade a vostede, non hai outro mérito contraído, e que isto é así porque a este concurso só van poder concorrer aqueles que pertencen, non ao mesmo grupo, que sería a referencia tal e como di a nova normativa en materia laboral, senón aqueles que teñan a mesma categoría, co que o PP xa non cumpre nin coas leis que poñen en marcha, con tal de que iso beneficie aos seus intereses.

**Don Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de DO**, di que antes de entrar a falar da RPT, DO quere manifestar a súa máis enérxica protesta pola negativa a incluír na orde do día unha moción do seu grupo, co argumento de que era unha moción de broma, e cre que iso é unha falla de respecto tremenda, porque unha broma é o que fai aquí o Sr. Presidente cando di que foi de observador internacional á convención do Partido Demócrata dos EE.UU., porque foi alí de espontáneo, púxose no galiñeiro e logo veu vendendo a moto de que estivo de observador internacional. Di que coa retirada desta moción, Ourense acaba de perder a oportunidade histórica de colocar un busto de Baltar en cada colexio da provincia, porque o seu grupo non vai volver traer a pleno esa moción. Entrando no asunto da RPT, di que o portavoz do BNG dixo que os sindicatos non estaban de acordo coa RPT, pero si a RPT a fíxese DO os sindicatos estarían aínda menos de acordo, porque para eles sobra o 90 % do cadro de persoal da Deputación, co que o 90 % da RPT está mal feita, e se algún día chegan a gobernar aquí anuncia que farán un expediente de regulación de emprego en torno a esa porcentaxe. Con respecto ao concurso en época electoral, di que lles parece a típica *jeta* de sempre, porque é unha promoción interna de traballadores para tentar gañar uns *votiños*, pero á vista dos resultados electorais das eleccións do domingo non facía falla facer iso, porque o PP ía gañar igual, co que se trata de malversación de diñeiro público para rabuñar uns poucos votos máis. Noutra orde de cousas, di que onte foi o pai do Sr. Presidente a declarar ao xulgado, e como non puido falar cos avogados de DO sobre o asunto, pregúntalle ao Sr. Presidente que qué tal lle foi.

**Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que o seu grupo non comparte a RPT, por unha cuestión que sempre fan explícita, e é que a RPT vai unida aos propios orzamentos, co que si xa van votar en contra dos orzamentos, porque entenden que se poderían facer doutro xeito, tamén entenden que a política de persoal se

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

podería facer doutro xeito, e por tanto votarán en contra da RPT. O seu grupo non cre que sobre o 90 % do cadro de persoal, pero ao mellor o que si sobran son actitudes cara a eses traballadores que son as que fan que os sindicatos estean en contra desa RPT. Di tamén, como sindicalista militante, que os sindicatos nesta institución poden facer máis traballo, e que ese labor correspóndelle ás organizacións sindicais e non pode facela un partido político por eles. Con respecto ao concurso, di que o PSdG –PSOE xa o dixo publicamente, e non é ningunha novidade, que están en contra, en primeiro lugar, de que se fixera o concurso ás agachadas (por moito que puidese ser algo necesario ou ao abeiro da legalidade), no mes de agosto, cando a Deputación non ten actividade política, e sen dar conta en comisión, onde se os grupos tivesen a información poderían trasladarlle á opinión pública outra visión dese concurso sen entrar en contradición do grupo de goberno, evitando así que se interpreten mal as cousas, porque puido haber moita xente que entendese que ese concurso era de libre acceso, cando non o era, e polo tanto se estivo informando mal á xente e aos grupos da oposición; e en segundo lugar fíxose en período electoral, ou que pode tamén dar lugar a que se pense que o concurso obedece a cuestións como as sinaladas polo portavoz do BNG. Di que xa comentou en comisión que xa veremos cantas desas prazas quedan desertas, e se verá si era un asunto tan urxente como para traelo en agosto, porque logo haberá papeis que calen bocas. Reitera o seu voto en contra, polo argumento principal da súa relación cuns orzamentos que non comparten.

**Don Jorge Pumar Tesouro, portavoz do Grupo Popular,** di que estamos ante unha RPT continuísta, que recolle as liñas xerais de organización e o sistema de valoración xa consolidado nesta institución, introducindo con respecto á RPT anterior simplemente modificacións de carácter organizativo e puntual, e tendo en conta as suxestións e observacións dos directores de área e dos xefes de servizo da administración provincial. Trátase dunha proposta negociada e falada en distintas reunións da Mesa Xeral de Negociación, das que logo falará. Di que a proposta presentouse o día 1 de setembro, tras un gran traballo da directora xeral de RR.HH. para ter listo o documento da proposta en época estival, e nesa data se presentou ante a Mesa Xeral, e logo foi ditaminada en comisión o 21 de setembro, e paralelamente se realizaron cinco reunións da Mesa Xeral, os días 1, 16, 21, 28 e 29 de setembro. Di que dende o equipo de goberno tendeu a man en todo, falouse con tódalas organizacións sindicais, coa Xunta de Persoal, co Comité de



|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

Empresa, e expuxeron as súas inqedanzas, e algunhas delas foron asumidas polo equipo de goberno, recolléndose nas emendas das que deu conta o secretario da Corporación. En canto ás retribucións, di que se manteñen as mesmas xa existentes, co incremento do 1 % que se espera estableza a lei de orzamentos xerais do Estado para 2017.

**Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que lle parece moi ben a explicación que da o Sr. Vicepresidente 2º, pero en relación co tema dos sindicatos di que o problema ás veces non é o que son os traballadores desta casa, nin que sobren tantos como se di, senón que ao mellor o que sucede é que as diferenzas retributivas son as que son, como se ten sabido por certas noticias que apenas se difunden malia a súa importancia, porque o que sucede é que a persoa encargada de resolver esas reclamacións, que ás veces son mínimas, cobra máis de 80.000 euros ao ano, ese é o gran problema, e iso é ao mellor o que teñen que poñer sobre a mesa os traballadores e os sindicatos, e ser valentes, porque o señor que está falando agora e que está levando esas negociacións é o político que cobra máis nesta provincia e nesta comunidade autónoma, máis que o presidente do Goberno e máis que o presidente da Xunta e máis que o seu propio xefe, ese é o problema e iso é o que hai que dicir, porque este señor non pode cobrar esa cantidade de cartos, e por iso o di, alto e claro, para que conste, porque logo se anda falando por aí do que cobramos os demais cando este señor cobra 80.000 euros ao ano.

**Don Jorge Pumar Tesouro, portavoz do Grupo Popular**, di que do que trata a orde do día é da aprobación inicial do proxecto da RPT, e que posteriormente a esta aprobación se abrirá un prazo de alegacións durante o que calquera traballador, calquera grupo político e calquera organización sindical poderá facer as achegas que considere oportunas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto terceiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto terceiro](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (13) e o voto en contra do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a Relación de Postos de Traballo 2017 do persoal da Deputación Provincial de Ourense, segundo o proxecto formulado pola Presidencia en data 29

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

de setembro de 2016, que incorpora ao proxecto do 1 de setembro as modificacións introducidas polas emendas da Presidencia do 28 e 29 de setembro de 2016.

2º.- Someter a información pública, durante o prazo de 20 días hábiles, o documento inicialmente aprobado, mediante anuncio no BOP, para a formulación de alegacións ou reclamacións. Se transcorrido o prazo de información pública non se formulan alegacións ou reclamacións, entenderase automaticamente aprobada de forma definitiva. Se se formulan alegacións ou reclamacións estar serán resoltas polo Pleno.

#### **4º.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2017.-**

O Sr. presidente anuncia que o BNG presentou unha emenda á totalidade do orzamento e dálle a palabra á Sra. interventora.

A Sra. interventora dá conta do contido do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía, e da documentación integrante dos orzamentos da Deputación e do INORDE. Informa de que os orzamentos consolidados se presentarán cando estean aprobados os orzamentos dos consorcios adscritos á Deputación Provincial.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG**, di que para o grupo provincial do BNG estamos diante da pura improvisación orzamentaria, porque o Sr. Presidente, con tal de presumir dicindo que é o primeiro en aprobar o orzamento (cosa que non ten o máis mínimo valor, dado que o orzamento non entra en vigor ata o 1 de xaneiro do ano seguinte) aproban un remedo de contas sen saber, nin tan sequera por aproximación, canto van recibir do Estado nin da Xunta, nin sequera ter cuantificadas algunhas das obrigas coas que se vai atopar o ano que ven. Di que estes orzamentos son, en definitiva, un copia e pega dos de anos anteriores, en definitiva un orzamento ao servizo da política clientelar e da propaganda. Cualifícaos como os orzamentos da resignación, e sinala que como son un copia e pega dos orzamentos do ano pasado, e dos anteriores, tamén é moi difícil dicir algo distinto ao expresado por este grupo ao longo de tantos anos de debate orzamentario. Continúa dicindo que das realidades obxectivas e tanxibles, cos datos na man, podemos dicir a día de hoxe que a Deputación Provincial é máis pobre, patrimonialmente falando, produto do espolio producido no seu día no predio Santamarina e da constitución daquel

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016**

organismo – Urbaourense - que ía ser a panacea a todos os nosos problemas e que acabou xerando un burato de máis de 22 millóns de euros. Di que son tamén os orzamentos dun modelo privatizador ao servizo da súa política clientelar, porque o Sr. Presidente estalle a dar concreción a un camiño xa iniciado polo seu predecesor, o da privatización da meirande parte dos servizos desta institución; e son tamén os orzamentos da teimosía, porque persiste, a pesares de non servir para o seu cometido e xerar un déficit cada vez maior, en manter determinados organismos desta deputación, como o INORDE, ao que dedica inxentes recursos (1.650.000 euros), organismo que, ademais de ter como único éxito a colocación de familiares de cargos públicos do PP, ten demostrado a súa incapacidade, como así indican ano tras ano os indicadores que nos sitúan como a penúltima provincia en desenvolvemento e benestar de todo o Estado. Tamén os cualifica como os orzamentos da ficción, dado que o que hoxe aprobamos aquí cos votos do PP, ten pouco ou ningún valor, pois vostedes teñen xa deseñado outro orzamento paralelo (o de verdade), mediante sucesivas modificacións de crédito para beneficiar sistemática e reiteradamente aos concellos do Partido Popular, e iso é ao que o BNG chama a sublimación do clientelismo e partidismo, porque o Sr. Presidente non goberna para todos, senón para os concellos do seu partido, e nin tan sequera para todos eles. Continúa dicindo que son tamén os orzamentos da propaganda ao servizo do Sr. Presidente e ao do seu partido, e sinala que estaría ben facer un balance do feito no ano anterior e avaliar o resultado dese fantástico plan de natalidade nunha provincia que se desangra demograficamente (con dezaseis mil mozos e mozas emigrados nos últimos anos, máis de máis de 140 mil habitantes nas tres últimas décadas) ou do plan de emprego, ou do plan de emprego xuvenil, por citar algúns. Di que o Sr. Presidente apela continuamente a tres cuestións, que repite como un mantra: a redución de persoal, a rebaixa da débeda e o remanente de tesourería, pero di que o que sucede é que a lei impídelle contratar agás casos de urxente e inaprazable necesidade; pero o grupo de goberno, e iso hai que recoñecerllo, inventaron outras fórmulas de clientelismo á marxe da institución para poder darlle acubillo a toda esa cohorte de compromisos, e como non pode facelo a través da institución, faino a través das empresas que contratan coa Deputación. Comenta que ademais o Sr. Presidente gábase de que reduciu a débeda, pero non reduciu nada pola súa brillante xestión, senón porque non lles queda outra, pois de facto esta é unha institución intervida, e o Sr. Presidente é un mero cumpridor dos mandatos do Sr. Montoro,

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

e ademais faise a costa dos concellos, aos que vostede lles impón unha peaxe do 5% que lle permitiu neste pasado ano ingresar un millón de euros e sanear as contas desta entidade privatizando absolutamente todo canto sexa privatizable, porque continúa no camiño da privatización absoluta desta institución: primeiro foi Aquaourense, empresa mixta, en cuxo organigrama están persoas vinculadas ao Partido Popular, logo os centros ecuestres, agora o consorcio provincial de defensa e extinción, xa anunciou que tamén vai privatizar o servizo de Vías e Obras, probablemente o Paco Paz... é dicir, aqueles lugares onde máis se pode contratar e para os que non se necesita un alto nivel de cualificación, pasan a ser xestionados por unha empresa privada, que a cambio do beneficio económico da xestión, coloca as persoas que o Sr. Presidente diga, é todo perfecto, e a Deputación converterase nun remedo do Servizo Galego de Colocación, coa diferenza de que os demandantes de emprego deberán ser militantes ou simpatizantes do Partido Popular para obter un posto de traballo, e mentres as empresas gañando cartos, que é do que se trata. No que atinxe ao remanente, di que a opinión pública ten que saber que neste momento está a cero, porque dilapidouse outorgándolle subvencións nominativas aos concellos do seu club de acólitos, e recursos que permitirían darlle unha orientación económica efectiva a esta provincia gastáronse dese xeito totalmente discrecional, e di que habería que imaxinar o que podería ser incorporar vinte millóns de euros a un plan especial para os concellos, repartido con criterios obxectivos. Da política de subvencións o BNG xa ten expresado a súa opinión en sucesivas ocasións: uso e abuso indiscriminado das subvencións a dedo. En definitiva, mentres a provincia se desangra, cos *ratios* de ocupación máis baixos do Estado, cun dos maiores índices de paro, co exilio forzoso da xeración máis e mellor formada da historia deste país, o Sr. Presidente aproba un orzamento pensado exclusivamente para afianzar o seu poder a través dunha vasta rede clientelar na totalidade dos concellos da provincia. Remata dicindo que na súa segunda quenda de intervención explicará a emenda á totalidade que presenta o seu grupo.

**Don Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo do BNG**, di que hai unha película, *Desmadre á americana*, que reflicte o absurdo que é tomar apuntes cando un vai a clase se o único que o profesor fai é iso, dar apuntes, e ante algo tan absurdo moitos estudantes puñan un magnetófono na aula e se marchaban a xogar ao patio, e cando o profesor se decatou disto optou por non ir tampouco el a dar clase e poñer un reprodutor de

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016**

son coa clase. Algo semellante é o que sucede cos orzamentos, que son un *deja vu* respecto dos do ano anterior, e que, como dicía o portavoz do BNG, veñen ademais coa paranoia do Sr. Baltar de presumir de que somos os primeiros de España en aprobar os orzamentos (algo que necesita para satisfacer o seu ego, porque é un megalómano) cando somos os derradeiros en case tódolos indicadores socioeconómicos, e isto é realmente unha aberración, porque logo os orzamentos non serven de nada e hai que facer modificacións constantemente, que poden chegar a un 40 %, e di que actuando deste xeito nunha empresa privada os bancos nin o recibirían. Di tamén que o Sr. Presidente demostra que utiliza esta institución como se fose o seu *hobby* persoal cando un ano tras outro cadra os orzamentos en setenta millóns de euros, para empregar o seu número máxico, que é o sete. Di que nestes orzamentos hai un descenso de 1,2 millóns de euros nos investimentos reais, algo que chama a atención, se tanto remanente e tanto podería económico temos, e pide que o portavoz do Grupo Popular lle explique despois por qué sucede isto, por qué baixan os investimentos. Di tamén que os gastos do Pazo Provincial (en referencia ao Pazo dos Deportes *Paco Paz*) aumentan 175.000 euros, cando se está a dicir que da perdas e que hai que privatizalo, e en cambio o que se fai é aumentar o gasto; sinala que a administración electrónica descende en 335.000 euros e en cambio a xurídica aumenta en 99.000, e pide que lle expliquen este balance; di que se volve destinar ao COB 216.000 euros, case corenta millóns das antigas pesetas que se tiran nese saco sen fondo que é o club de baloncesto, algo que realmente terían que pagar os afeccionados a ese club, e isto é unha auténtica ditadura, na que un gasto de ocio persoal dalgúns se financia con diñeiro público. Pide tamén que o Sr. Álvarez Dobaño lle explique por que motivo no de “fomento do emprego, igualdade e benestar” (que o de fomento do emprego fan ben en reduci-lo, porque é unha partida que non vale para nada) se reduce tamén un 40 % nos orzamentos, 955.000 euros, e pregúntase por qué se reduce unha partida en algo que o propio goberno provincial di que é vital para os cidadáns. Di que se elimina o plano de emprego nun millón de euros, e o programa de bolsas e mobilidade, e da misión comercial USA xa será mellor pasalo por alto. Continúa dicindo que aos servizos telefónicos do Pazo Provincial se destinan 190.000 euros, e di que non sabe, pero que en calquera empresa con 700 empregados hoxe coas tarifas planas non se pagan estes 18.000 euros ao mes que supón esa partida, e isto é porque son moi malos xestores. No que atinxe ao INORDE, di que non hai máis que dicir que é

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016**

unha gardería para todos os enchufados do PP. Con respecto ao termalismo, ao que se destina 1.150.000 euros, di que maldito sexa o día no que alguén atopou augas termiais aquí a maiores das Burgas, porque xa nos leva custado moito o termalismo, que xera de beneficios para Ourense 1.600 euros ao mes, 800 da Chavasqueira e 800 das pozas de Outariz, que é o que paga o concesionario, e a Deputación se gasta un millón de euros en fomentar non se sabe qué se hai que subvencionar ás persoas maiores de cincuenta anos para que vaian a Lais e a Lobios, e di que vaia fonte de ingresos se hai que subvencionala e que isto do termalismo é outro saco sen fondo. Di que a Deputación realmente sobra porque non serve para nada, agás para algúns servizos que presta aos concellos, pero eses servizos moi pequenos dentro dos 80 ou 90 millóns de orzamento que ao final ten realmente a Deputación, e con base nisto se di o *rollo* ese, que tamén o sostén o PSOE, de que as deputacións teñen sentido porque dan servizos aos concellos pequenos que estes non poderían prestar por si sós, e isto é totalmente falso porque eses pequenos servizos os podía facer perfectamente a Xunta, ou os concellos si se lles dera o diñeiro directamente e os propios concellos se organizasen con outros concellos limítrofes para xerar economías de escala. Pero en todo caso ese discurso é unha tomadura de pelo porque eses servizos que se di se prestan aos concellos non son nin o 15 % do orzamento da Deputación, e o resto se gasta en xestionar gastos arbitrarios que nada teñen que ver con prestar asistencia aos concellos pequenos, e por isto é polo que DO cre que as deputacións deben desaparecer. Di que, por exemplo, o gasto de persoal, de 29 millóns de euros, estaría xustificado si ese persoal prestase servizo aos concellos, pero na súa opinión a maior parte deste persoal é prescindible, e o que presta asistencia aos concellos non é nin o 10 % do cadro de persoal, e o 90 % restante se gasta en burocracia. Con respecto ao Teatro Principal, di que volve a ser o de sempre, un millón de euros ao ano, é dicir, en torno a 3.000 euros diarios, e pide que lle expliquen como se poden gastar 3.000 euros ao día, engadindo que noutras culturas, como Inglaterra ou outros países de Europa, a cultura é un negocio, é dicir, unha auténtica bendición de Deus, porque xera beneficios, e de feito a cultura é unha das fontes de divisas máis importantes no Reino Unido, pero aquí a cultura é un verdadeiro cancro, porque si nos custa 3.000 euros ao día o Teatro Principal e outros 3.000 euros o Centro Cultural *Marcos Valcárcel* (que custa outro millón anual) isto é un saco din fondo, porque o que fai o PP é meter a dezaioito porteiros, tres porteiros por porta, e a ver quen se atreve a entrar aí, e pon

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

como exemplo o cine Xesteira de Ourense, que cando estaba en todo o seu esplendor manexaba mil espectadores ao día con só sete empregados, cando o Teatro Principal, que manexa unhas cen persoas ao día, ten entre trinta e sete ou corenta empregados, pero claro, a xerente é a ex – muller do Sr. Baltar, e seguro que o *chollo* ese ía no acordo de ruptura matrimonial, e os estamos a pagar todos as movidas deste señor, e non só do da súa ex – muller, senón tamén os *flirteos* que ten a maiores, que xa veremos en qué queda o xuízo. Isto é unha tomadura de pelo, e estamos ante un *orzamentador* precoz, que é o Sr. Presidente, e a ver se o Sr. Álvarez Dobaño lle resposta a algunha pregunta, pero si é para repetir o do ano pasado prefire que lle poña un vídeo.

**Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que despois de anos de debates, supón que sairá logo o Sr. Álvarez Dobaño ao rescate, como sempre, porque o outro día, nas comisións, quen tiña que defender os orzamentos (en alusión ao Sr. Fernández Fernández) ensinoulle un *pen drive* coma quen que con iso xa quedaban explicados os orzamentos. Di que hai que dicir claramente que na comisión os deputados do Grupo Popular non foron quen de explicar os orzamentos, as súas liñas xerais, que é o que corresponde a un debate serio. É máis, o Sr. Presidente que anda presumindo de que entende de política e concede entrevistas nas que falla ao respecto a todo o mundo, o lóxico sería que fose quen expuxese os orzamentos, como se fai nos parlamentos, e logo fose a oposición a que replicase, porque ata o momento o único que se fixo foi darnos os orzamentos a presa e correndo e sen explicalos en absoluto; e isto só se entende porque o grupo de goberno non quere dialogar coa oposición, e logo se asombra de que se digan certas cousas. Di que despois de tantos anos de debates orzamentarios ten chegado á conclusión de que aso deputados do Grupo Popular dálles exactamente igual o debate, nin sequera dialogan, non lles importa o que diga a oposición nin as propostas que esta poida facer, e un ten a sensación de estar aquí discutindo contra unha parede, e iso é lamentable. Di ademais que este debate faise con precipitación, pola obsesión do Sr. Presidente de facer varios titulares nos medios, como que é o primeiro de España en facer os orzamentos (aínda que logo os teña que modificar en xaneiro) e hai tamén un segundo titular, como é que os orzamentos que se fan nesta institución son tan de papel mollado que este ano practicamente houbo que facer unha modificación mensual, e iso nunha institución sería non é de recibo. Di que o Sr. Álvarez Dobaño preguntaba antes se había alguén que o fixese

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016**

mellor que a Deputación de Ourense, que paga a provedores en 18 días, e di que si o hai, por exemplo o Concello de Vigo, que ten débeda cero e paga antes, sen tantos alardes nin vir cos orzamentos en setembro. Continúa dicindo que logo se fabrica un terceiro titular, que é que aprobamos os orzamentos en setembro pero logo meses despois imos ter un remanente espectacular, que será para facer o que denomina ironicamente Plan Caciquea 2017, que consiste en non incluír aquí cousas que si deberían incluírse e despois, en Xunta de Goberno e sen pasar polo debate plenario, repartir discrecionalmente cantidades inxentes de cartos que van a parar ao PP, e logo nos asombramos dos resultados electorais que obteñen e dos que presumen, cando eses resultados veñen de aí, a ver se nos decatamos. Di que, como dicía o Sr. Jácome, isto non podería pasar nunha empresa privada, porque isto sería como se o Sr. Jácome regalase as guitarras que vende, se as regalase tería moitos máis votos, e isto é o que se fai aquí, regalar cousas aos amigos e que máis da, se son cartos de todos. Di que por exemplo nos orzamentos se prevén duascenas actuacións en concellos do PP, aparte das axudas a colectivos, das actuacións musicais ... e iso só nas modificacións e no que se aproba en Xunta de Goberno; ou, por exemplo, o INORDE, que consta 1,7 millóns de euros, con dous xefes, un xerente que cobra 57.000 euros e outro que esta aí (en alusión ao Sr. Fernández Fernández) para xustificar que fai o que non fai, porque non defende nin os orzamentos, e custa 55.000 euros, e despois os investimentos no INORDE son só de 45.000 euros, e isto é unha indecencia, e dálle igual que lle lembren os resultados electorais do outro día (en alusión as eleccións autonómicas do 25 de setembro de 2016) porque eses resultados non validan todo, e sabe que o Sr. Álvarez Dobaño esta de acordo con el porque sabe que estas cousas non se poden permitir, e sabe que os deputados do Grupo Popular saben que o farían moito mellor se eliminasen estas prácticas de cara aos demais cidadáns, pero non de cara aos seus intereses electorais, e ese é o problema. Di que nos orzamentos volve a aparecer a misión USA, con 200.000 euros, aínda non se sabe para qué, xa nolo dirán no seu momento; e neste ano vendeuse un plan de natalidade, cunha intervención do deputado Sr. Anta, e alardearon dese plan e dixeron que era importante para o medio rural, e resulta que nos orzamentos deste ano se reduce á metade, e pregunta se saben iso, porque é unha contradición que se teña un remanente de 27 millóns e logo se reduza á metade este plan. Con respecto ás subvencións nominativas, di que nos orzamentos van incorporadas moitas que poden estar xustificadas, pero despois van



**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016**

incorporar outras moitas, a través do Plan Caciquea 2017 que se fai nas Xuntas de Goberno, onde se empregan moitos máis cartos que as subvencións nominativas que van aquí e que venden pola porta de atrás, facendo verdadeiras barbaridades con eses cartos, e o asombroso é que ninguén diga nada. Di que no *Paco Paz* se ingresan 500.000 euros e custa 3,5 millóns, e xa teñen dito por activa e por pasiva que non é de recibo que haxa dous servizos de deportes na mesma cidade, un do concello de Ourense e outro da Deputación que gasta cartos deste xeito, e pregúntase se o Sr. Doval Soto, como deputado delegado de cultura non ten nada que dicir a este respecto, e se lle parece ben esta situación coas necesidades que teñen os concellos e se non lle ten nada que dicir sobre isto a ese señor que está aí presidindo. Pregunta se alguén lle pode dicir como se xestionan esas subvencións nominativas aos concellos, sen obxectivo económico público e fundamentado moitas veces, e advirten que se está a xestionar dende o seu punto de vista de forma ilegal, porque xa están fartos de falar para o aire, a ao mellor hai que empezar a actuar noutros ámbitos para evitar que o goberno faga o que lle peta cos cartos públicos, porque a moitos se nos denuncia por anunciar os libros de texto, como lle fixeron a el onde goberna, e iso faino o PP, e logo eles chegan ás xuntas de goberno e fan indecencia tras indecencia, moitas veces sen pasar por ningún órgano informativo. Pide tamén que alguén lle explique si se vai privatizar o lixo ou non, e pregunta se os deputados do Grupo Popular están de acordo con esa privatización e se poden explicar cal é o motivo, cando se acaban de mercar vinte e un camiións con cartos público, se mal non lembra, e pregunta si é que se quere dar eses camiións a un empresa privada, e para qué, e se é para facer o mesmo que coa empresa mixta de augas e meter xente pola porta de atrás, sen fiscalización da oposicións e para seguir incrementando o que nin o propio Goberno do PP lles deixa facer, e pídelle que lle contesten e lle digan se van tragar con que se private un dos poucos servizos que funcionan ben. Pregunta tamén se alguén lle pode contestar en qué consiste a ocorrencia estrela do plan do museo Bolecha que custa 200.000 euros, e is vai ser como o museo que temos en Santa Cruz de Arrabaldo, que primeiro era para teares, logo para coches e logo para non sei qué, e pregunta se é para Os Bolechas (en referencia a unha serie infantil de animación) e sorpréndelle que o miren abraiados agora mesmo, que se sorprendan do que di, porque nin saben o que lles está a preguntar, e isto demostra que os deputados do PP nin sequera fan os deberes, e cando fagan esas notas criticándoo decatáranse de que polo menos

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016**

el si fai o seu traballo como deputado, e insiste en preguntarse que é iso do Museo Bolecha, e se é que estas son as necesidades da provincia, aínda que seguramente tras ese proxecto haberá algún significado dende o punto de vista electoral. Di que en materia de turismo se gastan só 50.000 euros, e 200.000 euros en promoción do comercio para os consellos reguladores, o que lle parece ben; pero si se poñen aquí 50.000 euros para turismo, é para que logo aparezan ocorrencias como o da Volta ciclista, que tampouco figuraba nos orzamentos do ano anterior? En relación co da Volta, pregúntase como é que, aparte dos 200.000 euros que achegou a Deputación, se lle están a pedir agora 50.000 euros a cada concello onde se fixo a presentación para que saísen alí algúns alardeando, porque así sucedeu por exemplo no concello de Arnoia, e pregunta si se lle pediu tamén ao concello de Cenlle e ao resto de concellos onde pasou a Volta. E di que isto ten que ver cos orzamentos, co que se recolle neles e o que non, porque pedirlle 50.000 euros a un concello de mil e pico habitantes porque pase a Volta por alí ten tela, e habería que preguntarlles aos veciños que opinan ao respecto, e logo poñen a parir ao alcalde de Ribadavia, que resulta que é el, porque non traga con este tipo de cousas. Polo tanto, os orzamentos da Deputación son iso: un papel mollado que nin sequera se debate no seo desta institución cos grupos políticos que tamén representan aos veciños, os cales tamén teñen necesidades, e non só naquelas cousas que lle dan réditos electorais ao PP, e polo tanto van votar en contra dos orzamentos, porque iso é o que está a facer o PP, utilizar os cartos públicos para seguir estando aí e facendo o que lles pete, e alardeando de que nesta provincia cada vez lles votan máis, e di que cada vez lles votan máis porque esta provincia cada vez ten menos xente que poida vivir aquí, e como dicía un compañeiro seu, canto peor lle vaia á provincia, mellor para o PP, porque máis necesidades terán aqueles que viven nela, e máis dependerán do PP.

Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que da visión apocalíptica, como sempre, do Sr. Rodríguez Suárez, que tamén se podería substituír por unha gravación magnetofónica, como dixo o Sr. Jácome, porque iso tamén é aplicable aos grupos da oposición, e como lle fixeron varias preguntas tentará respondelas no tempo de que dispón, pero que en todo caso os orzamentos se lles entregaron non seu momento e puideron informarse an comisión do porqué de cada partida; pero permitiranlle que en todo caso falen dende o punto de vista do seu grupo, e expoña os orzamentos, porque si só responde ao que diga a oposición non o faría ben, e por iso vai falar dos seus orzamentos,

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016**

lles gusten ou non lles guste, e probablemente se os grupos da oposición estivesen aquí farían outros orzamentos, pero non lles toca estar aquí porque así o dixeron os cidadáns da provincia, e o din reiteradamente, e xa sabe que isto lles produce risa, engadindo que está especialmente satisfeito, porque se a oposición está moi leda cos resultados electorais e o PP tamén, ¿onde está o problema?, obviamente en ningún lado. Di que o orzamento para 2017 se integra polo da Deputación e o INORDE, único organismo autónomo co que conta, e convén sinalar tamén que este orzamento enmárcase aínda nunha situación de crise que tivo e segue tendo un efecto importante no sector público, provocando unha situación de desequilibrio entre os ingresos e os gastos necesarios para manter os servizos que debe prestar esta Deputación, ben directamente, ben en íntima colaboración cos concellos, como é a súa principal competencia. Isto supuxo importantes axustes, moi dolorosos para os cidadáns. Di que a situación económica no seu conxunto está mellorando, e iso hai que recoñecelo, aínda a pesares de que para algún durmir un par de noites na Moncloa é o máis importante, e iso está a ter graves consecuencias para todos. En canto aos orzamentos, elévanse a 70 millóns de euros, 700.000 menos que o ano pasado, se ben o seu montante total ben podería acadar os 80 millóns de euros se, como era legal e posible, se tivese en conta a liquidación da participación en ingresos do Estado de 2014, que andarás entre 2,5 e 3 millóns de euros, pero non se fixo por prudencia, porque estamos ante uns orzamentos elaborados dende o realismo, o rigor e a prudencia, e dille ao Sr. Pérez Jácome que lle gustaría que velo a el elaborar os orzamentos dun só exercicio orzamentario, e teríamos entón de qué falar. Di que as contas deste orzamento están moi claras, e se enmarcan no Plan de Mandato 15 – 19, co que o Sr. Presidente concorreu ás pasadas eleccións locais do ano 2015, e que supón darlle continuidade ao Plan Ourense 92, ámbolos dous plans de xestión estratéxica e operativa desta Deputación, e por certo, xa que falan sempre tan mal do Sr. Presidente, non sabe se por envexa ou por qué, lembra que foi o único presidente que se presentou ás eleccións locais cun programa en toda Galicia e en toda España, e pídelles aos grupos da oposición que fagan eles tamén os deberes e se miren ese plan de mandato. Di que nestes orzamentos se mantén o plan estratéxico de termalismo, con 500.000 euros, e xa sabe que para o Sr. Pérez Jácome o do termalismo é unha risa, pero para os cidadáns da provincia e para o sector en conxunto non é ningunha risa; di que tamén se prevé un plan de fomento de emprego dotado con 910.000 euros, e avanzaremos tamén na administración

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016**

electrónica, cunha dotación de 500.000 euros que, como é sabido, é unha imperiosa necesidade para tódolos concellos en cuestión de días (en referencia á entrada en vigor da nova lexislación de procedemento administrativo das administracións públicas). Di que tamén se manteñen as axudas á natalidade, e a rebaixa da dotación orzamentaria se explica porque con eses 2,5 ou 3 millóns de euros adicionais que se recibirán da liquidación de 2014 se poderá ampliar esa dotación sen problemas, e supón que o Sr. Gómez Pérez, como alcalde que é, entenderá isto perfectamente. Di que se incrementará o Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais, acadando 55.000 euros para cada concello máis 3.000 euros para asistencia técnica relacionadas coas obras, financiados integramente pola Deputación. Tamén se prevé manter no plan a posibilidade de que os concellos destinen eses 55.000 euros a gasto corrente ou amortización de débeda nunhas determinadas condicións. Tamén se incrementa a dotación para o INORDE, con 1.650.000 euros, para desenvolvemento local, turístico e económico, e dótase o Programa Benourensense de cooperación cos concellos en materia de servizos sociais, cun millón de euros. Mantense tamén unha importante achega financeira para a UNED por un importe de 378.000 euros, e fináncianse os GEES na parte que deberían achegar os concellos, e disto falará máis adiante, subliñando que somos a primeira deputación que, recollendo a suxestión do presidente da FEGAMP e da comisión que coordina e xestiona os GEES de toda Galicia, financiará a totalidade da parte que corresponde aos concellos. Dótase por primeira vez financiamento para o Consorcio Provincial de Incendios en 975.000 euros. Tamén se mantén a liña de subvencións de deporte, en 400.000 euros, e o plan Tarazana de actividades recreativas e culturais en 200.000, e a axuda ao rally Ourense en 50.000 euros, e se mantén o programa de cooperación cos concellos, mancomunidades ou agrupacións de concellos con 360.000 euros. En canto ao orzamento do INORDE, que foi aprobado polo seu Consello Reitor co único voto en contra do representante do PSdG – PSOE, se reduce o importe da partida de persoal con respecto ao ano 2016, por máis que a oposición o chame chiringuito, e se elimina do estado de gastos e ingresos a partida da Escola de Organización Industrial do Ministerio de Industria, cun importe de 1,5 millóns de euros, e o motivo é que simplemente temos un Goberno en funcións, esperemos que por pouco tempo. Di que polo mesmo motivo non se inclúe a partida correspondente a un convenio coa Axencia Galega de Turismo por importe de 100.000 euros, que non se puido asinar ao estar o goberno da

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016**

Xunta en funcións. En todo caso, no vindeiro exercicio se prevé un incremento das partidas de investimentos mediante ese novo convenio coa Axencia Galega de Turismo, ao que se acaba de referir, a captación de fondos de organismos intermedios, como son a Fundación INCYDE do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, a EOI á que tamén fixo alusión, Red.es, etcétera., e tamén, unha vez resolta, a primeira convocatoria do programa de cooperación transfronteiriza 2014 – 2020, do INTERREG V A, á que o INORDE presentou oito proxectos en colaboración cos nosos veciños portugueses, e cita algún, relacionados co mundo castrexo, novas experiencias co patrimonio inmaterial, fomento do espírito empresarial mediante a creatividade, unha oficina técnica de proxectos, etcétera., cun importe total de case 1,5 millóns de euros, que agardan que se aproben, cando menos a maior parte deles. En resumo, o Grupo Popular, co Sr. Presidente á fronte, aposta e seguirá apostando pola cooperación cos concellos mantendo os criterios obxectivos que presiden os plans de cooperación que reflicten os orzamentos, e lembra algúns, como o plan provincial de obras e servizos, o plan Benourense, o plan de empregabilidade, o plan de axudas á natalidade e á mocidade, o plan de cooperación cos concellos nos rozamentos, o plan de adquisición de desfibriladores, o plan termal provincial, o plan de administración electrónica, o portal provincial de transparencia no que está empeñado o Sr. Presidente, como ten demostrado e que é fundamental nos tempos que corren, e non só para os concellos pequenos, que temos poucos medios. Polo tanto, este é o camiño do Grupo popular, nel está o seu grupo en el seguirá. A continuación fai referencia á emenda formulada polo BNG, cualificada como emenda á totalidade, aínda que máis ben é unha emenda á parcialidade, e di que xa está ben de ocorrencias, e que seguramente presentou o Sr. Rodríguez Suárez esta emenda para xustificar que leva dende xullo sen presentar ningunha proposta, e xa se ve qué proxecto teñen no BNG se hai que basealo nesa emenda. En canto á supresión do INORDE, que é unha das propostas da emenda, di que é a cantiga de sempre, e que para o Grupo Popular o INORDE segue a ser un instrumento válido para o desenvolvemento da provincia, e basta con ver a súa evolución nos últimos catro anos, en continuo redeseño, e a súa operatividade como núcleo de partida da Axencia Provincial da Enerxía ou para o proxecto da provincia intelixente, son razóns de peso para a súa continuidade; engade que o INORDE resulta fundamental tamén para a promoción da marca Ourense, como por exemplo sucede nestes días en México, na feira internacional de

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

Termatalia. Con respecto ao resto de propostas que contén a emenda, di que xa figuran no Plan Ourense 15 – 19, que o Sr. Rodríguez Suárez non leu, polo visto, agás algúns brindis ao sol para obter resonancia mediática, pero dálle a impresión que os medios de comunicación xa saben de que vai esta película. Polo que respecta a outras propostas que fai, como o plan de servizos aos concellos ou o mapa de servizos aos concellos, convida ao Sr. Rodríguez Suárez a ler tamén a Carta de Servizos da Deputación, no que figuran os servizos que se prestan aos concellos dende esta Deputación, como o servizo de asistencia xurídica, incluíndo funcionarios con habilitación nacional, en materia de normalización lingüística, en materia informática, na xestión tributaria, recadatoria e catastral, en materia de formación continua dos empregados municipais, anticipos de tesourería gratuítos dunha parte dos padróns tributarios delegados, o programa Benourense, a asistencia a concellos para redacción de proxectos e dirección de obras, a Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais, os expedientes de expropiación forzosa, a reparación de maquinaria, o mantemento de zonas verdes e áreas recreativas, a rede de municipios cara a á sostibilidade, a asistencia técnica completa no ciclo da auga completo a través de ata dezaseis convenios marco de cooperación, a asistencia a concellos en materia de eficiencia enerxética, a recollida de animais domésticos abandonados ... todo isto e máis aparece xa na Carta de Servizos. Polo tanto, o Grupo Popular mantén o seu proxecto de orzamentos, e rexeita a emenda do BNG, que non son máis que ocorrencias disfrazadas de propostas.

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG**, dille ao Sr. Álvarez Dobaño que agarde a que lle explique a proposta antes de contestarlle. Con respecto á comisión informativa á que fixo alusión o portavoz do PP, di que chamarlle comisión informativa a iso é bastante xeneroso, por dicilo dalgún xeito, porque os orzamentos entregáronse o día 15, con só cinco días de antelación, e na comisión os deputados do PP non abriron a boca e ninguén dixo nada sobre os orzamentos, nin explicou as súas liñas, como xa se dixo neste debate. Di que é o segundo ano en que observa este procedemento para aprobar os orzamentos, aínda que semella que é algo sistemático, e comenta que si o grupo de goberno quere aparentar que pretende negociar algo coa oposición, o lóxico sería entregar un proxecto de orzamentos con tempo suficiente para poder estudalo, analízalo e presentar as emendas, ter unha primeira comisión para a presentación de emendas, e logo ter unha segunda comisión para analizar as propostas presentadas e ver cales se aceptan e cales non, e despois ter unha

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016**

comisión xa para ditaminar inicialmente o proxecto de orzamentos, e aínda que é posible que cun procedemento así o resultado fose o mesmo, polo menos se daría a aparencia de colaboración e negociación coa oposición. Di que o orzamento é practicamente idéntico ao do ano pasado, e que a Deputación é prescindible non o di o seu grupo, o di un orzamento que está practicamente devorado polos capítulos I e II, que supoñen o 66 % do total, mentres os investimentos reais apenas representan o 18,8 %, diminuindo este capítulo en 1,2 millóns de euros verbo do ano pasado. Di que é un orzamento dedicado fundamentalmente a manter unha maquinaria funcional ao servizo do clientelismo, cunha administración que, en vez de alixeirar a carga que supoñen determinados organismos cuxa xestión correspondería a outras administracións, segue acumulando perdas e incrementando o burato do déficit, en vez de alixeirar esa carga suprimindo servizos impropios que non corresponden a esta Deputación, tal e como xa se fixo nalgún caso e tal e como o seu grupo propón na emenda que explicará despois. Di que o BNG ten demandado por activa e por pasiva que a Deputación ten que adelgazar a súa estrutura, e por iso volven a propoñer unha vez máis que a Deputación se desfaga desas cuestións que xeran un burato económico ano tras ano, como as distintas granxas con que se conta, o Teatro Principal, ou o *Paco Paz*. Entrando a explicar a súa emenda, fai referencia en primeiro lugar á exposición de motivos, na que se afirma que a pesares de que a lexislación entende as deputacións como institucións que deben fomentar o desenvolvemento da provincia e mesmo servir de complemento a aqueles concellos pequenos que carecen de medios suficientes para a prestación de servizos, e a pesares de coincidir no mesmo grupo político, nas últimas lexislaturas o goberno central, o goberno autonómico e a gran maioría dos gobernos municipais, a pesares de todos os pesares a provincia de Ourense segue aparecendo sistematicamente nos últimos postos de calquera estudo que mida a riqueza, o benestar social, a calidade de vida, etc, ... e a Deputación volver presentar uns orzamentos que ano tras ano son devorados por unha maquinaria funcional que non resposta, en absoluto, a un obxectivo distinto do puro e simple clientelismo político; as administracións con capacidade financeira non arriman o lombo e o grupo de goberno é, e ten sido, incapaz de implementar achegas económicas que permitan albiscar a máis mínima esperanza de mudanza, porque sendo insuficientes, a propia xestión dos escasos recursos ven sendo absolutamente arcaica, clientelar e pouco obxectiva, semellando moito máis un pequeno concello que unha administración que serva de exemplo

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

para as outras entidades locais. Na emenda expónse tamén que, así, os 77 millóns de euros de orzamento para 2017 só se rexen por criterios obxectivos na cativa partida dos planos provinciais e dificilmente podemos agardar que isto se corrixa cunhas bases de execución que non conteñen unha simple liña dedicada a obxectivar as actuacións orzamentarias na xestión dos recursos, e por todo isto presentan unha emenda á totalidade, integrada polas seguintes propostas concretas:

1ª) Supresión do INORDE por constituír un instrumento inservíbel ao proceso de desenvolvemento da Provincia.

2ª) Formular coa Consellería de Política Agroalimentaria un convenio de colaboración que, a partir dos medios materiais de titularidade provincial, impulse políticas agrarias, gandeiras e forestais, que dinamicen o sector.

3ª) Establecer un convenio co Concello de Ourense que permita a este unha maior xestión do Teatro Principal, Pazo dos Deportes Paco Paz e Edificio Simeón xa que a utilización e actividades destas infraestruturas corresponde fundamentalmente á poboación da capital.

4ª) Inicio das conversas coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para o traspaso da rede viaria de titularidade provincial, e elaboración dun plano de rede viaria incardinado coas redes galega, estatal e fronteira portuguesa, xestionando os fondos necesarios para dotar a provincia das infraestruturas básicas para afrontar o seu desenvolvemento.

5ª) Creación dun verdadeiro servizo de cooperación de apoio aos concellos pequenos que asuma a planificación e coordinación de todas as actuacións da Deputación en materia de infraestruturas básicas.

6ª) Elaboración dun mapa de servizos a prestar pola Deputación aos concellos e prestación dos mesmos con criterios obxectivos, sometendo ao pleno unhas bases de concesión que garantan a obxectividade, universalidade e publicidade, e

7ª) Elaboración dun plano especial de investimentos que permita achegar recursos aos concellos, reclamando unha decidida colaboración da Xunta de Galiza.

A emenda recolle tamén unha proposta de axustes entre partidas, co detalle reflectido no seguinte cadro:



|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

| Partida | Descrición                                 | Dotación  | Proposta de dotación | Crédito disponible |
|---------|--|-----------|----------------------|--------------------|
| 22601   | Atención protocolaria e representativa     | 260.000   | 60.000               | 200.000            |
| 22602   | Información e Publicidade                  | 1.370.000 | 270.000              | 1.100.000          |
| 65001   | Plan provincial de cooperación             | 5.032.500 | 0.000                | 5.032.000          |
| 61901   | Plan cooperación vías provinciais          | 2.000.000 | 0.000                | 2.000.000          |
| 61903   | Reparación e conservación vías provinciais | 931.500   | 0.000                | 931.500            |
| 31331   | Plan termal                                | 1.150.000 | 0.000                | 1.150.000          |
| 48909   | Plan de natalidade                         | 400.000   | 0.000                | 400.000            |
| 48900   | Outras transferencias                      | 321.000   | 0.000                | 321.000            |
| 48918   | A concellos plan de emprego                | 200.000   | 0.000                | 200.000            |
| 46201   | Subvencións PAIs                           | 200.000   | 0.000                | 200.000            |
| 46207   | Plan de emprego                            | 910.000   | 0.000                | 910.000            |
| 42011   | INORDE                                     | 1.650.000 | 0.000                | 1.650.000          |
| 45012   | Cooperación provincial                     | 1.300.120 | 0.000                | 1.300.120          |
| Total   |  |           |                      | 15.044.620         |

Explica ademais o portavoz do Grupo do BNG que a esta cantidade de 15 millóns de euros obtidos con estes axustes, habería que engadir os importes das sucesivas modificacións de créditos producidos ao longo do exercicio orzamentario (50% dos capítulos IV e VII do orzamento de gasto), que O Grupo Popular pretende distribuír de xeito discrecional (e pon como exemplo que no ano 2016 repartíronse por esta vía algo máis de 16 millóns de euros), co que, sen contar as previsións de remanente (que poderían

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

estar no entorno dos 20 millóns de euros) estaríamos falando de que os concellos, sen contar con esas cantidades, disporían de algo máis de 165.000 euros para investimentos, fronte aos pírricos 58.000 do plan provincial, para o que habería que elaborar unhas bases obxectivas nas que se tiveran en conta determinadas cuestións como o nivel de equipamentos, ruralidade, número de núcleos de poboación, etc....., o que provocaría, ademais de poder acometer cuestións básicas para os veciños e veciñas, crear, ou cando menos non destruír, emprego. Di que non lle estraña que o portavoz do Grupo Popular tache isto de ocorrencia, porque nestes tres folios da súa emenda se resume unha liña política que de aplicarse implicaría un cambio radical no funcionamento da Deputación e o principio do fin do funcionamento clientelista desta institución e o inicio da posta a disposición dos concellos o máximo posible dos recursos, e non retelos aquí para xestionalos de xeito clientelar que é o que se fai agora. Di que isto xa se está a facer en deputacións como a de A Coruña, onde pon como exemplo que o concello de Abegondo con 5.600 habitantes e recibe 260.690 euros no plan provincial, mentres o concello de Xinzo, con máis de 10.000 habitantes, recibe 55.000 euros máis 3.000 euros adicionais para asistencia técnica.

**Don Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de DO,** pregunta ao Sr. Álvarez Dobaño se antes, cando falaba duns orzamentos con rigor, quería dicir con *rigor mortis*, e di que o portavoz popular decepcionouno, porque é alcalde de Muíños onde obtén un montón de fondos da Deputación, e agora tiveron unha vaga de lumes, e pregúntase si cos fondos obtidos non era cousa de ter os montes limpos e ben *desbrozadiños* para que non pasara nada, porque o normal é facer unha boa prevención dos incendios e o concello de Muíños recibe centos de miles de euros da Deputación como premio ao labor que desenvolve o Sr. Álvarez Dobaño defendendo aquí ao Sr. Baltar. En canto ao que dixo de si ten envexa do Sr. Baltar, di que algunha envexa si hai, porque as veces que el ten estado por aí con algún ligue nun hotel, el tivo que pagar o hotel, e di que en cambio o Sr. Baltar non ten que pagar o hotel. Con respecto aos resultados electorais dos que presumiu o Sr. Álvarez Dobaño, cre que a xente votou en clave autonómica ou incluso nacional, co que isto é como presumir de vender moitas coca – colas cando un só é o vendedor de Coca – Cola, e non lle ve ningún mérito a iso. No caso da elección á deputación, son eleccións indirectas, co que o Sr. Baltar realmente nunca se presentou a unhas eleccións directas, o

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

mesmo que o seu pai, que cando menos obtiña votos no medio rural, e di que José Manuel Baltar, si se presentase só a unhas eleccións, non lle votaría nin a familia, obviamente a súa ex – muller non lle votaría, e obtería poucos votos, quizá o do Sr. Pumar, que é o político que máis cobra de Ourense polo que se acaba de ouvir, e pouco máis. Di que o feito de que o Sr. Baltar se presentase cun programa electoral para ser presidente da Deputación demostra ata qué punto está mal da cabeza, ao elaborar un programa para unhas eleccións nas que non hai urnas para os cidadáns, e pregúntase por qué un profesional serio da política como o Sr. Álvarez Dobaño lle segue o xogo a un megalómano, porque ademais o Sr. Álvarez Dobaño ten aínda moito futuro na política, non como o Sr. Presidente, que só lle quedan tres meses, porque en canto lle abran xuízo o partido vaino obrigar a dimitir, e aí é onde se verá se Baltar ten tirón, porque entónces a ver qué fan os deputados do PP si el non dimite, terán que posicionarse ao respecto e xa veremos o que fan, porque fóra do partido vai moito frío. Di que o Sr. Álvarez Dobaño non lle explicou cómo van facer para que nazan máis nenos, o ano pasado xa tivo que preguntar si é que ían facer buratos nos condóns, e pregunta de novo cal é o plan da natalidade para este ano, porque en toda Europa non saben como facelo, é un problema difícilísimo, e aquí resulta que temos un plan. Di que os orzamentos son unha tomadura de pelo porque a desviación orzamentaria que logo se produce é do 40 %, porque iso implica que os orzamentos non teñen nada que ver coa realidade.

**Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista,** di que o Sr. Álvarez Dobaño iniciou a súa intervención dicindo unha cousa que lles producía risa, aínda que en realidade a el persoalmente non lle fixo graza ningunha, porque cando fixo alusión a que os deputados do PP non coñecían os orzamentos non o dicía porque si, senón en base a certas cousas, incluso a erros que el mesmo cometeu, como cando dixo que o *Paco Paz* custaba 3,5 millóns de euros, que é un erro, porque non custa iso (senón 1,7 millóns, aínda que logo se incrementan coa contratación de asistencia técnica que non veñen aquí), e o Sr. Álvarez Dobaño nin o corrixiu. Dille ao Sr. Álvarez Dobaño que o respecta persoalmente, pero non respecta o *papelón* que lle toca facer aquí, que é algo que cada vez entende máis pero respecta menos, e dille que non lle faga o traballo ao Sr. Presidente, porque en privado fala peor do Sr. Álvarez Dobaño e incluso da súa familia do que fala de el mesmo, e xa o verá co tempo. Di que o Sr. Presidente se dedica a insultar aos membros

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016**

da oposición, e lles chama putrefactos e outras lindezas, pero ninguén lle ten culpa do que lle leva sucedendo dende hai un ano, que é algo que fixo el, e non teñen a culpa os demais, e el persoalmente nunca lle chamou acosador sexual, pero o Sr. Presidente o insulta a el tódolos días, e non ten nin o mínimo respecto institucional que hai que ter, porque nin vai ás comisións, nin explica os seus orzamentos e dentro de pouco non virá nin aos plenos, porque qué máis lle ten a el, e pide que o Grupo Popular non apoie esta actitude, porque non é de recibo, e como dicía o Sr. Pérez Jácome, xa veremos o que pasa dentro de pouco, porque tamén a Sra. Barberá era unha deusa, e agora xa sabemos onde está, iso si, cobrando ben, e ao mellor pasa o mesmo aquí, e teremos que falar dos orzamentos do Grupo Mixto. Di que vai rebater agora o exposto polo Sr. Álvarez Dobaño, aínda que a súa crítica se dirixe ao Sr. Presidente, que é a quen lle fai o traballo o portavoz do Grupo Popular. Di que non ten sentido que se trouxeran os orzamentos nestas datas, cando aínda non se coñecen ben os ingresos da Deputación, e o propio portavoz do Grupo Popular falou do tema da liquidación de 2014, que non se incluíu porque aínda non é definitiva, pero ao Sr. Presidente todo iso dálle igual, porque xa o ten dito outras veces, non hai cargo mellor que ser presidente da Deputación, porque a diferenza dos alcaldes, o presidente non ten que saír e dar a cara ante os cidadáns para pedirilles que poñan máis cartos en taxas e impostos, só ten que esperar a que lle veñan dados os ingresos e gastar no que queira, e iso é o que fai o Sr. Baltar, que si estivese nunha empresa privada non duraba nin un día. No que atinxe á carta de servizos, di que é en parte unha boa cousa, pero hai unha parte da carta de servizos na que se fala do servizo de recadación, e este servizo é bastante mellorable, e senón que llo pregunten á deputada do PP de Xinzo, o que está pasando nesa comarca coa recadación, que é unha vergoña o que está a suceder, e di que algúns concellos prestan ese servizo mellor, como Ribadavia, pese a ter o servizo externalizado, porque descubriron que hai algún concelleiro do PP que non pagou tres mil euros de impostos durante dez anos, e nin sequera son capaces de dimitir, xa se ve que exemplo dan, e logo o critican a el. Di que nunca dixo que o INORDE fose un *chiringuito*, que dixo moitas cousas do INORDE pero que nunca empregou esa expresión, e di que quen si veu insinuar que o INORDE era un *chiringuito* foi o propio Sr. Presidente, porque todos lembramos a marabillosa entrevista que lle concedeu a Jordi Évole, na que fixo o ridículo, e na que se lle preguntou se lle parecía normal que houbo un señor que cobraba o que cobraba por non facer nada – en

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016**

alusión a quen entón presidía o INORDE – e respondeu que non, e polo tanto, aos feitos me remito, era o propio Presidente o que o consideraba o *chiringuito*; o que sucede é que ao Sr. Baltar gústalle a persoa que agora preside o INORDE, porque lle fai o traballo sucio. Con respecto ás modificacións de créditos, di que en xaneiro fixeron unha modificación de crédito de máis de 9 millóns de euros, en marzo de máis de 1,5 millóns, en abril de 1.795.000, en xullo, de 2.770.000, e outros 402.000 euros, total, máis de 15 millóns de euros, e en agosto non se fixo porque non houbo pleno e porque non quedaban cartos, e sendo así as cousas, ¿cómo se pode dicir que non é un orzamento de papel mollado, que é un orzamentos ben estruturado?, e pide que non lle veñan co argumento de que os alcaldes sabemos que temos que facer modificacións, e non lle serve porque aínda que haxa que facelas, porque os orzamentos son unha estimación, logo por desgraza sempre nos quedamos curtos, porque a xente por desgraza ten problemas para pagar impostos. Co tema da administración electrónica, di que se fixo un procedemento en agosto, pola porta de atrás, por máis de 5.000.000 de euros, e di que teñen pedido un informe técnico ao respecto, porque o que lles din é que ese custe é unha barbaridade e que noutros sitios se fixo por moito menos, e 5 millóns licitados pola porta de atrás, en agosto, é algo cando menos sospeitoso. No apartado de prensa, protocolo e publicidade, se destinan 1.736.000 euros, e iso é moito máis que o orzamento da maioría dos concellos da provincia, só para que o Sr. Presidente alardee, lle fagan entrevistas á carta e nos insulte a todos, porque unha cousa é que o presidente dunha institución trate de vender o que fai, e outra moi diferente que use os medios para facer campañas para insultar e vilipendiar aos demais. Engade que con respecto ás eleccións, o Sr. Álvarez Dobaño dixo que foi o único presidente que se presentou cun programa, pero hai algo que non se di, e é que perdeu un deputado, que non o perdía o seu pai, e ao mellor no futuro perde máis, así que mellor que se siga presentando, porque o PSdg-PSOE non perdeu ningún, e sigue a ter o mesmo número de deputados que no anterior mandato. Con respecto á Imprenta Provincial di que xa o teñen dito noutras ocasións, que dende que non se imprimen nin o BOP nin libros, que custe case 400.000 euros cre que é esaxerado e se debería mirar isto. Di tamén que o gasto de asesores de Presidencia e persoal de secretaría particular de Presidencia non deixa de aumentar, e xa vamos en máis de 700.000 euros só para o Sr. Presidente, e ás veces se fala dos medios de que dispoñen os grupos, pero isto é a maiores, e é normal que suceda isto, porque cada día

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

necesita rodearse de máis acólitos que lle digan que o fai ben, aínda que logo nesta casa o que se oe dicir é que o fai de pena, e cre que é excesivo este gasto. Con respecto ao plan de emprego e o plan da mocidade, lembra que o seu grupo votou a favor, pero cre que se podería aumentar esa partida, que se fai con criterios obxectivos e para todos os concellos, e pregunta por qué non se aumenta, xa que hai 27 millóns de remanente de tesourería, pero o que pasa é que pode que sexa mellor facelo a través das xuntas de goberno con criterios discretionais, e lembra que antes esqueceu dicir unha cousa, que é que nesas modificacións de crédito que citou, 199 actuacións foron para concellos do PP, 13 para o PSOE e 8 para outros, e isto reflicte o xeito de entender a política que ten o PP. Pide que lle respondan a algunhas das preguntas que fixo na intervención anterior: ¿vaise privatizar o servizo de recollida de lixo, que é dos poucos que funcionan ben?, e, ¿vanlle explicar que é o Museo Bolecha, para o que se destinan 200.000 euros? Cre que os orzamentos teñen unha estrutura anticuada e pouco útil para os cidadáns, aínda que sexa útil para os fins partidistas do PP; e se queren contar co Grupo Socialista, reitera, por segundo ano consecutivo, o que teñen que facer é o que pediron eles en comisión e o que acaba de pedir o portavoz do BNG: facer chegar a tempo un borrador, porque este ano chegou o día antes de ter que debatelo en comisión, e iso non é de recibo, e incluso foi a comisión con moitas modificacións que aínda estaban sen elaborar, e iso non se pode permitir. Se queren a colaboración da oposición, non poden vir aquí cuns orzamentos xa pechados que van aprobar de tódolos xeitos facendo uso da súa maioría.

**Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular,** dille ao Sr. Rodríguez Suárez, que falaba de improvisación orzamentaria, que o Sr. Presidente xa anunciou hai tempo que os orzamentos se aprobarían en setembro, de modo que para o ano 2018 xa o saben, e xa poden empezar a facer achegas. Con respecto a que houbo pouco tempo para estudalo, di que todo é relativo, pero tampouco fai falla tanto tempo para estudar estes orzamentos, onde hai capítulos que son de coller a calculadora e nada máis. Con respecto ao exemplo do concello de Abegondo que puña o Sr. Rodríguez Suárez, pídlle que non faga trampas, que non compare a Deputación de A Coruña, con 180 millóns de euros de orzamento, coa Deputación de Ourense, que só ten 77, porque podería compararse coa de Lugo, pero non coa de A Coruña. Di que visión do Sr. Rodríguez Suárez é apocalíptica, como sempre, e respecta a súa opinión, pero nada máis. Con respecto ao

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016**

manifestado polo Sr. Pérez Jácome, pídelle que non lle cargue, como alcalde de Muíños, a responsabilidade da limpeza dos montes nun municipio que ten 112 quilómetros cadrados e a maior parte é monte, e o Sr. Ojea, que foi facer campaña alí, e que aínda que falou ben del cre que xa deixou un candidato ou candidata alí para as municipais, sabe ben que a responsabilidade da limpeza dos montes non é do concello, senón doutras administracións, e os montes son montes, non son xardíns. Quere lembrar tamén que o Sr. Pérez Jácome fíxolle unha aposta no pleno anterior, que o PP baixaría o 10 % en votos, e non sabe que foi o que apostaron, pero hai que retomar ese asunto da aposta. En canto ao plan de natalidade, di que en 2017 continúa o mesmo plan que no ano 2016, e enlaza agora co tema dos expedientes de modificación de crédito, dirixíndose ao Sr. Gómez Pérez, que seguro que lle entende perfectamente, e explica que os expedientes poden ser por transferencia de crédito, é dicir, quitando dunha partida para poñelo noutra, o que si revelaría certa improvisación na aprobación dos orzamentos, ou simplemente xera crédito ou suplementalo con cargo ao remanente do ano anterior, que é algo que non se pode previr agora mesmo, porque para iso hai que agardar á liquidación do orzamento vixente, e será entón cando se poda decidir qué facer con ese remanente, e iso decídese aquí, en pleno, e enlaza tamén co tema das subvencións nominativas, e pídelle ao Sr. Gómez Pérez que non use o recurso doado do das xuntas de goberno, porque as subvencións nominativas que concede a Xunta de Goberno pasan antes polo Pleno, todas sen excepción, onde son aprobadas as partidas e aparecen especificadas as subvencións, ben nos orzamentos, nas súas bases de execución, ben nas súas modificacións, e o mesmo sucede coas subvencións que se conceden por concurso. Di que o Sr. Gómez Pérez dixo que o PP ganara as eleccións autonómicas porque se fan regalos, a través das subvencións, e entende que ao usar a palabra regalos entende que a empregaba en sentido figurado, pero é que o PP tamén gañou en Ribadavia, en Allariz e no Carballiño, e non sabe qué regalos puideron facer alí, porque a través dos alcaldes segundo o Sr. Gómez Pérez non foi. Con respecto ás partidas que se citaron e que se rebaixan respecto do orzamento de 2016, reitera que coa liquidación da participación en ingreso do Estado de 2014, que estará entre 2,5 e 3 millóns de euros, poderán suplementarse sen problemas, e iso sen contar o remanente de tesourería para gastos xerais que teñamos ao liquidar o orzamento de 2016. Con respecto á privatización do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos, di que responder a esa pregunta non lle corresponde a el, senón ao

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016**

Sr. Presidente, pero que en todo caso no momento no que se decida algo ao respecto pasará por este pleno, e polo tanto pide que non se adianten acontecementos, si é que os hai, que tampouco di que os vaia haber. Falando de novo das subvencións nominativas, di que o Sr. Gómez Pérez deixou caer certa dúbida en canto á súa xustificación, di que ata onde le sabe, as subvencións que lle conceden ao seu concello pasan os filtros, primeiro da intervención do concello, logo da unidade de subvencións da Deputación e por último da Intervención da Deputación, e pide que non acuse aos técnicos de facer un trágala coas subvencións, e polo menos o procedemento é ese, coas correspondentes xustificacións dos gastos, e se hai técnicos que certifican en barbeito, alá eles, pero estráñalle moito que haxa interventores que fagan iso, porque el tamén é interventor de profesión, e agora que ninguén nos oe, pode dicir que si o sacan de alcalde levaría un certo desgusto, pero si lle sacan de secretario – interventor o desgusto si que sería gordo, e supón que así pensarán tamén os demais, polo que dubida moito que os seus compañeiros de profesión se presten a eses *tingladillos*. Quere destacar que estes orzamentos manteñen unha liña xeral ascendente, agás no relativo aos 700.000 euros que se reducen e á non inclusión por prudencia da liquidación da PIE de 2014, e 14, 5 millóns son para investimentos reais, que apostan claramente polo termalismo, turismo, emprego e sobre todo cooperación cos concellos; o INORDE gaña especial relevancia nestes orzamentos, en termos de desenvolvemento e aposta polo turismo nesta provincia, porque como saben trala disolución do Padroado Provincial de Turismo, esas funcións asumíunas o INORDE; di que tamén se prevé a potenciación do centro de adestramento de remo de Laidas, Arnoia e Castrelo, o denominado CERLAC, que nos permitirá contar nestas instalacións con equipos importantes de diversos países. Di que tamén é compromiso do Sr. Presidente, e así figura nos orzamentos, dar continuidade á misión comercial con EE.UU., e engade que pronto o Sr. Presidente asinará convenios co Círculo de Empresarios, coa CEO e coa Confederación de Empresarios de Galicia, nunha aposta clara e decidida para apoiar ás empresas asentadas na nosa provincia. Polo tanto, di que continuamos un ano máis na redución do gasto de persoal, que andaré entorno ao 30 %, avanzamos no deseño de postos de dirección xeral, dirección de área, xefaturas de servizo e directores doutros centros dependentes, e ábrese a posibilidade de que se incorporen funcionarios doutras administracións, cun obxectivo claro de mellora na xestión con eficacia e máxima profesionalidade, non só nesta casa senón na colaboración cos concellos.



|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

Di que se agarda tamén un remanente de tesourería positivo importante que nos permita xerar créditos ou suplementar partidas. En conclusión, se seguirá apostando pola disciplina orzamentaria e a sostibilidade fiscal, pola tecnificación e cualificación da administración provincial e por unha estrutura organizativa máis racional e eficiente. Estes son os seus orzamentos, como tales os presenta e como tales os van aprobar.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente rrecóllese no punto cuarto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto cuarto](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda do BNG ao orzamento de 2017, que é rexeitada ao obter o voto favorable do BNG (1) o voto en contra do Grupo Popular (13) e a abstención do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2).

Seguidamente somete a votación a aprobación inicial do orzamento para 2017 e co voto favorable do Grupo Popular (13) e o voto en contra do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aproba-lo orzamento xeral da Deputación provincial de Ourense para o ano 2017, co detalle que figura nos resumos seguintes:

A) ENTIDADE LOCAL.-

**Estado de gastos**

|  |                        |
|--|------------------------|
| Capítulo 1.- Gastos de persoal                   | 29.049.608,30 €        |
| Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos | 19.536.950,64 €        |
| Capítulo 3.- Gastos financeiros                  | 127.382,60 €           |
| Capítulo 4.- Transferencias correntes            | 9.733.518,95 €         |
| Capítulo 5.- Fondo de continxencia               | 10.000,00 €            |
| Capítulo 6.- Investimentos reais                 | 14.515.232,80 €        |
| Capítulo 7.- Transferencias de capital           | 1.530.500,00 €         |
| Capítulo 8.- Activos financeiros                 | 300.000,00 €           |
| Capítulo 9.- Pasivos financeiros                 | 2.196.806,71 €         |
| <b>TOTAL GASTOS.....</b>                         | <b>77.000.000,00 €</b> |

**Estado de ingresos**

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

|   |                        |
|---|------------------------|
| Capítulo 1.- Impostos directos                        | 4.300.000,00 €         |
| Capítulo 2.- Impostos indirectos                      | 3.900.000,00 €         |
| Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos | 4.871.608,75 €         |
| Capítulo 4.- Transferencias correntes                 | 63.254.128,50 €        |
| Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais                    | 223.262,75 €           |
| Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais        | 21.000,00 €            |
| Capítulo 7.- Transferencias de capital                | 130.000,00 €           |
| Capítulo 8.- Activos financeiros                      | 300.000,00 €           |
| <b>TOTAL INGRESOS...</b>                              | <b>77.000.000,00 €</b> |

**B) INORDE.-**

**Estado de gastos**

|  |                       |
|--|-----------------------|
| Capítulo 1.- Gastos de persoal                   | 899.306,10 €          |
| Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos | 524.505,90 €          |
| Capítulo 4.- Transferencias correntes            | 300.000,00 €          |
| Capítulo 6.- Investimentos reais                 | 45.188,00 €           |
| <b>TOTAL GASTOS.....</b>                         | <b>1.769.000,00 €</b> |

**Estado de ingresos**

|   |                       |
|---|-----------------------|
| Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos | 12.127,00 €           |
| Capítulo 4.- Transferencias correntes                 | 1.730.920,00 €        |
| Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais                    | 12.800,00 €           |
| Capítulo 7.- Transferencias de capital                | 13.153,00 €           |
| <b>TOTAL INGRESOS.....</b>                            | <b>1.769.000,00 €</b> |

2º.- Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral, segundo figuran no expediente.

3º.- Aprobar os cadros de persoal, que se dividen en persoal funcionario, laboral e eventual, de acordo co art.126 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto legislativo 781/1986.

4º.- De acordo co art. 169 da LRFL, o orzamento xeral será exposto ó público, previo anuncio no boletín oficial da provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. O orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

**5º.- MODIFICACIÓN DO EXPEDIENTE N.º 4/2016 DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS PARA O EJERCICIO 2016.-**

A Sra. interventora dá conta do contido da proposta de acordo, ditaminada favorablemente pola comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (13), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- No expediente de modificación de créditos n.º 4/2016 e con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “A Concellos. Cooperación Provincial”, prevíase unha subvención ao Concello de Oímbra para “Anteproxecto de ampliación e mellora das dependencias da casa do concello” por importe de 20.500,00 euros. Advertido un erro en dita finalidade acórdase a súa corrección, quedando da seguinte maneira:

- 450.12/762.01 A Concellos. Cooperación Provincial

| <b>Beneficiario</b> | <b>Finalidade</b>  | <b>Importe</b> |
|---------------------|--|----------------|
| Concello de Oímbra  | Execución do proxecto de ampliación e mellora das dependencias da casa do Concello | 20.500,00      |

- No expediente de modificación de créditos n.º 4/2016 e con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “A Concellos. Cooperación Provincial”, prevíase unha subvención ao Concello de Esgos para “Adquisición de terreos para o velorio municipal” por importe de 50.000,00 euros. Recibido un escrito por parte do Concello solicitando a modificación da finalidade da subvención concedida, acórdase que esta se desagregue da seguinte maneira:

- 450.12/762.01 A Concellos. Cooperación Provincial

| <b>Beneficiario</b> | <b>Finalidade</b> | <b>Importe</b> |
|---------------------|-------------------|----------------|
|                     |                   |                |

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

|                   |  |           |
|-------------------|--|-----------|
| Concello de Esgos | - Adquisición de terreos para o velorio municipal  | 40.000,00 |
|                   | - Redacción do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións para o cambio de uso dos terreos | 10.000,00 |

**6º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2015, RELATIVA ÁS OBRAS MUNICIPAIS DE LEIRO.-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

**Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que o seu grupo entende que se podan facer modificacións nas obras municipais previstas nos plans, e defenden a autonomía municipal, pero neste caso van votar en contra por unha razón, porque entende que a obra ao ser dun plan de 2015, se pode prorrogar no 2016, pero para executar nesa anualidade de 2016, e non na de 2017, porque isto último – que é o que se quere facer – non lles parece axeitado, e non lles parece axeitado, porque obedece á incompetencia do goberno municipal de Leiro, sen lugar a dúbidas, e non vale ampararse en cuestións de relacións con outras administracións; di que o seu concello, en Ribadavia, fixo unha pasarela de maior tamaño e complexidade, e a fixeron no tempo en que había que facela e sen axudas da Confederación Hidrográfica, que ese é outro tema do que se podería falar. Retoma o debate dos orzamentos, e reitera a súa pregunta sobre que é o Museo Bolecha, algo que lle gustaría que lle aclarasen antes de que remate este pleno; e di tamén que hai outra cousa que dixo o Sr. Álvarez Dobaño que lle preocupa, cando en relación coa súa pregunta sobre a privatización do servizo de recollida de lixo dixo que a resposta correspondía ao Sr. Presidente, e di que non é así, que é unha decisión que corresponde aos concellos, que son os que pagan o servizo, porque só faltaría que os concellos paguen o servizo para que logo o Sr. Presidente, unilateralmente, decida privatizalo. Con respecto ao que dixo o Sr. Álvarez Dobaño, tamén en relación con este asunto, de que en todo caso terá que pasar por Pleno, lembra que a anterior vez que se tentou privatizar o servizo

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

convocóuselles a unha reunión e se lles entregou no acto unha documentación de cento e pico folios, e advirto que iso non pode ser. Di que hai outra cuestión relacionada cos orzamentos que quere que se lle responda, en relación cos gastos de fomento do turismo e do termalismo, e pregunta se nalgún balneario de Caldario hai instaladas máquinas que son propiedade da Deputación, e di que quere que se lle responda, se alguén o sabe, e senón farán a pregunta por escrito.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto sexto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto sexto](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (13), o voto en contra do Grupo Socialista (8), e a abstención de Democracia Ourenzana (1) e do BNG (1), o seguinte acordo:

- Acordar a modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2015, incorporando ó plan –en substitución da obra “Reconstrución pasarela peonil en Leiro”- a obra denominada “Mellora enerxética en Leiro”, cun orzamento de 50.000,00 euros, co número 44/POS/2015.

### **7º.- BASES PARA A ELABORACIÓN E EXECUCIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL PARA O EXERCICIO 2017.-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG**, di que antes de tratar o asunto correspondente a este punto, quere responder á pregunta formulada polo portavoz do Grupo Socialista en sentido afirmativo, afirmando que hai máquinas pagadas pola Deputación en instalacións privadas. Dito isto, e xa en relación co punto 7º da orde do día, di que logo do debate producido no punto anterior no que se aprobou o orzamento, e polo que expresará no debate da moción do PSOE queda claro que para o grupo do BNG que, aínda que o Plan Provincial poida parecer xeneroso cos concellos, xa que todos reciben a mesma cantidade de diñeiro, habería que ir a un modelo distinto, parecido ao que propón

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

o BNG, xa contido na emenda aos orzamentos e no exemplo que puxo no debate, de tal maneira que os concellos saírían máis beneficiados das achegas da deputación. En relación co exemplo posto e o argumentado polo Sr. Álvarez Dobaño ao respecto, di que si se compara o orzamento da Deputación da Coruña co da Deputación de Ourense aquel é 2,5 veces máis, pero no exemplo que puxo el, a diferenza entre o financiamento no Plan Provincial do concello de Abegondo e o de Xinzo de Limia é 4,7 veces máis, co que o esforzo dedicado ao plan de cooperación pola Deputación de Ourense é da metade do da Coruña. Di que a emenda do BNG ía nese sentido, de incrementar o esforzo orzamentario da Deputación cara á cooperación cos concellos e de introducir verdadeiros criterios obxectivos, e non a tarifa plana que existe agora, e pon como exemplo que Xinzo de Limia e Vilar de Santos reciben a mesma cantidades, cando Vilar de Santos non chega a 900 habitantes e Xinzo supera os 10.000, e Vilar de Santos ten unha superficie de 20 quilómetros cadrados e dúas parroquias e Xinzo pasa dos 132 quilómetros cadrados, ten vinte parroquias e trinta e cinco lugares, e pregúntase quen foi o cerebro que deseñou este programa de cooperación, que non ten pes nin cabeza ao tratar de modo uniforme realidades tan diferentes. Por estas razóns, optarán pola abstención neste punto.

**Don Armando Ojea Bouza, portavoz do Grupo de DO,** di que o seu grupo podería estar de acordo nalgunhas das bases, e noutras parécelles moi discutible o seu contido, e tamén teñen unha filosofía diferente á hora de abordar este tema, polo que van votar en contra.

**Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista,** di que non hai moito que argumentar, porque neste asunto hai os mesmos acertos pero tamén os mesmos erros de sempre, e por iso vanse abster. Di que é importante que haxa un plan de obras financiado con fondos propios da Deputación, cuestión distinta é que o seu grupo entenda – e xa se discutirá no punto da súa moción – que con eses cartos que van sobrar se podería facer un plan moito mellor con criterios máis xustos para todos, pero ese é outro debate. Entrando xa o plan, o que cren é que debería facerse algo distinto na parte relativa á rede viaria provincial, que é algo que xa hai anos se prometeu que se ía facer e estudar polos técnicos, e que agora non corresponde ao Sr. Álvarez Dobaño, senón ao deputado que se senta ao seu carón (en referencia so Sr. Pérez Pérez, deputado – delegado de cooperación), que debería traballar un pouco máis e pasar menos tempo nas cafeterías, e cando se faga iso

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

ao mellor temos un plan serio, porque sucede que temos un deputado con dedicación exclusiva para este tipo de cousas e non vai ser capaz de traer ese plan nos catro anos, e dille que o Grupo Socialista está disposto a colaborar neste asunto e que si se trae aquí un plan serio que mereza ser aprobado, o seu grupo o aprobará, e cre que está sendo bastante claro, pero para iso o primeiro é traer o plan e discutilo. Di que son conscientes das limitacións económicas existentes, pero por iso hai que discutir un plan ao respecto, e pon como exemplo que no municipio de Cenlle, gobernado polo PP, hai unhas curvas nunha estrada provincial que levan quince anos para ser arranxadas, e conta tamén que ás veces os propios membros das brigadas de obras din que non entenden a dinámica de traballo á que se lles somete, porque hai veces que se lles manda ir ao Barco de Valdeorras e ao día seguinte se lles envía á outra punta da provincia, e isto non é serio, e implica un malgasto de diñeiro público.

**Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular,** dille ao Sr. Rodríguez Suárez que se nota que Vilar de Santos xa non é do pau, como se soe dicir, e hai que atizarlle, e dille que iso que se chama discriminación positiva existe, o que sucede é que o BNG a defende cando quere, e cando non, o critica. Dille ademais ao portavoz do BNG que debe ser de letras, coma el, porque as contas comparativas que botou da Deputación de A Coruña e a de Ourense non están ben botadas, e dille que as tería que repetir. Di que este plan provincial de cooperación ven funcionando así dende fai tempo, e agora falará del, pero antes quere responder a algunhas das cuestións que se lle formularon fóra deste punto da orde do día, e dirixíndose ao Sr. Gómez Pérez con respecto á posible privatización da xestión do servizo de recollida de lixo, dille que cando dixo que este asunto dependía do Sr. Presidente o que quería dicir é que é ao presidente a quen corresponde impulsar un proceso deste tipo, como lle correspondería ao alcalde se estivésemos nun concello, e non se refería a outra cousa que á iniciativa e impulso do proceso, e nada máis. Con respecto ao Museo Bolecha, dille que os orzamentos son unha simple previsión económica, e que si se concreta esa iniciativa o r. Gómez Pérez será debidamente informado aquí e nalgunha outra administración pública. Entrando a falar do plan provincial de cooperación, di que a Deputación ven facendo cada ano un importante esforzo para incrementar a partida destinada ás obras municipais, e así pasamos de 31.000 euros que aportaba a Deputación aos que había que engadir 10.000 que achegaba cada

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

concello aos 58.000 que teremos no ano 2017 integramente financiados pola Deputación, 55.000 para obras e 3.000 para contratos de servizos relacionados coa execución das obras. Ademais, estes fondo non teñen por qué destinarse a unha soa obra, e cada concello, en uso da súa autonomía, pode destinalos ás obras que considere oportunas. Di que se inclúe tamén no plan, dende hai uns anos, e isto foi unha novidade, á entidade local menor de Berán, con 27.500 euros, e que se mantén tamén o réxime especial para concellos en situación de insuficiencia financeira manifesta, que poderán adherirse ao réxime xeral ou solicitar que a deputación lles ingrese os 55.000 euros, en todo ou en parte, con destino á amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores ou ben financiamento de gasto corrente do concello correspondente á prestación de servizos mínimos obrigatorios, con exclusión dos gastos de retribucións ou indemnizacións de cargos políticos e de gastos que se topen total ou parcialmente cofinanciados por outras achegas desta Deputación. Por todo isto, di que non ve o motivo para que uns grupos (BNG e DO) voten en contra, e outro grupo (PSOE) se absteña nestas bases, que cre que son moi valoradas por tódolos concellos desta provincia, e como xa facía tempo que non dicía a súa frase xa famosa, a di agora: pau se remas, pau se non remas.

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG**, di que el é de ciencias, pero aínda sendo de letras son contas doadas de botar: se a Deputación de A Coruña ten 180 millóns e nós temos 77, iso é 2,3 veces máis de orzamento; e si o concello de Abegondo recibe 260.000 euros e o concello de Xinzo recibe 55.000, iso é 4,7 veces máis, co que a proporción cre que é clara. Di que se puxo como exemplo o concello de Vilar de Santos non foi por razóns políticas, senón porque é un concello próximo a Xinzo que representa un caso extremo do que queren denunciar, de trato indiferenciado de realidades absolutamente diferentes, e di que non sabe onde está aquí a discriminación positiva, e cre que si se lle pregunta aos veciños de Xinzo dirán que é unha discriminación máis ben negativa, porque as contas non saen.

**Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, dille ao portavoz do BNG que lle vale a resposta que lle deu sobre o ximnasio do balneario, o que non lle vale é que cre que iso é moi grave, e polo tanto haberá que estudar que é o que sucede nese suposto, porque estamos a falar de orzamentos e parece que os cartos públicos se lle estean a dar a entidades privadas, e esa é outra das grandes achegas que lle está a facer a esta



|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

institución o Sr. Presidente. Retomando o debate sobre o plan, di que postos a facer comparacións con outras deputacións, si se miran os datos da Deputación de Pontevedra, que destina 40 millóns tendo un orzamento que é o dobre do noso, iso implica que destinan dez veces máis que nós, proporcionalmente, e cre que con iso está todo dito e xa se debaterá, pero non é só unha cuestión de orzamentos, senón de vontade.

**Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, dille ao Sr. Rodríguez Suárez que segue facendo trampas cos números, porque el entendera que dixera un 2,3 % máis, e non 2,3 veces máis, e seguramente é que a primeira vez escoitou mal; pero de todos modos segue a facer trampas, e preguntalle se sabe cántos concellos ten a provincia de A Coruña, e cántos ten Ourense, e pídlle que faga as contas completas, e despois falamos; e logo ademais habería que falar doutras cousas, como por exemplo os servizos que a Deputación Provincial de Ourense presta directamente, como é o Servizo de Vías e Obras mediante as brigadas de cooperación, e A Coruña cónstalle que non as ten, e se quitamos todo iso seguimos facendo as contas. Di que lle segue a sorprender que digan que no a este plan, e que debe ser cousa do guión político, e agora como está de moda dicir que non, pois non é non, e non hai máis.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto sétimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto sétimo](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (13), a abstención do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e o voto en contra de Democracia Ourense (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

I.- Aprobar as bases para a elaboración e execución do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais e da Rede Viaria Provincial para o exercicio 2017, co seguinte teor literal:

**1ª) Obxecto.**

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación dos procedementos de elaboración e execución do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais e da Rede Viaria Provincial para o exercicio 2017.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

**2ª) Estrutura do Plan Provincial de Cooperación 2017. Distribución dos investimentos por concellos.**

1. O Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais para o exercicio 2017 comprenderá as seguintes clases de investimentos:

- Investimentos en obras de mellora e conservación da rede viaria provincial, de titularidade da Deputación Provincial.

- Investimentos en obras de competencia municipal, preferentemente as necesarias para a efectiva prestación dos servizos municipais obrigatorios enumerados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local.

2. O Plan Provincial 2017, tanto no apartado da rede viaria provincial coma no relativo ás obras municipais (neste caso ata o importe máximo establecido para cada termo municipal nestas bases) financiarase na súa integridade pola Deputación Provincial de Ourense, resultando en consecuencia o seguinte cadro básico de financiamento:

Obras municipais:

- Deputación Provincial: 100,00 %

Obras da Rede Viaria Provincial:

- Deputación Provincial: 100 %

3. Non obstante, no caso das obras municipais, os concellos voluntariamente poderán efectuar achegas adicionais para o financiamento das obras, alterándose automaticamente o cadro de financiamento neses supostos. Doutra banda, incluíranse igualmente no Plan Provincial, todas aquelas obras para as que os concellos soliciten a súa inclusión, dotadas de financiamento exclusivamente municipal ou procedente doutras administracións públicas, para os efectos de obter a declaración de utilidade pública de cara a posibilitar a obtención de terreos mediante expropiación forzosa.

4. A distribución do investimento prevista no Plan Provincial 2017 é a seguinte:

- a. Investimento total previsto na Rede Viaria Provincial: 2.000.000,00 €

Achega da Deputación á RVP (100%): 2.000.000,00 €

- b. Investimento total previsto en obras municipais: **5.363.500,00 €**, dos cales 5.087.500 € destinados á execución material das obras e 276.000,00 € destinados a servizos complementarios á execución das obras.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

Subvención Deputación obras municipais (100,00 %): **5.363.500,00 €**

5. A distribución territorial por concellos do investimento en obras municipais efectuarase mediante a asignación a cada concello da provincia dunha cota alícuota de investimento subvencionado, resultando un investimento por termo municipal de 58.000,00 €; da dita cantidade, 55.000,00 € destinaranse ó financiamento dos contratos de execución material das obras e 3.000,00 € ó financiamento dos contratos de servizos complementarios á execución das obras (con especial consideración das asistencias técnicas para a redacción de proxectos, a dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde das actuacións).

O investimento con cargo a fondos provinciais asignado a cada concello poderá dedicarse a unha ou varias obras, a elección dos concellos, podendo supoñer o seu financiamento íntegro ou parcial, sempre e cando as obras correspondan a competencias municipais.

Sen prexuízo do anterior, e tal e como se sinala no apartado 3, poderán incluírse investimentos de contía superior á achega provincial, correspondentes á mesma obra ou obras subvencionadas ou a outras obras, sempre e cando o concello achegue o financiamento complementario preciso.

6. No plan deberanse incluír, obrigatoriamente, obras adicionais, por importe de polo menos 55.000,00 €, para a utilización de remanentes producidos por anulación de obras. As ditas obras deben cumprir os requisitos necesarios para seren incluídas no Plan segundo o establecido nesta base.

7. Os remanentes das achegas provinciais obtidos por baixas na adxudicación das obras (tanto municipais como da rede viaria provincial), destinaranse na súa integridade ó financiamento de obras da rede viaria provincial; os remanentes das achegas municipais, de se-lo caso, reintegraranse ó concello respectivo.

### **3ª) Solicitudes dos concellos: prazos e documentación.**

#### **1. Solicitudes: requisitos xerais.**

Co fin de garantir o dereito dos municipios á participación na elaboración do Plan, estes poderán formular solicitudes para a inclusión de obras. As ditas solicitudes serán aceptadas obrigatoriamente pola Deputación Provincial, sempre que se formulen en tempo e forma e as obras reúnan os requisitos establecidos na base 2ª .

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

## 2. Prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes deberán dirixírselle ó presidente da Deputación e deberán ter entrada no rexistro xeral de documentos da Deputación ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común ata o 20 de decembro de 2016 inclusive. Este prazo terá carácter improrrogable. A falta de formulación da solicitude en prazo dará lugar á perda do dereito á participación no Plan Provincial.

## 3. Documentación das solicitudes.

As solicitudes deberán incluír a seguinte documentación:

- Certificación do acordo adoptado polo órgano municipal competente, solicitando a inclusión das obras no plan provincial e, de se-lo caso, a delegación da competencia para a súa contratación. No suposto en que o órgano municipal competente non fose o alcalde, e por razóns de urxencia non fose posible a adopción do acordo polo dito órgano competente antes do 20 de decembro de 2016, admitirase a presentación dunha resolución da Alcaldía, condicionada á adopción, antes do 10 de xaneiro de 2017, do correspondente acordo de ratificación polo órgano municipal competente.
- Modelo de solicitude, debidamente cuberto, con indicación de persoa de contacto e dirección de correo electrónico ós efectos de librar comunicacións.

Na solicitude e no acordo deben figurar a denominación descritiva das obras e o seu orzamento total, tendo en conta as seguintes regras:

- a. A denominación das obras deberá ser concreta e o suficientemente descritiva das actuacións (con expresa referencia ás principais unidades de obra para acometer) e da súa localización, con indicación do núcleo de poboación e da rúa onde se leven a cabo estas. Neste sentido, debe indicarse concretamente o núcleo ou núcleos onde se actuará polo seu nome propio, sen que sexan admisibles referencias a unha “zona”, “barrio” ou “parroquia” ou referencias semellantes. Nas obras de mellora e conservación da rede viaria municipal, figurarán ademais os puntos quilométricos entre os que se executan estas.
- b. Nas actuacións plurianuais, a continuación da descrición das actuacións, farase constar esta condición, así como a anualidade á que se refire o investimento para o que se solicita a inclusión no Plan de cooperación.
- c. Nas obras correspondentes a unha fase determinada dun proxecto, a continuación da

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

descripción de actuacións farase constar a fase á que se refire o investimento para o que se solicita a inclusión no Plan de cooperación. Para estes efectos, debe terse en conta que cada fase debe ter a condición dunha obra completa, susceptible de uso público independente, sen prexuízo da súa integración nun proxecto complexo.

d. Cando unha solicitude recolla obras de diversa natureza para satisfacer máis dun servizo, incluírase en primeiro lugar a denominación da obra de maior importe económico (por exemplo, nunha obra de abastecemento e pavimentación, se o abastecemento ten maior importe económico describirase como “abastecemento e pavimentación en..”).

e. No orzamento total das obras entenderase incluído o IVE. Non se considerarán incluídos, en cambio, os custos de redacción de proxectos nin os honorarios de dirección de obras e coordinación de seguridade e saúde, que serán obxecto de contratación independente.

4. Para a formulación das súas solicitudes, os concellos deberán ter en conta os datos da Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais.

5. Elaboración do proxecto de Plan Provincial. Corrección de deficiencias.

Unha vez rematado o prazo de formulación de solicitudes, o Negociado de Obras e Infraestruturas da Sección de Contratación procederá á elaboración do proxecto de Plan para o exercicio 2017, que será sometido ó ditame da comisión informativa de Plans Provinciais, Vías e Obras e Cooperación, e á aprobación inicial por parte do Pleno na sesión ordinaria de 27 de xaneiro de 2017.

No período de elaboración do documento, o Negociado de Obras e Infraestruturas comunicaralles telefonicamente aos concellos as posibles deficiencias observadas nas solicitudes, para a súa corrección urxente polos concellos dentro do dito prazo.

6. Consecuencias da presentación extemporánea de solicitudes ou da falta de corrección de deficiencias.

No caso de que os concellos non remitan a súa solicitude dentro do prazo establecido, ou non corrixan as deficiencias observadas, a Deputación non incluírá ningún investimento para ese concello no Plan Provincial. O remanente de financiamento resultante destinarase a obras adicionais na rede viaria provincial.

**4ª) Tramitación do Plan Provincial:**

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

Unha vez aprobado inicialmente polo Pleno, o Plan Provincial será sometido a información pública por dez días hábiles mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia. De formularse alegacións, estas serán resoltas polo Pleno. De non formularse alegacións, o Plan considerase definitivamente aprobado.

Unha vez aprobado definitivamente o plan, a Presidencia da Deputación fará pública esta circunstancia mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, iniciándose o prazo de execución.

As modificacións relativas ás obras municipais que teñan de tramitarse a instancias dos concellos respectivos logo da aprobación definitiva do plan (tales coma modificacións dos orzamentos das obras que afecten exclusivamente ás achegas municipais, cambios na denominación das obras, incorporación e baixa de obras do plan,..), serán autorizadas por acordo da Xunta de Goberno provincial, sempre que non afecten ao orzamento total do plan nin á súa distribución por municipios. Idéntica regra resultará de aplicación as modificacións que deban introducirse nas actuacións correspondentes á rede viaria provincial logo da aprobación definitiva do plan.

**5ª) Execución do Plan Provincial:**

A competencia para a execución das obras comprendidas no Plan Provincial, tanto no relativo ás actuacións na rede viaria provincial coma ás obras municipais, corresponderalle á Deputación Provincial mediante a contratación de ditas obras con empresa solvente a través dos procedementos e co réxime establecido para a contratación de obras públicas na vixente lexislación de contratos do sector público.

Non obstante o anterior, os concellos que realicen achegas complementarias por importe superior ó 50% do financiamento comprometido pola deputación provincial para execución material das obras (55.000,00 € por termo municipal), poderán solicitar a delegación para a contratación da obra ou obras correspondentes.

En ningún caso poderá acordarse a execución por administración das obras financiadas con cargo o plan provincial

A Deputación Provincial (e no seu caso os concellos) deberán adxudicar as obras antes do 30 de xullo de 2017 e as obras deberán quedar totalmente rematadas antes do 31 de decembro de 2017; non obstante o anterior e sempre que concorra causa xustificativa suficiente, poderá acordarse a prórroga do prazo de execución das actuacións incluídas no

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

plan polo tempo indispensable para o seu remate, cun máximo dun ano a contar desde a data da súa adxudicación.

A contratación das asistencias técnicas que teñan por obxecto a redacción de proxectos e a dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde nas obras municipais, realizarase pola deputación con cargo o crédito consignado con tal fin nestas bases. Non obstante o anterior, entenderase delegada a competencia para a contratación das ditas asistencias técnicas a favor de aqueles concellos que, en consideración ó investimento municipal comprometido, teñan solicitado a delegación da competencia para a contratación das obras.

#### **6ª) Execución das obras pola Deputación**

1. A Deputación procederá á contratación das obras da rede viaria provincial (en todo caso) e das obras municipais que non teñan sido obxecto de delegación consonte coa base anterior.

2. Para a contratación das obras municipais pola Deputación, os concellos deberán cumprimentar, antes do 28 de abril de 2017, os seguintes trámites:

- Remisión á Deputación Provincial do acordo do órgano municipal competente contendo as seguintes determinacións:

a) Aprobación do proxecto técnico de obras

b) Declaración expresa de que a actuación proposta cumpre coa lexislación e a ordenación urbanística aplicable e dispón das autorizacións sectoriais esixibles. Non obstante, cando a autorización sectorial esixible sexa a da propia Deputación no exercicio das súas competencias en materia de defensa das estradas provinciais, o acordo municipal indicará dito extremo, tramitándose de oficio pola Deputación a correspondente autorización.

c) Posta á disposición da Deputación Provincial dos terreos necesarios para a execución das obras.

d) Compromiso de asumir tódalas indemnizacións que resulten procedentes cando as obras non poidan executarse por falta de disposición dos terreos ou das autorizacións necesarias con dito fin.

- Remisión da acta de planeamento previo (replanteo) das obras, debidamente asinada polo alcalde e polo redactor do proxecto.

#### **7ª) Execución das obras por delegación**

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

Para a execución das obras municipais por delegación, os concellos deberán remitir á deputación, antes do 28 de abril de 2017, os documentos relacionados no apartado segundo da base anterior (a excepción da posta a disposición dos terreos a favor da deputación) xunto co proxecto técnico correspondente -os ditos efectos, a solicitude de delegación de competencia para a contratación das obras levará implícita, consonte coa base 5ª, a delegación da competencia para a contratación da redacción do pertinente proxecto técnico e as demais asistencia técnicas complementarias á execución das obras- e o compromiso de efectuar as achegas precisas para o financiamento da actuación na contía necesaria para completar a achega provincial.

Logo de verificada a corrección e suficiencia da documentación achegada, previo o informe favorable da Oficina provincial de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras e comprometida a achega municipal na porcentaxe esixida ós ditos efectos, concederáse por resolución da presidencia a delegación da competencia para a contratación das obras.

A deputación librará o 75% da súa achega á remisión do certificado acreditativo da adxudicación das obras e de formalización do pertinente contrato. O 25% restante librarase coa achega do certificado de finalización das obras xunto coa acta de recepción e a foto do cartel de obra consonte co modelo aprobado ós ditos efectos por esta deputación.

**8ª) Adquisición dos terreos necesarios para a execución das obras. Expropiación forzosa.**

No suposto en que sexa necesaria a expropiación forzosa de bens ou dereitos, o concello comunicarlle esta circunstancia á Deputación, que procederá á dita expropiación, sendo de conta do concello os custes derivados da expropiación. Para estes efectos, os concellos subscribirán un convenio de colaboración coa Deputación Provincial, no que se recollerán as obrigas do concello no procedemento expropiatorio.

**9ª) Réxime especial para os concellos en situación de insuficiencia financeira manifesta.**

Os concellos que, de conformidade cos criterios que seguidamente se determinan e tras a oportuna xustificación previa da dita circunstancia perante a Intervención Provincial, se atopen nunha situación manifesta de insuficiencia financeira, poderán optar entre adherirse ao réxime xeral contemplado nas bases anteriores ou solicitar da Deputación o ingreso nas arcas municipais en todo o parte do importe da achega provincial ás obras municipais (ata



|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

55.000,00 €) con destino á amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores ou ao financiamento de gasto corrente do concello correspondente á prestación de servizos mínimos obrigatorios, con exclusión dos gastos de retribucións, axudas de custo e asistencias de cargos representativos ou de designación política e dos gastos de servizos que se atopen total ou parcialmente financiados con achegas da Deputación Provincial diferentes ás previstas na presente base. A xustificación da utilización dos fondos percibidos ao abeiro do disposto nesta cláusula, achegarase antes do 1 de decembro de 2017 mediante conta xustificativa asinada polo alcalde e o interventor de fondos do concello, con suxeición ao disposto na lexislación vixente en materia de subvencións.

Para os efectos do establecido nesta base, consideraranse incursos en situación de insuficiencia financeira manifesta os concellos que na liquidación do exercicio de 2015 presenten resultado orzamentario negativo e remanente de tesourería negativo.

Así mesmo, os concellos cuxo nivel de endebedamento fose superior ao 110% no ano 2015 poderán dispoñer desta cantidade para pagamento de débeda.

**10ª) Réxime especial para a entidade local menor de Berán.**

A entidade local menor de Berán, nos mesmos termos fixados nas bases anteriores para os concellos, poderá beneficiarse dunha achega provincial por importe de 27.500,00 € con destino a investimentos en servizos da súa competencia ou, de se-lo caso, á amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores ou ao financiamento de gasto corrente da entidade previa a xustificación de atoparse incurso en situación de insuficiencia financeira manifesta.

II.- Someter as presentes bases a información pública, mediante anuncio no BOP, por prazo de 10 días hábiles, co fin de que as entidades locais interesadas poidan formular as alegacións ou reclamacións que consideren oportunas. En caso de non presentarse alegacións ou reclamacións, as bases entenderanse aprobadas definitivamente. No caso de que se presente algunha reclamación ou alegación serán obxecto de resolución polo Pleno.

**8º.- PROGRAMA DE COOPERACIÓN PARA O COFINANCIAMENTO COS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HATIBANTES DA ADQUISICIÓN DE DESFIBRILADORES.**

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Igualdade, Benestar e Emprego.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**Dona Isabel Gil Álvarez, portavoz do Grupo Socialista**, anuncia o voto a favor do seu grupo a este programa, voto que se motiva no feito de que se recolla a proposta do Grupo Socialista en canto á formación das persoas que deben manexar os desfibriladores, e se congratulan de que se recolla unha das propostas do seu grupo, relativa á formación de catro persoas, aínda que o seu grupo cre que deberían ser seis. Di que é moi importante esta formación para que o programa teña utilidade.

**Don Rosendo L. Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular**, agradece o voto afirmativo que expresou a Sr. Álvarez Gil, e di que o procedemento seguido foi o esixido pola Ordenanza de subvencións da Deputación, que establece un trámite de información pública de dez días hábiles, trámite que se levou a cabo e non que nin os concellos nin os deputados e deputadas fixeron ningún tipo de alegación, polo que o normal é que se vote favorablemente. Congratúlase ademais desta iniciativa do Sr. Presidente e do equipo de goberno, porque aspira a que Ourense chegue a ser unha provincia cardioprotexida, e cónstalle que xa son varios os concellos que se puxeron en contacto coa Deputación para participar no programa. Dille á Sra. Álvarez Gil, en relación ao debate sobre este asunto na sesión de xullo, como consecuencia dunha moción do Grupo Popular, que na comarca de Celanova hai desfibriladores en tódolos concellos (incluso hai algún concello que ten dous) e en tódolos centros de saúde, agás naquel onde traballa ela, en Ramirás.

**Dona Isabel Gil Álvarez, portavoz do Grupo Socialista**, lembra que o seu grupo fixo unha proposta para que se incluíse a formación dun grupo de seis persoas para o manexo dos desfibriladores, e puxo incluso un exemplo para que os desfibriladores non quedaran almacenados nos concellos e sen uso; con respecto ao tema da existencia de desfibriladores en tódolos centros de saúde, si que será agora, porque fai un ano non os había, agás no centro de saúde de Celanova.

**Don Rosendo L. Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular**, di que xa os había, e de feito no centro de saúde de A Merca, onde el traballaba como médico, está seguro de que o había porque el tivo que utilizalo nalgunha ocasión, e di que os hai en tódolos centros de saúde da comarca, agás no de Ramirás. Recoñece que é certo que a Sra. Gil Álvarez fixo

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

propostas neste tema, e que se falara da importancia da formación para o seu manexo, aínda que no caso dos centros de saúde, nos que hai persoal sanitario, malo será que non se saiban manexar, e nos concellos se ubicarán onde os alcaldes o consideren oportuno, e as bases esixen en todo caso que haxa persoal capacitado para manexalo, á marxe do criterio numérico de que sexan catro ou seis.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto oitavo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto oitavo](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (13), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar as bases do Programa de cooperación para a cofinanciamento cos concellos de menos de 20.000 habitantes da adquisición de desfibriladores, co seguinte contido:

**1ª) Obxecto:**

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación e convocatoria do Programa provincial de cooperación cos concellos da provincia para o cofinanciamento da adquisición de desfibriladores no exercicio 2016, ao abeiro do previsto no *artigo 10 da vixente Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense (BOP núm. 260 de data 12.11.2015)*. A finalidade deste Programa é a contribución da administración provincial á dotación, mediante contrato/s de subministro de aparellos desfibriladores nos concellos da provincia para a súa localización en espazos de gran afluencia da veciñanza e contribuír a que a provincia de Ourense teña a consideración de *provincia cardioprotexida*, en coherencia coa visión integral do territorio que persegue esta Deputación.

**2ª) Beneficiarios. Gastos subvencionables.**

**1.** Poderán obter subvención no marco do programa regulado nas presentes bases os concellos da provincia que reúnan os seguintes requisitos:

- Ter menos de 20.000 habitantes, segundo os datos oficiais do INE a 31.12.2015.

**2.** Terán a consideración de gastos subvencionables todos os que, tendo este carácter conforme coa lexislación vixente en materia de subvencións, financien os anteditos contratos de subministro.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

**3ª) Contía das subvencións:**

A subvención concedida a cada concello acadará unha porcentaxe do 50 % do importe da adquisición en función do presuposto remitido polo concello, co límite máximo de 1.977,00 € de achega provincial.

**4ª) Disponibilidades orzamentarias:**

Para as subvencións incluídas na presente convocatoria consignarase o crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2016, por importe global máximo de 63.000,00 €.

**5ª) Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación:**

1. As solicitudes, subscritas polo alcalde interesado, ou concelleiro no que delegue, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial, e poderán presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación será de vinte (20) días hábiles, contado a partir do día seguinte ao da data de publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia. O dito prazo terá carácter improrrogable.

2. As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:

- Certificado da aprobación, polo órgano competente do concello, da solicitude de subvención ao abeiro das presentes bases reguladoras.

- Declaración, subscrita polo presidente, de que o concello non se atopa incurso en ningunha prohibición de percibir subvencións públicas conforme co disposto no artigo 13 da Lei xeral de subvencións.

- Declaración do conxunto de axudas ou subvencións públicas solicitadas polo concello ou que lle fosen concedidas para o financiamento do obxecto para o que se solicita subvención.

- Memoria descritiva do desfibrilador que se propón adquirir, onde consten as características técnicas do mesmo, a dotación de cabina de alarma ou funda de transporte, o presuposto de adquisición e se este inclúe ou non a formación obrigatoria sobre soporte vital básico e DESA para un mínimo de catro (4) persoas que designe o concello.

**6ª) Procedemento de concesión:**

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

Establécese como procedemento de concesión o de concorrencia competitiva, mediante a comparación e baremación das solicitudes presentadas e admitidas a trámite. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiráselle ao Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio da Deputación, para a instrución do expediente.

Unha vez examinada a documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata dez (10) días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación presentada.

Unha vez emitido o trámite de emenda, se é o caso, o expediente remitiráselle á Comisión de Valoración, que procederá a formular proposta de resolución conforme cos criterios de concesión recollidos na base 8ª.

**7ª) Comisión de valoración:**

A comisión de valoración estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: o deputado delegado de administración provincial.

Vogais:

- A interventora da Deputación, ou funcionario que legalmente a substitúa.
- O vicesecretario xeral da Deputación, ou funcionario que legalmente o substitúa.
- A xefa do negociado de saúde laboral.

Actuará como secretario da comisión o xefe do Servizo de Investimentos, Patrimonio e Subvencións da Deputación, ou o funcionario que legalmente o substitúa.

Os membros da comisión atópanse suxeitos aos deberes de abstención establecidos na lexislación de réxime xurídico das administracións públicas.

**8ª) Criterios para o outorgamento e fixación da contía das subvencións:**

1. Para o outorgamento das subvencións, a comisión de valoración aplicará os seguintes criterios:

- dotación técnica mínima que debe ter o desfibrilador (de non acreditar o seu cumprimento na memoria técnica a remitir coa solicitude, esta será excluída da valoración e a subvención denegada): apto para o seu emprego en superficies húmidas e metálicas, chave para desfibrilación pediátrica, equipo de osixenoterapia profesional de emerxencia, kit de resposta rápida, autochequeo completo e diario e, en todo caso, a dotación descrita no Anexo II do Decreto 99/2005 da Consellería de Sanidade.

- dotación técnica puntuable do desfibrilador proposto, de acordo coas seguintes regras:

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

- a) dotación de cabina de alarma ou funda de transporte: 1 punto
  - b) formación obrigatoria sobre soporte vital básico e DESA para un mínimo de catro
- (4) persoas que designe o concello: 1 punto
- número de habitantes do concello na data 31.12.2015 segundo os datos oficiais do INE, de acordo cos seguintes tramos:
    - a) menos de 1000 habitantes: 5 puntos.
    - b) entre 1001 e 2000 habitantes: 4 puntos.
    - c) entre 2001 e 5000 habitantes: 3 puntos.
    - d) entre 5001 e 10000 habitantes: 2 puntos.
    - e) entre 10001 e 20000 habitantes: 1 punto.

No caso de empate a puntuación entre solicitantes, este resolverase sempre a favor do concello con menor número de habitantes.

**2.** A comisión de valoración cualificará as solicitudes formuladas conforme cos criterios sinalados, formulando unha prelación de solicitudes. A continuación propórase a concesión da subvención do 50 % do presuposto remitido pola orde de prelación efectuada ata esgotar o crédito.

**3.** Establécese a posibilidade de que no caso de que algún concello dos propostos rexeite ou non comunique a aceptación da subvención en tempo e forma, se poida formular proposta a favor do seguinte na orde da prelación.

**4.** Igualmente, establécese a posibilidade de que aquelas solicitudes que non acaden subvención pola orde de prelación establecido ao esgotarse o crédito dispoñible para 2016, queden nunha lista de reserva durante o primeiro semestre do ano 2017, tendo dereito á subvención solicitada de dotarse crédito para esta finalidade no Orzamento Xeral da Deputación para o ano 2017.

**9ª) Resolución:**

**1.** A proposta da comisión de valoración elevaráselle á Presidencia da Deputación, que adoptará o acordo de resolución no prazo máximo de dous (2) meses dende o remate do prazo da emenda de deficiencias documentais, se é o caso, ou dende o remate do prazo de presentación de instancias. A falla de resolución expresa no dito prazo terá o efecto dun acto presunto desestimatorio.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

A resolución axustarase á proposta da comisión de valoración, agás naqueles supostos nos que a Presidencia considere que a dita proposta incorre en infracción do disposto nas presentes bases ou na lexislación aplicable, en cuxo caso adoptará a resolución oportuna, corrixindo a proposta da comisión, tralos informes previos que se estimen precisos.

2. Unha vez publicada a resolución, os beneficiarios disporán dun prazo de dez (10) días hábiles para comunicar o rexeitamento ou aceptación da subvención concedida, entendéndose que a rexeitan no caso de non efectuar ningunha comunicación expresa no dito prazo. No caso de rexeitamento, os remanentes empregaranse de acordo co indicado na base 8.3. para realizar sucesivas resolucións de concesión complementarias ata esgotar o crédito dispoñible.

**10ª) Publicidade da concesión:**

1. O acordo de outorgamento será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia, con expresión dos beneficiarios e contía das subvencións concedidas. Ao abeiro do establecido no artigo 59.6.b) da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, esta publicación substituirá á notificación individual para todos os efectos.

2. A data da anterior de publicación no BOP será a que terá a consideración de dies a quo para a aceptación ou rexeitamento da subvención, consonte o previsto na base 9.2.

**11ª) Xustificación da subvención:**

1. Os concellos beneficiarios deberán xustificar a subvención ante a Deputación, antes do 15 de decembro de 2016. Este prazo terá carácter improrrogable.

2. A xustificación realizarase mediante a presentación dos seguintes documentos:

A) Certificación expedida polo secretario do concello na que se indique que a contía do orzamento que serviu de base para o outorgamento da subvención, incluíndo o gasto subvencionable, foi obxecto de recoñecemento da obrigaón no exercicio 2016.

B) Certificación do secretario do concello das subvencións ou axudas públicas concedidas para o financiamento do contrato subvencionado.

C) Certificación da conta corrente do concello para a realización do pagamento da subvención.

D) Copia da factura e acta de recepción do subministro do desfibrilador.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

3. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago no acto de xustificación.

Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pagamento da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos xustificadas. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como a imposición das sancións que procedan.

4. De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización de gasto por unha contía igual ou superior á presentada na solicitude que serviu de base para a concesión da subvención. No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente.

A falla de xustificación en prazo dará lugar á perda total do dereito á subvención, que será declarada pola Presidencia.

**12ª) Obrigas dos beneficiarios:**

Con carácter xeral, os concellos beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro nos casos previstos na mencionada lei. Así mesmo, no lugar onde se localice o desfibrilador servizos deberá figurar, de xeito visible, un cartel informativo no cal constará o cofinanciamento por parte da Deputación Provincial de Ourense.

**13ª) Normativa supletoria:**

En todo o non disposto nestas bases, seralles de aplicación á presente convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro, o disposto na normativa de subvencións aplicable á Deputación Provincial, así como na lexislación aplicable en materia de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

**Segundo:** Publicar as presentes bases no BOP consonte ao sinalado na base 5ª.

**9º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A MELLORA DOS**



|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

**PROCEDEMENTOS DE CONTRATACIÓN.-**

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda a esta moción, e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que defenda o contido da moción.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que emendas como esta non se presentan para facer achegas á moción, senón para desvirtuala. Di que a súa é unha moción que pretende ser positiva ou construtiva, na que se propón abrir un proceso selectivo de empresas interesadas en contratar con esta Deputación, no que se terá en conta a clasificación empresarial, a solvencia técnica debidamente acreditada, o volume de obra e a creación de postos de traballo entre outros, e o listado de empresas funcionará de forma similar a unha bolsa de emprego para que todas as empresas poidan ter actividade, e terase en conta ás empresas do municipio ou comarca onde se contrata a obra, o que tamén lle parece importante; tamén se propón que esta proposta sexa negociado coas asociacións empresarias e sindicais, e dialogada na comisión informativa correspondente, para ser aprobada polo pleno da Deputación no prazo de dous meses. Esa é a proposta da súa moción, datada o 14 de xullo de 2016, e estamos a finais de setembro, pero en xullo non se puido debater a moción porque non lle deu a gana ao Sr. Presidente; di que en boa medida esta moción veu dada polas queixas que as asociacións de empresarios lle transmitiron entón ao seu grupo, e agora, á vista dos resultados electorais, di que si se producen estes resultados algúns non poden logo queixarse de que pase o que pasa, que catro empresas levan a inmensa maioría das obras da Deputación, e se non queren que isto ocorre, como soe dicirse, o que quere peixes, que se molle e vaia ao río.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG**, di que a crise económica provocada polo sistema capitalista e a solución neoliberal do recorte sen fin do sector público, terminarán por aniquilar os sistemas produtivos locais nos ámbitos periféricos aos grandes centros de decisión, se non hai unha aposta decidida por inverter as tendencias, e que esta afirmación é válida independentemente da escala de análise que empregemos, aínda que pola gravidade do proceso debamos resaltar o desmantelamento actual da economía galega ou a parálise económica que sofre hoxe en día a provincia de Ourense. Di que nesta loita para superar a crise modificando o modelo sistémico actual, a Deputación provincial de Ourense pode e debe, ou debería, erixirse en modelo e motor de

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

cambio, e entende que a presente moción pretende dar un paso máis nese camiño, apostando pola economía local, ética e responsable, e que existen noutras provincias do país e do Estado diferentes modelos de cartas locais ou compromisos que inciden na aposta pola contratación de empresas que asuman compromisos de contratación pública local, ética e responsable; por iso é necesario introducir unha nova normativa para aumentar a transparencia da xestión administrativa dos contratos, co obxectivo de favorecer o traslado de información desde a Administración local ás empresas e á cidadanía. Engade que o compromiso de contratación pública local, ética e responsable introducirá unha serie de criterios sociais, ambientais, éticos, laborais e de igualdade para primar a aquelas empresas con responsabilidade social corporativa, e por isto o grupo provincial do BNG aposta porque desde a Deputación se asuma un compromiso de contratación pública local, ética e responsable, sen menoscabo dos principios de eficacia e eficiencia que rexen ou deberían rexer o gasto público, dando preferencia na adxudicación cando exista igualdade entre as ofertas a aquelas empresas que aposten por un compromiso ético e unha transformación económica máis solidaria, o que favorecerá a contratación de empresas que presenten beneficios adicionais, introducindo nos pregos cláusulas sociais e ambientais, relativas ao fomento da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, a sustentabilidade ambiental ou o emprego entre parados de longa duración, mocidade, persoas discapacitadas ou en risco de exclusión, e si apostamos por este procedemento de contratación evitaremos situacións como as denunciadas por algún anónimo que lles chegou á oficina do seu grupo, á que da lectura literal, co seguinte texto:

*Consigue obras de la diputación de Ourense, a través de subcontrataciones. Obras públicas de la diputación y ayuntamientos de la provincia de Ourense. Todos tienen en común que gobierna el mismo partido político.*

*Contrata trabajadores constantemente nuevos. Saca a la gente del paro. Paga el primer mes de nómina y no vuelve a pagar a los trabajadores hasta que desisten y solicitan la baja voluntaria.*

*Obliga a los trabajadores a pagarse la dieta. No paga las dietas a los trabajadores. No paga a los trabajadores lo que les debe y cobra los trabajos realizados de la diputación de Ourense, además de ayuntamientos de la provincia de Ourense.*

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

*Este empresario no es la primera vez que realiza este modus operandi, ya lo ha utilizado con otras sociedades mercantiles hasta la quiebra, una y otra vez. ¿Dónde está el dinero?*

Conclúe o **Sr. Rodríguez Suárez** anunciando o seu voto a favor da moción, porque entende que podería ser un primeiro paso para abordar toda esta problemática dende un punto de vista máis global e recoller parámetros como os que acaba de expoñer e, sobre todo, evitar situacións como a que este anónimo denuncia e que hoxe son o noso pan de cada día nesta provincia.

**Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO**, di que é coñecida a posición de DO en canto á necesidade de modificar os procesos de contratación administrativa na Deputación, e como lembrarán todos consideran sospeitoso que os contratos caian sistematicamente nun número reducido de empresas, sospeita que xa trasladaron á Fiscalía, por si atopase os indicios que o seu grupo cre que existen de distorsións nestes procesos. Por esta razón, coinciden co espírito da moción, en canto a que algo debe cambiar nos procesos de contratación, para que desapareza esa situación sospeitosa de acumulación de contratos nunhas poucas empresas, algunha das cales non debe ser moi solvente, se é certo o que di o anónimo que acaba de facer público o portavoz do BNG, cousa que, por certo, non lle sorprendería nada. O que lle parece máis discutible son as solucións concretas que a moción propón, porque DO estima que si a Lei se cumprise estritamente, na súa norma e no seu espírito, e se deixase competir libremente ás empresas, sen favoritismos, non sería necesario chegar a isto. Cre que a realización dun proceso selectivo como o que se propón incrementaría a burocracia que soportan as empresas, e o funcionamento como unha bolsa de emprego requiriría unha actualización continua, porque as empresas nacen e morren case cada día, e tampouco lles parece un valor que a empresa que se contrate teña que ser necesariamente do entorno territorial da obra, porque a prioridade é o cidadán, e as contratacións non se fan para favorecer ás empresas, senón aos cidadáns, o que non quita que como valor engadido ou efecto colateral se xere emprego ou riqueza, pero en todo caso a propia dinámica do mercado xa faría que as empresas do entorno fosen as que levaran a maior parte dos contratos. Engade que teñen incluso dúbidas de que isto se poida facer así legalmente, porque habería empresas que poderían dicir que eles con cumprir a lexislación de contratación xa deberían poder acceder aos contratos sen ter que soportar máis burocracia. Polo exposto, e facendo fincapé na

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

necesidade de que cambien estes procesos na Deputación, cuestión na que teñen unha esencial coincidencia co Grupo Socialista, e ás espera do que poida suceder coa denuncia interposta polo seu grupo ante a Fiscalía, vanse abster, aínda que a súa vontade sería a de votar a favor, polas dúbidas expostas no desenvolvemento concreto das medidas propostas.

**Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, anuncia que o seu grupo vai votar en contra, por necesidade legal, porque a Deputación de Ourense dispón xa dun rexistro oficial de contratistas, onde calquera entidade mercantil interesada pode inscribirse sempre que cumpra os requisitos legais, para os efectos de ter oportunidade de negocio no sector. Di que o que se propón na moción é unha especie de procedemento restrinxido, por chamalo dalgún xeito, xa previsto na lexislación de contratos para determinados supostos, sendo un procedemento que pretende garantir unha maior solvencia das empresas pero ten como contrapartida a lentitude do procedemento de adxudicación. No que se refire ás esixencias de clasificación, di que a lexislación de contratos só as prevé para contratos de valor estimado superior a 500.000 euros, polo que podería resultar desproporcionada para contratos menores (e engade que, dende o seu punto de vista, sería ilegal); ademais, as referencias aos criterios de arraigo, veciñanza ou nacionalidade, son incompatibles coa lexislación estatal e comunitaria segundo reiteradísima xurisprudencia. Di que a Deputación adxudica os contratos menores seguindo o procedemento legalmente previsto en aras dunha maior axilidade na tramitación, e posibilitando ao mesmo tempo maior eficacia na execución do gasto e tamén da regra de gasto imposta polo Goberno. Polo tanto, e sen deixar de recoñecer o habilidoso oportunismo político do Sr. Gómez Pérez, o Grupo Popular vese na necesidade de presentar unha emenda de substitución, e o fan con ánimo positivo, co texto seguinte na parte dispositiva: primeiro, cumprir a lexislación vixente en materia de contratación sen autolimitacións con respecto aos procedementos de contratación, e, segundo, continuar co traballo desenvolvido que permite á Deputación de Ourense liderar, coa máxima puntuación, a Área de Transparencia nas contratacións de servizos segundo o ránking dos gobernos provinciais de España elaborado por Transparencia Internacional.

**Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que si hai un rexistro de licitadores na Deputación, e tendo en conta que na emenda se di que se cumprirá a lexislación de contratos sen autolimitacións, pregunta qué se quere dicir con iso de

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

autolimitacións, porque actualmente o que hai é unha autolimitación que xa pon o Goberno provincial, a cinco empresas, e pode citalas cos seus nomes: Benigno Álvarez, Viso, Cruzval, Explotaciones Medioambientales e Camiños de Ourense, que son as que levan a maioría das obras, cando só en Ourense capital hai 117 empresas, sen contar o resto da provincia. Di que xa saben que as empresas non poden ser necesariamente dunha determinada zona (como lembra facía un antigo alcalde de Ribadavia, que saíra en todos os medios de comunicación nacionais por dicir que os empregados do concellos deberían ser todos de alí) pero o Grupo Popular cae nunha contradición, e pregúntase para qué está a ourensanía de que tanto alardean, e pregunta por qué entón son sempre catro as empresa de Ourense ás que se contrata, porque con ese mesmo criterio seguramente podería haber tamén empresas doutras provincias, si se utiliza o mesmo argumento que acaba de empregar o Sr. Álvarez Dobaño. Di que o que pon as autolimitacións é o equipo de gobenro, e pon ademais as autolimitacións que lle da a gana, e se non se quere facer un debate serio, perfecto, e en canto á acusación de oportunismo político, di que lle pregunten aos da asociación de empresarios da construción, e xa se verá qué oportunismo político pode ter o Grupo Socialista neste asunto e a estas alturas. Di que eles xa fixeron o seu traballo presentando a proposta, e que se o PP non a quere aprobar, é a súa decisión, e engade que votarán en contra da emenda de substitución, que cualifica como tomadura de pelo, e di que coa maioría que ten o PP escusaba de presentar esa emenda.

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG**, di que o dato que acaba de poñer o portavoz socialista enriba da mesa debería ser suficiente para suscitar unha reflexión e deducir que algo non está a funcionar ben nos procedementos de contratación cando acontece na práctica e na realidade o que se acaba de explicar. Con respecto á emenda, lembra a súa intervención ao inicio da sesión, e di que non quere coartar en absoluto a liberdade do Grupo Popular para presentar emendas, o único que están poñendo en cuestión é o curso e o procedemento que se lle da neste pleno para aceptar as emendas, e cren que debería ser o grupo propoñente o que aceptase previamente as emendas, e en caso de non aceptalas, que se votase a moción na súa versión orixinal. Di que non entende para que se vai aprobar o que se di na emenda, que van cumprir a lexislación, nunha moción na que se propuña inicialmente unha serie de medidas para modificar o sistema de contratación, xa que algo así non ten sentido, porque é aprobar o obvio, o

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

segundo apartado da emenda, o da transparencia, é algo que puxeron aí para rirse na cara da oposición e chamalos parvos, e por todo isto votarán en contra da emenda.

**Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO**, di que o Sr. Álvarez Dobaño manifestou que dar preferencia ás empresas dun determinado entorno iría contra a libre circulación de servizos da Unión Europea, algo que xa adiantara el na súa intervención; pero tamén é sospeitoso que sempre sexan as mesmas cinco empresas, e resulta curioso que isto suceda nun momento de crise do sector da construción, e di que de algunha maneira hai que solucionar iso, si estas propostas concretas non poden ser, porque cre que a calquera persoa con dous dedos de fronte isto lle resulta o suficientemente sospeitoso como para iniciar un proceso de auditoría ou fiscalización. Con respecto á emenda do PP, di que é unha emenda de *cachondeo*, porque como dixo o portavoz do BNG, o regulamento no tema das mocións non ten nin pes nin cabeza, e iso habería que cambialo, no senso que acaba de expoñerse, que semella o máis lóxico, e por iso rexeitarán a emenda do PP, e absteranse na moción do Grupo Socialista.

**Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular**, di que polo visto tamén debe formar parte do guión o deixar caer suposicións, como o Sr. Rodríguez Suárez que di que algo non funciona ben, e di que si hai irregularidades, que as denuncien, que é a súa obriga, como fixo DO, de cuxa denuncia dirá algo despois. Con respecto a que a emenda do PP é un *cachondeo*, porque é aprobar o que di a Lei, como dixo o Sr. Rodríguez Suárez, pregúntase qué será entón aprobar unha moción que vai contra a lei. Dille ao Sr. Ojea que, en relación cunha moción de DO sobre este mesmo tema que se debaeu no mes de xuño, aínda que non se votou, xa dixo o que vai repetir agora: primeiro, que a Deputación financia en exclusiva os plans provinciais, agás que os concellos fagan achegas complementarias, que si exceden o 50 % da achega provincial, poden pedir e obter a delegación da competencia para contratar as obras; di que estes plans están supoñendo un gran esforzo da Deputación, pasando o importe do plan para cada concello de 50.000 a 60.000 euros ao longo deste mandato, e lembra que este goberno provincial, por lei, pode adjudicar por procedemento negociado sen publicidade, con só pedir tres ofertas, obras de ata 200.000 euros, e lembra tamén que foi o Sr. Presidente, sen que ninguén llo pedira, o que autolimitou esa potestade ata 60.000. Pois ben: hoxe, o Grupo Popular pídelle formalmente ao Sr. Presidente que cumpra a Lei, e punto, e xa queda claro con isto o que

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

quere dicir o das autolimitacións. Lembra tamén que para Transparencia Internacional, a área de contratación desta Deputación é das máis valoradas, pero isto impórtalles pouco aos grupos da oposición. Dilles que xa ven de que serve ao fin a crispación, e que as persoas normais o que queren é traballo serio, e as ocorrencias e isto de deixar caer non sei qué, as mínimas posibles. Dille ao Sr. Ojea Bouzo, con tódolos respectos, que xa veremos qué retorno teñen esas denuncias que puxeron na Fiscalía. Pide tamén, e esta pregunta vai dirixida a tódolos grupos, que lle digan en qué administración das que gobernaron ou gobernan aplican os criterios que están propondo agora. Polo exposto, votarán en contra da moción e manterán a súa emenda, que non é ningún *cachondeo*, senón unha proposta seria e acorde coa normativa, e o demais son ocorrencias máis ou menos oportunas.

**Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que o que eles propoñen son unhas bases, que serían elaboradas polos técnicos, e quen ten que dicir logo si esas bases son ou non legais serían os técnicos, non nós, e dende logo no seu concello se convida a tódalas empresas do municipio e o seu secretario – interventor xamais lle dixo que iso fose ilegal, porque dálle oportunidades a todos, e logo se presentan os que queren, e mesmo veñen empresas de fóra e obteñen contratos, porque incluso houbo casos de obras que pola súa complexidade non podía facer ningunha construtora local. Di que isto é un problema de vontade política, e que eles nunca cuestionaron a legalidade das contratacións, pero cren que deben mellorarse para evitar esas sospeitas, e pide que non lle dean a volta a cousas que eles nunca dixeron. Reitera a súa pregunta de por qué na Deputación non se contrata con máis empresas. Pregunta tamén se as adjudicacións desas obras menores no plan levan baixas ou melloras, e deixa a pregunta no aire, sinalando que si non hai baixas nin melloras, entón os procedementos son mellorables. Insta, a través dos medios de comunicación, á asociación de empresas da construción para que digan si non é certo o que está a defender el aquí. Remata dicíndolle ao Sr. Álvarez Dobaño que a xente normal tamén lles vota a eles.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto noveno da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto noveno](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda do Grupo Popular, que é aprobada co voto favorable do Grupo Popular (13) e o voto en contra do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1).

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

Seguidamente sométese a votación a moción do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (13) e a abstención de Democracia Ourensana (1).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Cumprir a lexislación vixente en materia de contratación sen autolimitacións con respecto aos procedementos de contratación.

2º.- Continuar o traballo desenvolvido que permite á Deputación de Ourense liderar, coa máxima puntuación, a Área de Transparencia nas contratacións de servizos segundo o ránking dos gobernos provinciais de España elaborado por Transparencia Internacional.

**10º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A APLICACIÓN DE CRITERIOS OBXECTIVOS NOS PLANS DE OBRAS E SERVIZOS E ACTUACIÓNS DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS DA PROVINCIA.-**

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda a esta moción, e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que defenda o contido da moción.

**D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista,** di que o seu grupo presentou esta moción porque entenden que se poden mellorar moito os plans de obras, aínda que na moción non se poñen cantidades, e di que xa se falou algo disto, facendo comparacións co outras deputacións (porque antes se falou de Coruña, e podería falarse tamén de Pontevedra, e doutros factores, como a dispersión demográfica, o que podería levar a esforzos para dotar mellor aos que o pasan peor, ou dotar mellor ás vilas, que teñen máis capacidade de centralizar a comarca para prestar servizos e que se beneficien os demais concellos, e por exemplo se poderían subvencionar os servizos de conservatorio, e podería entrarse en moitas formas de entender a provincia e de afrontar os diferentes problemas). Di que o único que piden nesta moción é que, si vai a haber ese remanente tesourería, se abra este debate e se fagan plans con criterios claros e obxectivos, que tamén serán discutibles, e por iso piden que para o 2017 se faga un plan de cooperación cos concellos que recolla todas as actuacións de axuda e cooperación municipal, que non ten por qué limitarse a obras, concedendo tódalas axudas a través de procedementos de convocatoria pública, e tendo en conta para o reparto criterios obxectivos previamente aprobados, como a poboación, o número de núcleos de poboación, a superficie, o envellecemento da poboación ou outros criterios que se acorden; e a



|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

este plan se incorporaría todos os recursos do remanente de tesourería ou axudas doutras administracións públicas que se obteñan e calquera outros ingresos que se poidan obter para complementar as actuacións, tendo en conta os mesmos obxectivos de reparto. Cre que esta moción é boa para todos si se quere levar a cabo o que se propón nela, porque aínda que logo o Sr. Presidente fixese o Plan Caciquea 2017, os demais teríamos a posibilidade de competir en igualdade de condicións, porque se todos os cidadáns somos iguais, todos temos dereito aos mesmos servizos. Di que na Deputación de Pontevedra hai un plan de 40 millóns de euros, e xa sabe que lle van dicir que alí teñen máis cartos, o que é certo, pero estamos a falar de dez veces máis do que se emprega aquí, e esa non é a proporción entre as dúas deputacións, porque a proporción é que eles teñen o dobre de orzamento, e polo tanto hai un problema de vontade política. Di que se asombra ao ver que na provincia de Pontevedra, con eses criterios, e recibindo moitos máis cartos que aquí, se atreveron a dicirlle os alcaldes do PP ao presidente da Deputación que tiña que crear unha convención de alcaldes para que eles distribuísen os cartos e cun sistema de voto ponderado, aínda por riba, cando aquí o reparto o decide unha soa persoa e non somos capaces, nin sequera, de que se senten a dialogar sobre esta cuestión. Di que lle van dicir que esta moción é extemporánea, porque xa se aprobaron inicialmente os orzamentos, e lamenta que non haxa maneira de sacar adiante propostas sensatas, como esta, que é unha proposta aberta e que se podería discutir, porque nin sequera se quere discutila.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG**, di que o Plan provincial 2017 elaborouse nun momento de crise económica no que a Deputación debe cooperar especialmente cos concellos na garantía do funcionamento dos servizos públicos mínimos obrigatorios, e ademais, debe terse en conta, por unha banda, que outras administracións públicas desenvolveron importantes Plans de investimentos destinados aos concellos co fin de dotalos das infraestruturas necesarias para o seu funcionamento e de estimular a economía e o emprego, e por outra, que os concellos teñen dificultades para atender aos seus gastos correntes pola perda de ingresos nos seus orzamentos que a crise leva; por iso, a finalidade do plan debe ser dobre: en primeiro lugar a realización de novos investimentos nos concellos contribuindo con iso a garantir a prestación dos servizos municipais e á reactivación da economía, e en segundo lugar a axuda ao financiamento dos

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016**

gastos correntes municipais, dado que os concellos teñen menos ingresos para o financiamento dos mesmos ou máis gastos correntes que os pasados anos, e neste senso di que o seu grupo non pode estar máis de acordo coa moción do Grupo Socialista, e de aí que presentasen para o debate dos orzamentos unha emenda que vai claramente nese sentido de evitar a discrecionalidade do grupo de goberno á hora de repartir os fondos, buscando unha fórmula que permita que todos os concellos, independentemente do seu tamaño e da cor política teñan achegas económicas que lles permitan sobrevivir economicamente e ao mesmo tempo xerar, ou cando evitar a destrución de emprego, porque non pode ser que tal e como ben acontecendo de xeito reiterado, o grupo de goberno faga dous orzamentos ao longo do exercicio económico: un, o que presenta agora en setembro, no que a única cuestión non clientelar é o plan provincial de cooperación e outro ao longo ano, a través das sucesivas modificacións de crédito, que se distribúe exclusivamente con carácter partidista e clientelar. Di que a proposta que fai o BNG resulta, ademais de máis favorable para os concellos, absolutamente transparente e obxectiva, pois cada un dos 91 concellos recibiría unha cantidade inicial que se calcularía en función, non da arbitrariedade da Presidencia, garantindo unha cota fixo para cada concello e introducindo unha serie de variables ponderadas como por exemplo: esforzo fiscal, número de parroquias, ruralidade (poboación rural para os concellos de máis de 10.000 habitantes, superficie, etc.....) e para materializar esta dobre finalidade, e dentro do respecto pola autonomía municipal, cada concello podería utilizar a cantidade que se lle asigne do seguinte xeito: a) o 50 % destinarase necesariamente á realización das obras ou subministracións precisas para a efectiva prestación dos servizos obrigatorios establecidos no artigo 26 da citada Lei 7/1985 do 2 de abril, podendo non obstante, incluírse outras obras e servizos non obrigatorias que sexan de competencia municipal, de acordo co establecido no artigo 25 da devandita lei, ámbolos dous artigos na súa nova redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro; e o b) o 50 % restante destinarase, a elección do concello, ben a realización de máis obras ou subministracións das indicadas no parágrafo anterior, ben ao financiamento dos gastos correntes do concello no exercicio 2016. Deste xeito di que se evitaría a discrecionalidade no reparto dos fondos e conseguiríamos que cada un dos 91 concellos non so teña máis recursos, senón que estes vaian destinados a prioridades, evitando así o que acontece ao longo do ano, e cada vez con máis frecuencia, que os concellos aproban unha determinada

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

obra que logo cambian en función de non se sabe moi ben que criterios. Anuncia o voto en contra a emenda do PP e a favor da moción do Grupo Socialista.

**Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO,** anuncia o seu voto no mesmo senso que o do Grupo do BNG, en contra da emenda e a favor da moción, sen prexuízo de considerar que se poderían incluír algúns outros criterios para o reparto dos fondos, ademais dos que xa se contempla na proposta, e facendo uso de apartado de “outros criterios” que se establece na propia moción, como podería ser a lonxitude da rede viaria, e algúns máis. Dille ao Sr. Álvarez Dobaño, que sempre invoca o tema da transparencia na contratación administrativa, que Transparencia Internacional sempre puntúa en función da visibilidade do proceso de contratación, non en función da calidade dese proceso. Di que o diñeiro público debe repartirse con criterios o máis obxectivos posibles, e aínda que a obxectividade absoluta non exista, debe existir cando menos unha vontade clara de obxectividade, polo que votarán a favor da moción, deixando aberta a posibilidade de introducir criterios adicionais de reparto, como xa expuxo.

**Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular,** dille ao Sr. Gómez Pérez que, a pouco que concretase un pouco máis na moción, tiña que introducir un terceiro apartado onde se dixese que se marchase o grupo de goberno e que xa gobernarán os da oposición calculadora en man, e di que o Sr. Rodríguez Suárez, na súa emenda á totalidade, que máis ben é á parcialidade, e á parcialidade parcial, cando menos deixaba non obstante unha parte para que o grupo de goberno puidese facer o que lles encomendou os cidadáns, que é gobernar; pero o Sr. Gómez Pérez xa non lles deixa nin iso, porque ven a dicir na práctica que o reparto o decide a oposición cunha calculadora. Por este motivo se viron na necesidade de formular unha emenda de substitución, na que se propón manter os criterios obxectivos que presiden os plans de cooperación cos concellos da provincia, como o Plan de obras, o Plan Benourense, o Plan de Empregabilidade, o Plan de Axudas á Mocidade, o Plan de Desbroces, o Plan de Adquisición de Desfibriladores, e outros que se aproben no seu momento, e esa é a súa proposta.

**Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista,** di que o Sr. Álvarez Dobaño non se atopa ben fisicamente no día de hoxe, sendo visible que se atopa enfermo, e cre que o Sr. Presidente debería intervir e ser el mesmo o que defendese estes asuntos, nos que o Sr. Álvarez Dobaño é o que lle está a sacar as castañas do lume, pero está visto que nin iso

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

fai o Sr. Presidente, como cando aquí se insultou a unha deputada do Grupo Popular e tampouco interveu na súa defensa, e xa se ve que o Sr. Presidente só está para si mesmo. Di que dado o estado de saúde do Sr. Álvarez Dobaño non vai entrar en debate con el, polo respecto que lle ten, pero si co Sr. Presidente, que é o que urde estas historias, porque con esta emenda de substitución o Sr. Baltar e o seu equipo de sabios veñen cunha emenda de substitución que é unha tomadura de pelo, porque a moción do Grupo Socialista non só falaba dos criterios de reparto dos fondos, senón da dotación do plan e do seu incremento se hai remanente de tesourería ou ingresos adicionais, dotándoo como se fai noutros sitios, que non sairán en Transparencia Internacional pero nos que os alcaldes reciben máis cartos. Di que na emenda se fala de plans que xa teñen criterios obxectivos, e pregúntase con que criterios obxectivos se reparten os cartos nese plan que se fai nas xuntas de goberno nas que se conceden as subvencións nominativas, e pide se ese reparto que se fai discrecionalmente se vai poñer tamén na emenda de substitución. Di que cando nun punto anterior fixo referencia á falla de xustificación económica e obxectiva das subvencións non se refería ao trámite de xustificación do uso dos fondos das subvencións concedidas, senón á xustificación dos criterios polos que se concedían as subvencións, e onde están as peticións desas subvencións e como se valoran, e pregunta se queren que lles explique como se fan certas obras en certos municipios da súa comarca, nas que ao mellor aparece unha tapa dun sumidoiro baixo da cal non hai nada, ou ximnacios que de repente teñen piscinas que non funcionan ou teñen maquinaria con cartos desta Deputación, e pide que non lle tomen o pelo, e di que aínda por riba de facer esas falcatruadas lles seguimos a dar cartos aos responsables deste tipo de actuacións. Reitera que a proposta do seu grupo é facer algo equitativo e xusto, e dotalo como se poida desde esta casa, e se queren, ben, e se non queren, non lle demos máis voltas, porque xa sabemos o que ocorre e non hai que perde – lo tempo.

**Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO,** di que quere aproveitar esta segunda quenda para facer alusión a unha cuestión que esqueceu mencionar antes, e é que o Sr. Álvarez Dobaño fixo referencia antes á xente normal, como si existise xente que non o fose, e di que o normal é a variabilidade, como demostra a curva ou campana de Gauss, dando unha breve explicación ao respecto da curva de Gauss para ilustrar a idea de que a variabilidade é o normal, e se hai xente que non é normal, xa están os psiquiatras para dicilo.

**Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular,** di que xa ve que hai

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

que estirar o debate para dicir parvadas, e dille ao Sr. Ojea Bouzo que el é máis serio que todo iso que acaba de dicir sobre a curva de Gauss, e que supón que entende a linguaxe figurada e a ironía, o que pasa é que aquí semella que ten que ser noticia dicir que o Sr. Álvarez Dobaño dixo o da xente normal, e o que dixo foi simplemente que a xente normal, e engadiu expresamente que os deputados da oposición tamén o eran, o que quere é traballo serio, e non ocorrencias, e iso é todo. Di que a posición do Grupo Popular está clara na súa emenda de substitución, que é cumprir a lei e avanzar na utilización de procedementos de concorrencia competitiva para a concesión das axudas naqueles casos que así o aconsellen, e pon como exemplo que recentemente na Xunta de Goberno se aprobaron as bases reguladoras de doce procedementos de concorrencia competitiva para concesión de subvencións previstas nos orzamentos, aos que hai que engadir os programas de cooperación que se citan na emenda, e outros que se poderán facer. Di que en canto ás comparacións aquí de falou das deputacións de A Coruña e Pontevedra, pero da de Lugo, que é coa que cabería a comparación, non fala ningún, pero vai falar el, e así, cando o BNG co – gobernaba nesa deputación, no 2015, o 84,18 % das subvencións foron para concellos gobernados polo BNG e o PSOE, e o 15,8 % para os concellos gobernados polo PP, segundo datos da intervención da Deputación de Lugo, e basta mirar cantos concellos gobernan en Lugo uns e outros partidos para tirar conclusións; e no ano 2016 xa cambiou un pouco a cousa, porque o BNG xa non está no goberno provincial lucense, porque se foron ou os botaron, e xa mellorou un pouco a cousa e ata hai uns días tiñan repartido 5 millóns de euros en subvencións, dos que 3,6 foron a concellos do BNG e do PSOE e 1,4 a concellos do PP, e di que xa se ve por que non falan da Deputación de Lugo. Di que manteñen a emenda de substitución tal como a presentaron.

**Don José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista**, di que ten algunha pregunta que debería responder o Sr. Presidente, porque se a emenda do PP é cumprir a lei, ¿a moción do Grupo Socialista, que é aumentar a partida dos plans e incluír criterios obxectivos, sería incumplir a lei?, e di que o diga o secretario se é que iso é incumplir a lei. Di que isto non é unha cuestión de legalidade, senón de intencións políticas. Di que puxo o exemplo da Deputación de Pontevedra porque alí foron os alcaldes do PP a montar un circo, malia existir un plan con criterios obxectivos, e como se falaba dun plan, comparou unha institución na que se fai un plan con outra na que non se fai; e di que postos a comparar deputacións, en Lugo se fixo un plan dende a deputación para facer residencias públicas mentres aquí se daban os

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

cartos para residencias privadas, por exemplo, e di que alí hai criterios para repartir e que hai concellos na montaña luguesa que están gobernados polo PSOE e reciben máis cartos pola súa situación e porque estiveron discriminados noutra época. Pero en todo caso di que ese non é o debate, e pide que digan se queren ou non facer o que o PSOE propón aquí, e que non repliquen poñendo o ventilador e falando do que se fai noutros sitios, porque en todo caso o que se faga noutros sitios non sería escusa para non facer aquí o que se debe facer.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto décimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda do Grupo Popular, que é aprobada co voto favorable do Grupo Popular (13) e o voto en contra do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1).

Seguidamente sométese a votación a moción do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), e o voto en contra do Grupo Popular (13).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Manter os criterios obxectivos que presiden os plans de cooperación cos concellos da provincial: Plan de obras, Plan Benourense, Plan de Empregabilidade, Plan de Axudas á Mocidade, Plan de Desbroces, Plan de Adquisición de Desfibriladores, e outros que se aproben.

**11º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA SOLICITAR DO GOBERNO DE ESPAÑA A CONSTRUCCIÓN NA GUDIÑA DA ESTACIÓN DO AVE E DO CENTRO DE MANTEMENTO DE ALTA VELOCIDADE.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Popular para que defenda o contido da moción.

**D. Juan Anta Rodríguez, portavoz do Grupo Popular**, di que hai múltiples argumentos que levan a concluír que A Gudiña é o punto idóneo para a creación dunha estación do AVE e dun centro de mantemento da alta velocidade, non só pola orografía do terreo, por ser o punto intermedio entre Ourense e Zamora ou a tradición histórica de

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

ferrocarril e o dar servizo a comarcas como Monterrei, Valdeorras ou o norte de Portugal, senón tamén polo impacto positivo na creación de postos de traballo directos e indirectos e no turismo. Di que esta moción foi apoiada e ratificada polos concellos de A Gudiña, A Mezquita, Vilariño de Conso, Viana do Bolo, Riós, Vilardevós, Verín, A Veiga, Oímbra, Monterrei, Cualedro, Laza, Castrelo do Val, na provincia de Ourense e tamén polos concellos de Lubián, Pías e Porto na provincia de Zamora e incluso por cámaras municipais do norte de Portugal. Por todo iso, cren que debe apoiarse a construción da estación, porque vai ser unha aposta definitiva polo territorio e sobre todo vai ter un impacto fundamental no futuro do turismo na provincia.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG,** di que en xaneiro de 2010, o entón ministro de Fomento, José Blanco, visitaba a nosa cidade para confirmar que ía asinar un protocolo coa Xunta de Galiza para a integración do AVE na cidade e nesa comparecencia tamén confirmou que se crearía unha estación en A Gudiña, e pasaron seis anos e agora o Partido Popular trae ao Pleno unha moción para solicitar do goberno do Estado a construción na Gudiña da estación do AVE, e comenta que sen dúbida isto é a enésima tomadura de pelo aos ourensáns e ourensás, cansos xa de mentiras e incumprimentos reiterados ao cabo dos anos, porque esta moción ven a evidenciar aquilo de que cae antes un mentirán que un coxo. Lembra que ao longo de todos estes anos, logo das reiteradas preguntas do BNG no Pleno do concello, so tivemos silencios e respostas vagas, mentres á veciñanza da Gudiña, o PP dicíalle que a estación do AVE era un feito, e como se pode apreciar, nada de nada, e engade que á marxe de que o BNG presentou no seu día unha moción para que se constituíra unha comisión do AVE na que estiveran representados tanto os grupos políticos do concello como os membros da CVMMC e do asociacionismo, moción rexeitada polo Partido Popular, o BNG fixo ao longo destes anos varias preguntas relacionadas coa estación do AVE, e así, o 3 de setembro de 2015, xa gobernando o PP en Madrid, preguntáron en que estado se atopaba a estación do AVE na Gudiña e por que non había información ao respecto, e a resposta a esa pregunta foi o silencio; e hai pouco tempo, en xuño de 2016, voltaron preguntar como estaba a situación da futura estación do AVE, e aínda agardan resposta por parte do alcalde, e como se pode apreciar, a moción presentada polo Partido Popular nesta deputación, ademais de evidenciar o profundo

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

desprezo do alcalde da Gudiña á oposición, ao negarse a contestar de xeito sistemático ás preguntas formuladas, é a constatación empírica que, mentres durante todo este tempo o PP nos vendeu, por activa e por pasiva, que a estación do AVE na Gudiña era un feito, non existía compromiso algún e nin tan sequera estaba na axenda de Fomento; por iso, di que resulta moi difícil crer que quen nos mentiu durante anos agora diga a verdade, e cre que esta moción non é máis que unha cortina de fume para gañar tempo e ter a xustificación perfecta para o caso, previsible, polo que se ve, de que non haxa nin estación nin centro de mantemento no futuro. De todos modos, o BNG defende a posición que leva mantido ao longo de todos estes anos, de que na Gudiña se faga unha estación do AVE, que xa debía estar feita e en funcionamento, e por iso, aínda que con todas as reservas do mundo, por considerala partidista e oportunista, anuncia que van apoiar a iniciativa.

**Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO,** di que subscriben punto por punto o que acaba de dicir o portavoz do BNG, porque tamén DO daba por feito que a estación ía estar aí, e logo veu o cambio de Goberno en Madrid e eses silencios dos que se falou, pero entendían que a decisión xa estaba tomada. Votarán a favor, polo mesmo motivo exposto polo BNG.

**Don Vicente Gómez García, portavoz do Grupo Socialista,** di que lle gustaría saber se hai algunha novidade ao respecto, porque que saiba ese centro de mantemento estaba no proxecto, e non había dúbida, e o único que se discutía era se na Gudiña ía parar o AVE ou non, e non sabe se é que se cambiou o proxecto ou non era verdade que estaba previsto o centro de mantemento, e pide que lle informen ao respecto.

**Don Juan Anta Rodríguez, portavoz do Grupo Popular,** di ao Sr. Rodríguez Suárez que no seu grupo son mestres en poñer etiquetas, e cada vez que o Grupo Popular fai unha aposta sobre o territorio, os cualifican de electoralistas e oportunistas, se fagan cando se faga, antes ou despois das eleccións, e pide que lles recomende o BNG o calendario para facer propostas, pero en todo caso, alédase de que o BNG vaia apoiar esta moción. Di que o anterior e o actual alcalde da Gudiña estiveron e están a reivindicar que o proxecto se faga realidade, e dille ao Sr. Gómez García que non hai ningún cambio no proxecto e que todo vai segundo estaba previsto. Lembra que o entón ministro de Fomento, José Blanco, anunciara en 2009 que entre 2009 e 2010 se ían licitar máis de 4.000 millóns de euros en obras do AVE nese tramo, pero a realidade é que só se licitou o 10 % desa cantidade, e en cambio, o goberno actual coa



|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

ministra Ana Pastor gastou en tres anos máis de 3.000 millóns de euros, dos que foron para Galicia 2.350 millóns. Di que se poden poñer as etiquetas que se queiran, pero cando se trata de apoiar unha proposta como esta, de aposta polo territorio, que debería ser apoiada de xeito abrumador, estes números son unha realidade, uns investiron o 10 %, e outros seguimos a facer o que prometemos. Por iso se trae esta proposta, para que isto se faga unha realidade inmediata.

**Don Vicente Gómez García, portavoz do Grupo Socialista**, di que non vai discutir as cifras dos investimentos, pero se isto é así como se conta, a moción debería ser distinta, facendo referencia, non a “unha estación”, senón á construción da estación xa proxectada, instando ao Goberno a que avance na execución do proxecto que xa ten feito. Posiblemente teña razón o Sr. Anta e non estea de máis tomar este acordo, porque que el saiba, en principio, non estaba contemplada a estación, senón o centro de mantemento, porque a parada do AVE na Gudiña non estaba garantida, e era o que se pretendía nos acordos dos concellos da comarca, que o centro de mantemento servise como estación.

**Don Juan Anta Rodríguez, portavoz do Grupo Popular**, cre que non é cuestión de entrar en detalles de tipo léxico, e que o importante é que estamos os grupo de acordo en que isto se faga, porque o importante é que os territorios se fortalezan como consecuencia destes proxectos.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto décimo primeiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo primeiro](#)

Non se producen máis intervencións, e por unanimidade de todos os presentes, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Instar ao Goberno de España a que constrúa na Gudiña unha estación do AVE e un Centro de Conservación e mantemento do tren de alta velocidade.
2. Dar traslado deste acordo ao presidente do Goberno de España, ao ministro de Fomento, ao presidente da Xunta de Galicia e ao alcalde do Concello da Gudiña.

**12º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á GRATUIDADE E MELLORA XERAL DO SERVIZO DE TV NO COMPLEXO HOSPITALARIO**

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

**UNIVERSITARIO DE OURENSE E NO HOSPITAL COMARCAL DO BARCO.-**

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda a esta moción e cédelle a palabra a Democracia Ourensana para que defenda o contido da moción.

**Don Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana,** di que esta moción pode resumirse en dous puntos esenciais: por un lado, que as persoas ingresadas nos hospitais non teñan que estar obrigados a consumir televisión, e a segunda idea é que o servizo de televisión sexa gratuíto. Di que a primeira idea da que quere partir é a de que o estado natural dun hospital debería ser o silencio, e amosa para ilustrar esta idea o célebre cartel dunha enfermeira levándose o índice aos beizos, pedindo silencio, que figura en tódolos hospitais do mundo. Cita unha frase de Florence Nightingale, a fundadora da enfermería moderna, que dicía que o ruído innecesario era a forma de abuso máis cruel cando se trata de enfermos ou sans, porque incrementa o risco dos pacientes, aumenta o estrés dos traballadores, incrementa o risco de hipertensión, reduce a resposta inmunitaria e aumenta a dor. Di que os televisores dos hospitais son unha soa das posibles fontes de ruído, e hai moitas máis, e comenta que ten entrado nalgún hospital que semellaba un bar de verduleiras, con tres ou catro televisións que se oían xa dende os ascensores; pero o caso concreto da televisión é susceptible de análise por diversos motivos, o primeiro, porque a televisión non é só unha fonte de ruído evitable, senón que é tamén un produto audiovisual comercial, non é só son, porque o son ten un contido, e a súa escoita é un acto de consumo comercial; entón, cando unha persoa vai a un hospital a curarse, o que vai é a recibir un servizo público, a sanidade, e si se lle fai unha oferta adicional cun produto comercial que non ten nada que ver co servizo sanitario, debe ser coa opción do seu libre rexeitamento, porque non se pode someter a un enfermo á chantaxe de ter que consumir un produto comercial de ningunha natureza ao acceder ao servizo sanitario. Polo tanto, hai dúas facetas, a parte acústica, o ruído que incide na saúde do enfermo, como di a Organización Mundial da Saúde, e logo a parte cognitiva, ao verse sometido a ter que ver unha emisora determinada que pode ter contidos que non sexan os que el desexa (pon como exemplo, entre outros, que un enfermo queira ver un rezo coránico porque sexa musulmán, e o enfermo que está ao seu carón teña que consumir ese programa televisivo). Di que hoxe mesmo, no diario *La Región*, se fala de algo semellante, como é a colocación de anuncios comerciais nos taboleiros de anuncios dos hospitais públicos, e parécelle ben que non haxa publicidade comercial nun centro sanitario, pero é que a televisión acesa é unha publicidade

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

comercial permanente, que implica incluso o consumo de liñas ideolóxicas determinadas e de publicidade comercial. Sen prexuízo disto, estiman que as persoas ingresadas teñen dereito a efectuar ese consumo se o desexan de xeito libre, e de forma gratuíta. Di que nos centros sanitarios debería incluso irse máis alá, e ter unha biblioteca pública, pero tamén unha ludoteca ou sala de xogos. O que propoñen é que cada cama dispoña dun aparello de televisión con auriculares, e gratuíta, porque consideran que coa cantidade de diñeiro que se gastan en cousas accesorias, isto sería un gasto que redundaría no benestar das persoas, sempre e cando o consumo da televisión sexa voluntario. Di que non aceptan a emenda do PP, que é razoable, porque non recolle a condición da gratuidade que eles si recollen na súa moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG**, di que á vista desta moción agarda que no futuro non se critique ao BNG por traer a pleno determinadas mocións que se cualifican de extemporáneas ou alleas ás competencias da Deputación, porque parece claro que esta moción non ten nada que ver coas competencias provinciais. Di que o seu grupo está de acordo coa gratuidade da prestación sanitaria total, incluído o lecer, pero non co lugar no que se presenta esta moción, e cren que debe darse un trato igualitario aos usuarios do sistema, polo que propoñen que se inste ao Goberno galego a eliminar esta mercantilización da prestación sanitaria. Di que non entenden tampouco por que se exclúe ao hospital de Verín desta proposta. Dito isto, considera que esta moción non é axeitada, e anuncia o voto en contra dado que a Deputación non ten competencias, nin debería telas, para sufragar gastos de persoas hospitalizadas nin intervir na xestións de servizos auxiliares que se prestan nos hospitais. Di que hai aspectos que se poden discutir (como tamén ao mellor que o SERGAS tivese máis bibliotecas nos hospitais, distribución en préstamo de xornais e revistas, porque coinciden co propoñente da moción en que o entretemento non debe ser só a televisión); engade que á hora de propoñer a colaboración da Deputación, hai moitos casos nos que podería ser interesante, e mesmo xustificable, mais non esta, porque, como se expresou na súa emenda aos orzamentos, hai moitas necesidades máis urxentes – o incremento da cooperación cos concellos, as axudas de emerxencia social, o investimento en infraestruturas locais e provinciais – que sufragar o custe da televisión nos hospitais, porque cando falamos de recursos limitados, hai que establecer prioridades. Ao respecto da emenda do PP, di que o que se pretende con esta é dicirnos que co hospital 2050 van estar resoltos

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

todos os nosos problemas, mediante un plan de supermodernización da asistencia sanitaria en base á unha superinformatización e plans alternativos á hospitalización convencional, como serían hospitalización a domicilio, a telemedicina, o Conecta 72 e ao fin unha adaptación das habitacións con todo iso que di o proponente, pero isto último nin está ni se lle espera polo momento. Di que ao seu grupo gustaríalle que, en vez de facer un brindado ao sol, o PP fora máis concreto e dera datas concretas para a súa implantación, e di que toda esta propaganda do hospital 2050, pagada con diñeiro de todos, que nos fala dun hospital seguro, verde, sostible, eficiente e aberto ao uso racional das novas tecnoloxías so ten un único obxectivo, non falar da situación de deterioro galopante da sanidade pública. Continúa dicindo que estamos diante dun problema estrutural, que ten a ver co modelo privatizador do PP, e que temos exemplos abondo que xustifican esta aseveración, como a acusación de homicidio por parte da fiscalía á Xunta por atrasar a administración de fármacos para o tratamento da hepatite C por “razóns orzamentarias”, o recorte nos horarios dos helicópteros do 061, a implantación da liña fría, a non cobertura das ausencias dos profesionais ou as contratacións a tempo parcial son só algúns exemplos das privatizacións e recortes que inciden directamente na calidade asistencial, e que nalgúns casos custan vidas; e tampouco falamos das listas de espera, porque o Goberno Galego, a través do SERGAS, converteu as listas en verdadeiros sacos de almacenamento de doentes, con miles de persoas que permanecen anos nesas listas, polo que pide menos propaganda e máis asunción de responsabilidades, e engade que si así acontecera a *primísima* de Núñez Feijoo, Eloína Núñez, non debería estar un minuto máis á fronte da Xerencia. Polo exposto, votarán en contra da moción.

**Dona Isabel Gil Álvarez, portavoz do Grupo Socialista**, di que o seu grupo pensa que se o hospital público tivese os recursos suficientes e axeitados para prestar uns servizos de calidade, proporían que tamén a televisión fose pública e gratuíta, se ben con auriculares individuais por cama; pero dado que os recursos non son suficientes para manter un servizo sanitario de calidade, cre que é máis importante reclamar outras cuestións, como por exemplo aumentar o número de camas do noso hospital, aumentar o número de profesionais, que non se pechen as camas en período vacacional, que as habitacións sexan de dúas camas, reducir o número de días de ingreso hospitalario, dotar de persoa suficiente para atender os doentes, para tratamentos e intervencións cirúrxicas, que acabenxa coas

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

listas B – porque hai listas A onde os doentes saben cando se lles vai atender, pero hai listas B onde só saben que nalgún momento se lles chamará ... Pregúntase, a modo de exemplo, se saben os deputados do PP a dor que supón para un profesional non poder prescribir un tratamento de última xeración para un doente de trinta anos, ao saber que non está demostrada a relación entre o custe e a efectividade dese tratamento, e di que ese paciente do que fala, que era un paciente seu, está hoxe morto. Di que as listas de espera que denomina B son inmensas, ás veces de anos, e por tanto non se pode dicir que estean melloradas as listas de espera. Polo tanto, hai que reclamar recursos tamén para probas diagnósticas, porque non se pode esperar nove meses para un TAC, porque aos nove meses non hai solución ou se a hai xa non é efectiva. Di que tamén hai que aumentar os recursos para a sala de ingresos de doentes en urxencias, porque están nun estado lamentable, con ata sesenta doentes sen sequera unha cortina, con distintas patoloxías e idades, e iso xera un gran sufrimento. Hai que reclamar tamén recursos para o persoal de atención de urxencias, e manifesta o seu agradecemento e o do seu grupo político aos profesionais de urxencias, polas condicións en que teñen que realizar o seu traballo os profesionais da saúde.

**Don Rosendo L. Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular,** di que a Sra. Álvarez Gil aproveita que o Pisuerga pasa por Valladolid para solar un discurso que non ten nada que ver coa moción de que trata a orde do día, moción que fala dunha televisión por cama e de que a custee a Deputación, polo que vai proceder a responder ao Sr. Ojea Bouzo. Dille que na súa moción se fala dunha parte de que nos hospitais debe haber silencio, doutra se di que a televisión é un servizo ou produto comercial, pero doutra banda tamén se di que é un entretemento que mesmo poder ter carácter paliativo; e advirte que en todo caso a Deputación non ten competencia para entrar nun hospital do SERGAS a pagar a televisión, pero en calquera caso en Ourense hai un servizo de paliativos modélico, cunha calidade tal que non hai que botar man da televisión. Considera que o SERGAS non ten tampouco por qué pagar servizos de entretemento, e pregúntase se non haberá outras cousas en que gastar o diñeiro público, e di que o período electoral xa pasou, e que chámalle a atención esta moción cando se pasaron a campaña falando contra as privatizacións e os recortes. Ao fío deste asunto dos recortes, di que en Ourense non houbo nin un só caso de hepatite C que quedara sen tratamento. Di que nas enquisas sobre grao de satisfacción dos usuarios, a nosa sanidade leva un notable alto, e cre que a oposición

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

debería mudar un pouco o eu discurso. Explica que cada servizo autonómico de saúde ten a súa propia carteira de servizos, aínda que non se diferencian demasiado por razóns de equidade, xa que dende a Lei xeral de sanidade de 1986, os tres principios básicos da sanidade son a equidade, a universalidade e a gratuidade, pero en ningunha parte se pagan as televisións polas deputacións, e pregúntase se non hai outra prioridade que pagar entretementos. Outra cuestión que lle parece interesante é o que comentaba o Sr. Rodríguez Suárez en canto á exclusión do hospital de Verín na moción, e di que é entendible, e di que ten a súa lóxica, porque o hospital de Verín iniciouse cunha prestación de servizos xestionada a través dunha fundación en réxime de dereito privado, aínda que o servizo seguía a ser público, e de aí ven esa situación de que o concurso de servizos que fixo a Xerencia no seu momento non afectaba a Verín por ser de xestión privada. Por todo isto, o Grupo Popular formulou unha emenda, que é máis ambiciosa que a proposta do Sr. Ojea Bouzo, e ademais máis eficiente. O que propón o Grupo Popular é solicitar que a Estrutura Organizativa de Xestión Integral (EOXI) de Ourense, O Barco de Valdeorras e Verín dispoña, coa posta en funcionamento do Hospital 20-50, dun sistema integrado de televisión dixital, baseado en pantallas táctiles sobre brazo articulado, localizadas xunto a cabeceira da cama do paciente, o que lle permitirá ter acceso a televisión á carta, radio, canais temáticos e internet a cada paciente sen ter que consensuar a elección de canais nin molestar a outros pacientes da mesma habitación, e di que o 21 de marzo de 2016 xa se publicou o anuncio de licitación dos servizos multimedia dos tres hospitais, onde xa se pon claramente que cada paciente disporá da súa propia pantalla, na que incluso se poderá acceder á historia clínica, e isto non é propaganda, porque xa se licitou, e este é o fundamento da emenda do seu grupo.

**Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO,** di que practicamente tódolos grupos esgrimiron o argumento de que hai cousas máis importantes que o que aquí se propón, pero di que iso non é ningún argumento, porque para calquera asunto que se trate sempre haberá outro máis importante, pero iso non é un argumento, iso é a coñecida como falacia do arenque vermello, e sempre haberá temas máis importantes, pero agora estamos a falar deste asunto. Di que DO levaba o tema das listas de espera no seu programa electoral, e a problemática das salas de urxencias a coñece, porque hai exactamente unha semana o seu pai estaba nesa sala. En todo caso, e con respecto ao de que hai asuntos máis importantes, cre que a tortura polo ruído, chamada tortura branca, existe, se emprega en Guantánamo e a

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

empregaba Hitler con música de Wagner nos campos de concentración, e hai sentenzas do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos nas que se di que o ruído evitable e inducido atenta contra os dereitos humanos, e non sabe se é que os dereitos humanos non son un tema importante, porque que o ruído afecta é unha realidade, incluso a persoas sas, canto máis a un doente, e por tanto este, o do ruído, é un asunto importante. Di que a portavoz do Grupo Socialista aproveitou esta moción para criticar outros aspectos mellorables na nosa sanidade, e algo así tamén o podería ter feito o seu grupo, pero está a falar do obxecto da moción. Con respecto ao que dixo o portavoz do PP de que a moción propón subvencionar o entretemento, di que neste salón de sesións non hai ningún grupo que estea máis en contra de subvencionar o entretemento que DO, e iso téñeno demostrado, peor o que sucede é que a persoa enferma n;se atopa nunha situación de falla de liberdade, e nesas circunstancia si que están a favor de subvencionar o entretemento, e dado que se subvencionan as festa, e o teatro e moitas actividades de lecer para as persoas sas, pregúntase por qué non se vai subvencionar no caso dos doentes. Di que a Deputación si ten competencias para subvencionar o servizo de televisión nos hospitais, do mesmo xeito que ten competencia para subvencionar festas de moi dubidosa necesidade. Sobre a exclusión do hospital de Verín, di que xa dixo ao inicio da súa primeira intervención que o mellor sería facer isto en tódolos hospitais do mundo, pero temos as competencias que temos, e ten entendido que en Verín xa é gratuíta a televisión. Doutra banda, segundo lle entendeu ao Sr. Fernández Fernández, a Xunta xa está a facer esta clase de cousas, polo que non entende por qué se opoñen, e xa dixo que a emenda do PP era exquisita, pero que adoeecía do segundo elemento presenta na moción, a gratuidade do servizo. Cre que a súa postura queda clara.

**Dona Isabel Gil Álvarez, portavoz do Grupo Socialista,** di que pode que para moitos deputados o seu discurso anterior non teña relación coa moción, pero para ela si a ten, porque os recursos son os que son, e a prioridade non é a televisión gratuíta, porque hai outras necesidades importantes que hai que tentar solucionar antes, e de aportarse algo, debería ser para paliar esas deficiencias que aínda existen na nosa sanidade; outra cousa sería se os recursos sobrasen, pero non é o caso, e o dunha televisión por cama lle parece excesivo, e di que ela se conformaría con que as habitacións tivesen dous camas, e non tres ou catro. Con respecto a que as enquisas de satisfacción dos usuarios son boas, dille ao Sr. Fernández Fernández que sabe ao igual que ela que esas enquisas se obteñen grazas a que os profesionais

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

están suplindo co seu esforzo os déficits do sistema, e felicita por iso aos nosos profesionais da sanidade pública, pola súa eficiencia, ao lograr eses resultados con moitos menos recursos que noutros países, porque teñen ante todo un alto grao de ética profesional, e os doentes sábeno e por iso saen as enquisas como saen. Dirixíndose ao Sr. Ojea Bouzo, dille que o Grupo Socialista vaise abster, pero que ela persoalmente non considera a súa moción importante para a sanidade pública de Galicia, e menos aínda para a provincia de Ourense.

**Don Rosendo L. Fernández Fernández, portavoz do Grupo Popular,** di que agora a Sra. Álvarez Gil si falou da moción, e dixo claramente o que antes dixo o Grupo Popular, que isto non é unha prioridade, porque ademais a televisión non é unha prestación sanitaria, e dáse ademais a circunstancia de que non temos competencias, e cre que non podemos ser alleos a estes tres datos, que non é prioritario, que non é unha prestación sanitaria e que a deputación non ten competencias no asunto. Di que o hospital de Verín empezou sendo xestionado por unha empresa privada, que puido poñer televisión gratis como podía ter postos radio ou internet gratis, e iso perdurou no tempo, pero agora, cando saía o novo concurso ao que se fixo alusión, estarán os tres hospitais iguais, co que se alcanzará a equidade neste asunto, que é unha das tres patas do sistema, xunto coa universalidade e a gratuidade. Insiste na boa cualificación do servizo público sanitario nas enquisas de satisfacción, e por suposto que é grazas aos profesionais, que son a pedra angular do sistema sanitario, e amosa o seu acordo coa Sra. Álvarez Gil no expresado a este respecto. Di que a Deputación de Ourense non é sospeitosa de non cooperar co sistema sanitario, e lembra que o 17 de marzo de 2016 o Sr. Presidente asinou un convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela para a promoción no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense da docencia clínica do grao de Medicina, e isto si que é cooperación, porque con iso se axuda ao sistema sanitario; en segundo lugar, cando se trouxo o convenio co SERGAS para os accesos ao hospital novo, DO non votou a favor, ou sexa: quere que se lles de televisión gratuíta aos pacientes e cando hai que votar para dotar de accesos ao novo hospital, non votan a favor, e isto é unha grave contradición e unha incoherencia, e gustaríalle que lo explicaran; a non ser, conclúe, que con esa televisión por cama o que queiran é que os pacientes miren a televisión do Sr. Pérez Jácome, Auria TV, porque si é iso o que queren, en vez de ter carácter paliativo como din na moción, tería carácter danoso.

**Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO,** di que o Sr. Fernández



|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

acaba de dicir que a Deputación de Ourense non actúa onde non ten competencia, e responde que a Deputación fai competencia aos sectores privados, organizando eventos nos que existe a iniciativa privada e subvencionando toda clase de cousas nas que non ten competencias, porque a súa única competencia recoñecida é a de coordinar os concellos e prestarlles cooperación; comenta que o Sr. Fernández puxo tamén como excusa que a Deputación non debe financiar o entretemento, pero a realidade é que a Deputación financia continuamente todo tipo de entretementos, dende clases de pintura ata a Volta ciclista a España. Dille ademais ao Sr. Fernández que antes criticou á Sra. Álvarez Gil por non cingirse á moción, pero na súa segunda quenda foi el o que aproveitou para lagar un pequeno *speech*. Cita unha páxina web dunha asociación de enfermeiros na que se fala de que nas enquisas os pacientes frecuentemente citan o ruído como unha das causas de insatisfacción coa atención sanitaria recibida. Di que está de acordo, e pode testemuñalo coa súa experiencia persoal, en que os profesionais da saúde pública son do mellorciño que hai, aínda que o ambiente ruidoso pode afectar ao seu rendemento, ambiente ruidoso do que tamén se queixan os pacientes, á vista das enquisas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto décimo segundo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo segundo](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda do Grupo Popular, que é aprobada co voto favorable do Grupo Popular (13) e o voto en contra do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1).

Seguidamente sométese a votación a moción de Democracia Ourensana, que é rexeitada ao obter o voto favorable de Democracia Ourensana (2), a abstención do Grupo Socialista (8) e o voto en contra do Grupo Popular (13) e do BNG (1).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Solicitar que a Estrutura Organizativa de Xestión Integral (EOXI) de Ourense, O Barco de Valdeorras e Verín dispoña, coa posta en funcionamento do Hospital 20-50, dun sistema integrado de televisión dixital, baseado en pantallas táctiles sobre brazo articulado, localizadas xunto a cabeceira da cama do paciente, o que lle permitirá ter acceso a televisión á

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

carta, radio, canais temáticos e internet a cada paciente sen ter que consensuar a elección de canais nin molestar a outros pacientes da mesma habitación.

**13º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A POSTA EN MARCHA DUN PLAN INTEGRAL DE DESENVOLVEMENTO DO SECTOR FORESTAL NA PROVINCIA DE OURENSE.-**

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda a esta moción e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que defenda o contido da moción.

**D. Francisco José Fraga Civeira, do Grupo Socialista,** di que xa sabe que son horas, pero el veu aquí a falar do seu libro, neste caso da súa moción, e vai ter que estenderse un pouco. Antes de nada, dá os seus parabéns ao PP polo resultado acadado nas eleccións autonómicas, e xa lle gustaría non ter que facelo, pero o cortés non quita o valente. Da lectura á moción, co seguinte texto:

*“En breve haberá un ano que trouxemos a este plenario unha moción relativa ós incendios forestais que o ano pasado asolaron a nosa provincia. Moción que saíu adiante co voto favorable do Grupo Popular. Daquela ademais de expor as singularidades da provincia de Ourense en materia de incendios forestais acordárase: 1. Esixir á Consellería de Medio Rural e á Xunta de Galicia que activen unha política de prevención e extinción de incendios forestais que contemple as particularidades da provincia de Ourense dende a súa planificación ata a súa posta en marcha. 2. Instar á Xunta de Galicia e, especificamente, á Consellería de Medio Rural a que poña en marcha a xestión integrada de forma pública do servizo de prevención e extinción de lumes forestais na provincia de Ourense. 3. Esixir á Xunta de Galicia que desenvolva unha política de valorización da masa forestal existente na provincia de Ourense mediante políticas activas de emprego forestal e que dote orzamentariamente este desenvolvemento. Un ano despois a realidade volveunos por no mesmo lugar ou peor, con varios incendios (Oímbra, Entrimo, Muíños, Monterrei, Cualedro,...) que acadaron o nivel dous na escala de gravidade e con máis de 7.000 Ha. queimadas nestes grandes incendios, segundo as propias cifras oficiais, á espera que se oficialice o peche de campaña. E así, ano tras ano, coma se estiveramos abocados á reedición desta praga de dimensións bíblicas para a nosa terra. Dende o Grupo Provincial Socialista consideramos que non pode agardar máis a posta en marcha de medidas que*

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

vaian atallando esta problemática. Medidas que entendemos que pasan polo necesario consenso entre os diferentes partidos, porque o lume non distingue de cores políticas e porque, necesariamente, as políticas forestais son de longo percorrido. Medidas que pasan obrigatoriamente polo tan cacarexado, pero apenas implementado, desenvolvemento rural. Estamos nunha provincia que perde uns 4.000 habitantes cada ano, cun rural que esmorece, abandonado á súa sorte e cunha pirámide de poboación invertida, a cal, non vai ser doada de reverter. É o momento de tentar mudar esta situación, precisamos dun plan integral para o desenvolvemento do sector forestal. O futuro da provincia non só pasa polo termalismo, o viño, a lousa ou polo turismo, entre outros sectores. Importantes todos eles, sen dúbida, pero non hai que esquecer que a meirande parte da superficie da provincia está a monte; trátase dunha superficie que permite múltiples aproveitamentos forestais, alén do madeireiro. Superficie que ben aproveitada serviría para xerar emprego, crear riqueza e asentarse a poboación no medio rural. Cómpre cambiar as políticas contra o lume, actualmente centradas na extinción - cartos que se queiman - enfocándoas gradualmente cara políticas preventivas -cartos que producen-. E sobre todo é tempo de mudar as políticas forestais, optando, dunha vez por todas, pola posta en valor do rural, modificando un marco normativo sobrepasado pola realidade, redimensionando as pequenas parcelas que fan imposible o seu aproveitamento, fomentando a xestión conxunta das pequenas propiedades, modulando as axudas para que sexan efectivas á hora de darlle un pulo ás pequenas explotacións, ofertar facilidades e servizos para que a xente nova queira e poida vivir do rural e no rural. Son tempos de pasar dos discursos ós compromisos orzamentarios. E neste senso, esta institución provincial non pode ser allea a esta problemática que tanto afecta ó seu territorio e deberá exercer as súas competencias cando sexa mester e esixirlle a quen as teña, en caso de que non as exercite. Por todo o exposto, ademais de reiterar a implementación do acordado hai un ano, propoñemos a adopción dos seguintes acordos: 1º. Instar e cooperar coa Xunta de Galicia na posta en marcha dun Plan Integral de desenvolvemento do Sector Forestal na provincia de Ourense que poña en valor os variados recursos e aproveitamentos dos montes ourensáns. 2º. Instar ós grupos parlamentarios á aprobación dun novo marco xurídico que supere as insuficiencias do actual, sobrepasado pola realidade. 3º. Instar á Xunta de Galicia a que asuma a xestión e ordenación daqueles montes veciñais en man común que se atopan nun

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

*estado de manifesto abandono. 4º. Fomentar en colaboración cos concellos e coa Xunta de Galicia as diferentes fórmulas de xestión conxunta das pequenas parcelas privadas, ben sexa redimensionando o tamaño das mesmas ou agrupando ós propietarios. 5º. Instar á Xunta de Galicia a que estenda a cobertura do Decreto de axudas polos danos dos incendios forestais (Decreto 120 /2016, do 1 de setembro, de medidas urxentes de axuda para a reparación dos danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de agosto do ano 2016) ós lumes deste mes de setembro”.*

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG**, di que lamenta ter que estenderse neste asunto, contribuíndo ademais a prolongar a agonía do portavoz do Grupo Popular, Sr. Álvarez Dobaño, e ademais é unha mágoa ter que abordar un asunto tan triste como este; di que unha vez máis, e como ciclicamente acontece cada poucos anos, este ano o lume volta a ser o triste protagonista do verán en Galiza, con grandes incendios que máis alá do enorme dano ambiental e económico que supoñen, mesmo xeran perigo para a poboación e as súas vivendas, quedando novamente en evidencia que a existencia de determinadas condicións ambientais (seca, calor e vento) de forma prolongada automaticamente implica o inicio dunha vaga de incendios de grandes dimensións que poden arder totalmente descontrolados durante varios días; di que igualmente, e tamén con carácter cíclico, o goberno galego diante desta situación bota man do discurso da intencionalidade incendiaria, e mesmo desta volta chégase a falar de grupos organizados de carácter terrorista que actúan cun plan de actuación a escala nacional, comentando ao respecto que se ben resulta evidente a intencionalidade dos lumes, e tamén da necesidade de aplicar severos castigos a aqueles e aquelas que prenden lume de forma intencional, en todo caso dista moito de ser esta unha situación novidosa, e non existe absolutamente ningunha proba seria dunha trama organizada das características suxeridas polo Presidente da Xunta. Engade que mesmo nestes días os medios de comunicación recollen as informacións emitidas pola Xunta do constante goteo de detencións e identificacións de supostos incendiarios, pero o certo é que non se fai distinción de ningún tipo, e reciben o mesmo tratamento de terrorista organizado tanto unha persoa detida por provocar un lume de forma totalmente intencional, como unha negligencia dunha mala práctica agrícola que non ten intencionalidade. Di que o certo é que con esta estratexia da confusión practicada polo

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016**

gobierno galego o que se pretende é afastar o debate que realmente se debe de dar, que é a problemática estrutural dos incendios forestais en Galiza, e o tipo de xestión que se fai e se debe facer tanto á hora de prevelos e evitalos como de extinguilos. Neste senso, Galicia conta, segundo os datos do IV Inventario Forestal Nacional, con máis de 2 millóns de hectáreas de terreo forestal o cal, sumado ás 600.000 consideradas “improductivas” fan preto de 3 millóns de hectáreas, unha gran riqueza ecolóxica, ambiental, económica e tamén social e paisaxística que, como pobo que somos, debemos coidar e preservar, explotándoa de xeito racional; non obstante, cada ano, especialmente no verán (aínda que, debido ao cambio climático, cada vez máis fóra da época estival) sufrimos a lacra dos lumes forestais que destrúen e ameazan xa non só aos bens de natureza forestal senón, en moitos casos, bens persoais e a propia vida da xente, e se afondamos no problema atopámonos co territorio do estado español con maior número de incendios (o 50 % dos lumes do Estado español) e con maior superficie afectada, con máis de 10.000 incendios/ano que afectan, en termos xerais no período 1998-2014 a unhas 24.000/ha cada ano. Explica que detrás desta alta incidencia de lumes e das súas consecuencias agóchase unha xestión territorial deficiente (ou inexistente) e un cambio de usos do solo influenciados pola perda de poboación no medio rural en gran parte do país, perdendo peso (e á vez interese social) as actividades agrarias e facendo que o terreo forestal aumentara de xeito importante e sen organización nas últimas décadas. Ante esta situación, pregúntase qué fai a Administración na loita contra os incendios, que conta cun dispositivo baseado na extinción que nos supón á sociedade galega un custe duns 130 millóns de euros ao ano, deixando menos de 50 millóns de euros para prevención e ordenación territorial, de xeito que non se afonda nos problemas estruturais de base; no tocante ao persoal que fai fronte ás lapas obsérvase un dispositivo fragmentado en multitude de entes (públicos e privados) con precariedade laboral, desprofesionalizado, gravemente afectado por intereses privatizadores e cunha patente descoordinación que chega a supoñer riscos no combate dos lumes forestais, un operativo, á fin, fragmentado, con alto grao de precarización, desprofesionalizado e pouco formado por parte da Consellería do Medio Rural, con carencias humanas (brigadas incompletas debido a non cobertura de baixas o que pón en perigo o persoal) e materiais (parque de motobombas en mal estado), apostando por entes diversos con fins privatizadores que só sirven para desviar os fondos públicos que deberían ir destinados ao

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

persoal propio do SPDCIF e a pór en marcha un plan estratéxico amplo que reorganice e poña a producir os montes e no cal participen os propios propietarios, os técnicos, divulgadores e toda a sociedade en conxunto para minimizar os lumes forestais que asolan, cada ano, o noso país. Di que ademais existe unha negativa á creación da categoría de bombeiro forestal, co cal existe unha renuncia tácita á dotar ao país dun servizo público de extinción profesionalizado, e esta práctica cos servizos de extinción forestal tamén se lle aplica aos bombeiros urbanos e dos parques comarcais, onde tamén actúan empresas privadas e existe a mesma problemática laboral de diferentes condicións e salarios. Di que a moción do Grupo Socialista vai no sentido indicado, de posta en valor do monte, e por iso dálle a sensación de que a emenda do PP é unha emenda feita a toda presa para ter algo que emendar, porque unha emenda elaborada tería revisado punto por punto o que se propuña na moción do Grupo Socialista, e non unha proposta como a que fai o PP, que só se refire a unha parte mínima do que se propón na moción orixinal, e por tanto non ten moito sentido e semella responder unicamente a esa vontade de dispoñer dun texto alternativo que desvirtúe o orixinal, tal como veñen denunciando reiteradamente.

**Don Armando Ojea Bouzo, portavoz de Grupo de DO,** di que a súa sensibilidade no tema dos incendios é máxima, como demostra o feito de que decálogo do seu partido para as eleccións autonómicas dedicaba a este asunto un dos seus puntos. Di que o seu partido tiña a esperanza de poder interferir na toma de decisión no Goberno de Galicia, e mantén esa esperanza para o futuro, porque é no Goberno galego onde están as competencias para poder facer fronte a esta problemática, sen prexuízo de que algunhas cousas se poidan facer dende a Deputación, e lembra así que nalgunha moción anterior de DO, que foi rexeitada, se falaba da necesidade de ter roxados os camiños para previr os incendios. Vanse abster nesta moción, porque é coñecida a súa actitude acerca de todo o que sexa “instar a”, sen maior capacidade de presión, e centrarán os seus esforzos en chegar ao Goberno da Xunta, onde poderán facer algo positivo e pragmático para acabar con esta lacra, e en todo caso si se podería pensar en accións da Deputación que puideran contribuir a resolver o problema, pero todas esas propostas da moción socialista, que son unha colección de boas intencións e instancias á Xunta, agora mesmo non as van apoiar, aínda que tampouco votarán en contra.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

**Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular,** agradece a preocupación pola súa saúde dos portavoces socialista e do BNG, pero advirte ao Sr. Rodríguez Suárez que aínda non está a agonizar. Dille ao Sr. Fraga Civeira, a quen considera unha persoa seria e coherente, que lle da a sensación de que nesta ocasión se deixou levar pola presión do oportunismo da campaña electoral, e lembra que a moción se presento o 16 de setembro, e advirte que persoalmente el se nega a facer política cos incendios forestais, governe quen governe e teña a culpa quen a teña, porque é unha desgraza para todos e non é cousa de dicir que ten agora a culpa a Núñez Feijoo, como tampouco no pasado, no ano máis negro da historia de Galicia, a tivo o Sr. Touriño ou aquel conselleiro do BNG, que foi un bo conselleiro, por certo. Pide que falemos claro e nos deixemos de demagoxias oportunistas. Entrando na moción, di que o que se sinala nos puntos 1 e 2 corresponde ao Parlamento de Galicia, que se vai constituír en breve coa composición que decidiron os galegos e galegas, e a eles corresponde legislar ao respecto. Di tamén que algunhas propostas da moción son inviables, agás que se dese, no relativo aos puntos 3 e 4, un excesivo intervencionismo da Xunta ou doutras administracións públicas. Con respecto ás axudas das que fala no punto 5, di que quere adiantarlle ao Sr. Fraga Civeira que así será, porque ese é o firme compromiso do Presidente da Xunta e das consellerías con competencias na materia. Polo tanto, o seu grupo vese na obriga de propoñer a emenda de substitución presentada.

**Don Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista,** di que agradece as opinións manifestadas polo portavoz nacionalista, pois comparte no esencial o seu punto de vista, e lamenta a abstención de DO, e di que este é un problema de xestión do territorio da provincia, e cre que a Deputación ten algo que dicir sobre o propio territorio, porque ademais os incendios en Ourense teñen unha serie de peculiaridades, e non debemos ser alleos a isto. Dirixíndose ao Sr. Álvarez Dobaño, di que tamén el o respecta, polo seu talante político e por outras cuestións, pero cre que non hai o oportunismo político que denunciou na súa intervención, porque os incendios son agora, aínda que coincidisen co período electoral, e neste senso fai seus os argumentos expresados polo Sr. Anta Rodríguez no debate da moción sobre o AVE. Di que si a súa vontade fose a de atribuír culpas, a moción sería doutro xeito, e podía terse posto a falar de mangueiras o a poñerlle nomes aos autores da política forestal, que teñen nomes e apelidos, pero non vai nese sentido a

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

moción, na que pode ver que non se atribúen responsabilidades a un partido ou outro, porque considera que é o momento de poñerse a traballar sobre este tema., e por iso falou da necesidade dun consenso político neste asunto. Sabe que son competencias da Xunta, pero algo teremos que dicir dende a provincia, e de feito, durante o debate o Sr. Gómez García, do seu grupo, propuxo a creación dun grupo de traballo sobre este tema na Deputación, cuestión que propón agora como emenda *in voce*, o que demostra que non hai ningún tipo de vontade de utilización política desta problemática. Polo que respecta ao terceiro punto da moción, di que a Lei de Montes atribúe unha serie de competencias á Xunta de Galicia, e non é intervencionismo, a propia lei o di, cando os montes veciñais e man común están en estado de abandono é a propia normativa vixente a que di que debe asumir a xestión a Xunta, porque se os titulares non botan man del, alguén terá que facelo, e pasa o mesmo coas pequenas parcelas privadas, e algo haberá que facer ao respecto, sendo partidario dunha política de fomento, unha política de cenoria e non de pau, porque os propietarios son moitas veces xente maior á que hai que axudar a poñer en explotacións os seus bens. Con respecto á emenda do PP, di que non a meteu porque en parte, o do control dos riscos hidrolóxicos, xa ben contemplada na disposición adicional 2ª do Decreto que antes mencionou. En todo caso, pide ao Grupo Popular que en aras da política de colaboración da que falou o Sr. Presidente na sesión inaugural, modificasen a súa emenda de substitución por unha emenda de adición, que complete a moción coa engádegas dos puntos propostos polo PP e coa emenda *in voce* que lle propuxo o Sr. Gómez García e que comentou antes.

**Don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG**, di que dende logo non foi intención do seu grupo facer demagogia co tema dos incendios, e en todo caso entende que o Sr. Álvarez Dobaño se refería a non facer partidismo co tema dos incendios, porque política é o que vimos facer aquí, e facer política é criticar neste caso as políticas forestais da Xunta, que non son acertadas e son as causantes desta situación; e se falamos de demagogia, hai que lembrar, e non é moi agradable, que foi o PP o que comezou facéndoa, e non quere lembrar aquí a famosa foto do Sr. Núñez Feijoo ou que nada máis chegar o conselleiro do BNG, ao que o portavoz popular cualificou como bo, e cando apenas tomara posesión, xa lle estaban pedindo a dimisión dende o PP por este tema. Di que para o BNG os principais problemas nesta materia son os seguintes: primeiro, a



|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

existencia desde hai anos dunha política de abandono total e absoluto do rural galego, porque os datos en canto á avellentamento e despoboamento son demoledores, ao igual que os de actividade económica, e se falamos de actividade agraria e láctea, os datos aínda son peores no referido ao abandono de explotacións e altas e baixas na actividade agraria na seguridade social; este abandono do rural ten consecuencias brutais nas novas características dos incendios en Galicia, e a pesar de que a Conselleira do Medio Rural o negue no Parlamento, explican os grandes incendios e o achegamento ás casas dos lumes, situación que antes non acontecía; outras causas son a falta de limpeza do perímetro dos núcleos de poboación, polo avellentamento ou abandono dos seus habitantes, e a falta de aproveitamento dos montes, polo mesmo motivo, así como a proliferación de especies de crecemento rápido, máis pirófitas que outras especies, dado que moitos propietarios non residen xa neses concellos e só queren uns ingresos rápidos dos recursos forestais sen que ocasione gasto, e a falta dunha planificación forestal e territorial por parte da Xunta. Di para o BNG, só coa recuperación do rural galego como un medio vivo, con actividade económica, e co entendemento da superficie forestal como un ben valioso e un recurso económico que pode xerar moitos empregos neste país se poderá realmente poñer freo e minimizar un problema que ano tras ano, e dependendo das condicións meteorolóxicas, evidencia a desastrosa situación do rural de Galicia. En suma, defende que hai que dar un xiro de 180 ° na política forestal galega, priorizando as cuestións que acaba de explicar e non a extinción, que é un paliativo cando temos o lume e os problemas enriba. En canto á proposta dun grupo de traballo, parécelle positiva e participarían nese grupo de boa gana. Votará a favor da moción e en contra da emenda do PP.

**Don Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de DO,** considera unha boa idea a da constitución dunha mesa de traballo, para tratar de buscar solucións, e di que hai moitas cousas que facer ao respecto, por exemplo, se lle ocorre que habería que falar cos medios de comunicación para que reducisen a cobertura mediática dos incendios, porque, ao igual que sucede cos suicidios, se sabe que esa resonancia mediática incita aos pirómanos a actuar. Di que é un asunto no que debería acadarse un pacto entre as forzas políticas, como se fixo en materia de terrorismo, porque é algo de sentido común, e hai moitas cousas que facer ao respecto, e lembra unha conversa de hai anos co deputado Sr. Doval Soto, que probablemente non se lembre xa, na que o Sr. Doval lle dicía que hai anos eramos pastores

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

de ovellas e agora teríamos que ser pastores do monte. Reitera a súa abstención porque se trata dun asunto de competencia doutras administracións, e recolle a luva da proposta dunha mesa de *brainstorming* ou tormenta de ideas entre os grupos políticos, aínda que habería que implicar máis colectivos, como os sindicatos ou os profesionais do sector.

**Don Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular,** amósase de acordo co Sr. Ojea, no sentido de que apartemos a política partidista, porque a iso se refería, en efecto. Dille ao Sr. Fraga Civeira que non é que non haxa que profundar na política forestal, senón que correspóndelle a outros, e concretamente a Xunta e ao Parlamento de Galicia, onde todos temos representantes, agás o Sr. Jácome, que perdeu unha aposta con el sobre as eleccións. Sobre a proposta da mesa de traballo, di que a dirixan ao Sr. Presidente, e a estudará. Con respecto á colaboración da Deputación nas políticas forestais, di que é evidente, ten colaborado con persoal e con maquinaria, e nalgún incendio recente houbo maquinaria desta Deputación traballando a altas horas da noite, e sen esquecer as rozadoras da Deputación e o programa de cooperación para os traballos de roza, é dicir, si hai unha colaboración no que se pode. En canto ás posibles solucións, dille ao Sr. Rodríguez Suárez que algunhas das que implantou o BNG cando gobernou, como o banco de terras ou determinados investimentos en colaboración coas comunidades de montes para escapar ao control dos concellos, non tiveron éxito, porque ideas para a galería moitas, pero logo na realidade é máis complicado. Para rematar, da uns datos sobre a situación forestal de Galicia, facilitados pola Xunta, co detalle dos datos dos incendios sufridos e as medidas previstas para atallar esta situación, incluíndo as liñas de axuda abertas para a reparación dos danos.

**Don Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista,** lamenta que Grupo Popular non cambiara a emenda de substitución por unha de adición, e di que as medidas que estea a adoptar a Xunta – que descoñecía porque non todos dispoñen da información privilexiada que manexa o Sr. Álvarez Dobaño – non quita para que se puidese adoptar o acordo proposto polo seu grupo, coa adición das propostas do Grupo Popular, porque cre que todos nos sentiríamos cómodos coas propostas que hai aquí, e está moi ben preocuparse polos efectos do queimado, pero tamén hai que preocuparse para que o que non ardeu non arda o ano que ven, e a súa moción ía nese senso, igual que sería positiva a constitución dun grupo de traballo, e di que o grao de execución dos orzamentos da Xunta

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

para axudas a comunidades de montes en Ourense son moi baixos, e ese é un dato máis que debe terse en conta, e esa é a realidade e o problema que temos.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto décimo terceiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo terceiro](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda do Grupo Popular, que é aprobada co voto favorable do Grupo Popular (13), o voto en contra do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención de Democracia Ourensana (2).

Seguidamente sométese a votación a moción do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) o voto en contra do Grupo Popular (13) e a abstención de Democracia Ourensana (2).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a continuar desenvolvendo actuacións de control dos riscos hidrolóxicos erosivos asociados aos incendios forestais deste verán, así como liñas de axuda para paliar os danos causados por estes, e para fomentar os investimentos no sector forestal.

**14°.- MOCIÓNS DE URXENCIA.**- Non se presentan.

**15°.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DE DELEGACIÓN NO DEPUTADO DELEGADO DE ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL, DON JORGE PUMAR TESOIRO, DE ATRIBUCIÓNS PROPIAS DA PRESIDENCIA.**

Dáse conta do seguinte Decreto da Presidencia do 26 de setembro de 2016:

*“Unha vez vistas as atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e demais normativa concordante.*

*Visto, igualmente, o decreto do 16 de xullo de 2015 (BOP n.º 169, do 24 de xullo de 2015) de delegacións de competencias nos deputados delegados da Deputación Provincial,*  
**DISPOÑO:**

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

*1º.- Delegar no deputado delegado de administración provincial, don Jorge Pumar Tesouro, as seguintes atribucións propias da Presidencia:*

- *A incoación e resolución de tódolos expedientes instruídos polo Negociado de Formación da Área de Administración Xeral da Deputación.*
- *Na delegación conferida inclúese a facultade de ditar actos administrativos con efecto fronte a terceiros e a facultade de resolución dos recursos ou reclamacións que se interpoñan en vía administrativa.*

*2º.- O exercicio das atribucións delegadas levarase a cabo con estrita suxeición á normativa vixente.*

*3º.- A delegación conferida producirá efectos a partir do día da data, sen prexuízo da súa publicación no BOP.*

*4º.- Ordena-la publicación desta resolución no BOP e darlle conta ó Pleno na primeira sesión que teña lugar”.*

**16º.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:**

En cumprimento do establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das seguintes relacións de decretos:

- Presidencia: meses de xullo e de agosto de 2016 e dos seguintes adicionais: 3º de abril e 1º de xuño de 2016.
- Deputado delegado de Facenda: meses de xullo e de agosto de 2016 e dos seguintes adicionais: 2º de maio e 1º de xuño de 2016.
- Deputado delegado de Administración Provincial: meses de xullo e de agosto de 2016.
- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: meses de xullo e de agosto de 2016.

**17º.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Non se formulan.

|  |
|--|
| <b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de setembro de 2016</b> |
|--|

E, ás 15.30 horas do día trinta de setembro do ano dous mil dezaseis, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**